


PLENO DO PARLAMENTO

9 de outubro de 2018

10.00 horas

V2



A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 9 de outubro de 2018, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 18 de setembro de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Debate anual sobre política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 36952, 10/DEBA-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 26/09/2018 18:57:42

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Flora María Miranda Pena	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Patricia Otero Rodríguez	S
Rosa Oubiña Solla	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura

(actualizada 9 de outubro de 2018)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Alvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Angeles	P			
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
5. Blanco Paradelo, Moisés	P			
6. Blanco Rodríguez, Noela	S			
7. Cal Ogando, Marcos	EM			
8. Casal Vidal, Francisco	EM			
9. Castiñeira Broz, Jaime	P			
10. Chao Pérez, Luca	EM			
11. Cuña Bóveda, María de los Angeles	EM			
12. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
13. Egerique Mosquera, Teresa	P			
14. Fernández Fernández, Raúl	S			
15. Fernández Gil, César Manuel	P			
16. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
17. Fernández Prado, Martín	P			
18. García Míguez, María Angeles	P			
19. Gómez Salgado, Carlos	P			
20. Lago Peñas, José Manuel	EM			
21. Losada Alvarez, Abel Fermín	S			
22. Mato Otero, Beatriz	P			
23. Miranda Pena, Flora María	EM			
24. Moreira Ferro, Jacobo	P			
25. Mouriño Villar, Antonio	P			
26. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
27. Novo Fariña, María Isabel	P			
28. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
29. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
30. Otero Rodríguez, Patricia	S			

31. Oubiña Solla, Rosa	P			
32. Pazos Couñago, José Alberto	P			
33. Pérez Seco, José Manuel	S			
34. Pierres López, María Luisa	S			
35. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
36. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
37. Prado del Río, Paula	P			
38. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Rey Varela, José Manuel	P			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Angel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Torregrosa Sañudo, Julia	EM			
59. Trenor López, Gonzalo	P			
60. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel	P			
61. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
62. Vázquez Verao, Paula	EM			
63. Vega Pérez, Daniel	P			
64. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
65. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

66. Quintana Carballo, Rosa María	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. González Vázquez, José	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.10.2018 Hora: 10:00
Orde do día

1. Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 36952, 10/DEBA-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, 19.09.2018



XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

17 SET. 2018

Núm. 36952

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

17 SET. 2018

SAIDA

Num. 292

No artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, establécese -no seu primeiro inciso- que a Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comezo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral.

Neste inicio do novo período de sesións, solicito, en nome da Xunta de Galicia, que a celebración dese debate de política xeral teña lugar nunha sesión plenaria no vindeiro mes de outubro.

Esta sesión tería un único punto na orde do día:

"Comparecencia do Presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia".


Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza




Alfonso Rueda Valenzuela

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Ordenación do debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2018 e apertura de prazo para presentar propostas de resolución.

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, conforme ao disposto no artigo 141**bis** do Regulamento do Parlamento de Galicia, na reunión do día 18 de setembro de 2018, acorda a seguinte ordenación do debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia de 2018:

A) Presentación da comunicación do goberno e intervención dos grupos parlamentarios

Martes día 9 de outubro de 2018, ás 10.00 horas, presentación da comunicación do Goberno por parte do presidente da Xunta, sen límite de tempo.

Trala súa exposición, se suspenderá a sesión, que se reiniciará pola tarde, ás 16.00 horas, para que tomen a palabra os representantes dos grupos parlamentarios, por orde de menor a maior importancia numérica.

A distribución de tempos é a seguinte:


- Unha primeira intervención dun máximo de 35 minutos para cada grupo parlamentario.
- Posible suspensión por 15 minutos.
- O presidente do Goberno poderá contestar aos grupos parlamentarios de maneira illada ou conxunta sen límite de tempo.
- Unha quenda de réplica dun máximo de 10 minutos para cada Grupo.
- Contrarréplica do presidente.

Suspensión da sesión ata as 11 horas do xoves 11 de outubro de 2018.

B) Presentación de propostas de resolución

Unha vez concluído o debate, abrírase o prazo para a presentación de propostas de resolución, que terminará o mércores 10 de outubro de 2018, antes das 10.30 horas.

Os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non



poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta. As propostas serán cualificadas pola Mesa da Cámara o mércores 10 de outubro de 2018, ás 12.00 horas.

As transaccións e propostas de votación separada serán presentadas polos grupos parlamentarios á Mesa antes das 22.30 horas do mércores, 10 de outubro de 2018.

As propostas de resolución transaccionadas serán cualificadas pola Mesa ás 9:30 horas do 11 de outubro de 2018.

C) Debate e votación das propostas de resolución

As propostas de resolución, debateranse e votaranse o día 11 de outubro de 2018, xoves, a partir das 11.00 horas.

Os grupos parlamentarios intervirán en orde de menor a maior importancia numérica, e contarán cunha quenda de 20 minutos para defendelas.

Rolda de fixación de posición dos grupos de 10 minutos.

Votación.


Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso, Vicepresidente 1º na data 20/09/2018 10:55:06

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sr. portavoz do G.P. de En Marea
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Sr. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

1. Procedementos de control e impulso

1.1. Comunicacóns da Xunta de Galicia

1.1.1. Debate de política xeral

Cualificación das propostas de resolución presentadas en relación co debate de política xeral de 2018

A Mesa do Parlamento examina as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2018.

Tendo en conta o disposto no artigo 141*bis* do Regulamento da Cámara e os criterios de cualificación establecidos pola a Mesa da Cámara o 18 de setembro de 2018, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, en virtude dos cales os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta, e logo de rematado o prazo concedido ao Grupo Parlamentario de En Marea para reformular as propostas de resolución números 2 e 39 e ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para reformular a proposta de resolución número 33, co obxecto de axetalas ao disposto nos citados precepto regulamentario e criterios, estes grupos parlamentarios presentaron reformuladas as ditas propostas de resolución.

En consecuencia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

A) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 38512): 40 propostas de resolución presentadas

Admítense a trámite as 40 propostas de resolución, unha vez reformulada a proposta de resolución número 33 (doc. núm. 38519).

B) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 38504): 40 propostas de resolución presentadas

Admítense a trámite as 40 propostas de resolución.

C) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario de En Marea (doc. núm. 38505): 40 propostas de resolución presentadas

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. de En Marea.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

a) Admítense a trámite as propostas de resolución 1 a 38 e 40, unha vez reformulada a proposta de resolución número 2 (doc. núm. 38518).

b) En relación coa número 39, concedéuselle ao grupo parlamentario un prazo que rematou ás 12.45 hs. para que procedese á reformulación da proposta dado que a súa parte resolutiva está enunciada en termos xerais, polo que non semella acorde co seu título: “Explosión material pirotécnico Paramos-Tui”, que ten carácter local.

No escrito de reformulación (doc. núm. 38518), presentou redacción seguinte:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a indemnizar ás persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico en Paramos-Tui, que perderon as súas vivendas, habituais ou segunda residencia, polo importe íntegro do valor da súa reconstrución e incluír as deducións fiscais autonómicas comprometidas do proxecto de Lei de orzamentos xerais da Xunta de Galicia para 2019.

Resulta evidente que se trata dunha proposta de índole local ao afectar a unha localización xeográfica concreta: Paramos-Tui, motivo polo que non se adecúa ao disposto no art. 141bis.4 do RPG e aos criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 18 de setembro de 2018 logo da audiencia da Xunta de Portavoces, no senso de que as propostas de resolución deben referirse ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta, criterios que lles foron comunicados a todos os grupos parlamentarios para o seu coñecemento o 20 de setembro de 2018 (doc. núm. 11102).

Xa que logo, a Mesa acorda:

Non admitir a trámite a proposta orixinaria número 39 nin a súa reformulación, polo motivo regulamentario antes indicado.

c) Fanse de oficio as correccións técnicas que se indican a continuación na proposta de resolución número 15:

Onde di: “...acorda dirixirse ao Parlamento Europeo” e “...insta ao Goberno do Estado...”, debe dicir: “...acorda dirixirse á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Parlamento Europeo...” e “... insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado...”, respectivamente.

D) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular (doc. núm. 38511): 40 propostas de resolución presentadas

a) Admítense a trámite as 40 propostas de resolución.

b) Fanse de oficio as correccións técnicas que se indican a continuación nas propostas de resolución seguintes:



PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL SAÍDA 10 OUT. 2018 Núm. <u>11722</u>

-Proposta de resolución núm. 15: onde di: "...elaboración dunha nova Lei..." debe dicir: "...dun proxecto de Lei..."

-Proposta de resolución núm. 30: onde di: "...elaboración dunha Lei..." debe dicir: "...dun proxecto de Lei..."

Lémbraleslle á Cámara que o que se somete á votación é a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.

O que se comunica para o coñecemento dos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:
Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 10/10/2018 13:50:25

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sr. portavoz do G.P. de En Marea.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e de acordo coas previsións establecidas por esa mesa, para o Debate de Política Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2018, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes propostas de resolución.

Resolución número 1

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia no ámbito da cooperación e concertación coas administracións locais a:

1) Abordar para o ano 2019 a aprobación dun proxecto lei de financiamento local acordada coa Fegamp no que, clarificando as funcións competencias municipais e o seu debido financiamento, se inclúa a normativa xeral para o reparto do Fondo de Compensación Interterritorial, así como o establecemento dos principios para garantir un reparto obxectivo e transparente das subvencións autonómicas.

2) Contemplan a partir dos orzamentos para o ano 2019:

- a) A recuperación do financiamento incondicionado aos concellos, cando menos, aos niveis do exercicio de 2008.
- b) As contías necesarias para asumir o custe total do mantemento dos centros de educación primaria e dos centros de saúde, tal e como establece o Pacto local.

Resolución número 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover a posta en marcha das áreas metropolitanas, retirando o recurso presentado en relación á Área Metropolitana de Vigo e impulsando o acordo cos concellos que conformarán a Área Metropolitana da Coruña, ao tempo que impulsar e colaborar na posible constitución de consorcios ou órganos de transporte conxunto naquelas áreas que así o decidan, sen que o seu funcionamento se deba supeditar necesariamente a directrices ou plans exclusivamente autonómicos.

Resolución número 3

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar as actuacións necesarias para favorecer a nova senda de consolidación fiscal promovida polo Goberno de España que flexibiliza a marxe de déficit público para 2019, o que suporá cerca de 6.000 millóns máis para o conxunto das administracións públicas, ao tempo que a apoiar que o obxectivo de déficit para Galicia se estableza no 0,3 % do PIB fronte ao 0,1 % previsto polo Goberno anterior, o que aumentará a posibilidade de gasto nunha contía de 120 millóns de euros adicionais no exercicio do ano que vén.

Resolución número 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir o dereito de toda a cidadanía a acceder e coñecer o patrimonio artístico cultural de Galicia, e para iso adoptará como mínimo as seguintes accións:

- 1) Desenvolver as medidas oportunas para garantir a toda a cidadanía a visita libre e gratuíta ao Pórtico da Gloria e a todos os bens de interese cultural propiedade da Igrexa Católica, tal como establece a *Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia*, no seu artigo 48. Os días e horas desta apertura libre estarán debidamente indicadas e publicitadas, non podendo coincidir coas horas de culto.
- 2) Acordar coa Igrexa Católica a visita libre e gratuíta nos termos que fixa o dito artigo da Lei 5/2016, a todo o patrimonio arquitectónico de valor cultural da súa propiedade que nalgún momento recibise subvencións e/ou axudas económicas de calquera outro tipo de administracións públicas para a súa rehabilitación, conservación ou mantemento.
- 3) Establecer como criterio para outorgar subvencións ou axudas da Xunta de Galicia á Igrexa Católica para a rehabilitación, mantemento ou conservación do seu patrimonio histórico-artístico o feito de que esta non cobre entrada para coñecer e visitar os bens a manter ou restaurar.

Resolución número 5

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir a democratización do acceso aos estudos universitarios sen que ningún poda ser excluído polas súas condicións económicas; así como a facer os estudos de mestrado máis competitivos para aumentar as posibilidades do alumnado a acceder ao mercado laboral, e para iso debe adoptar como mínimo ás seguintes medidas:

- 1) Establecer unha negociación coas tres universidades de Galicia co fin de revisar o sistema de taxas académicas actuais e garantir a gratuidade da primeira matrícula en todos os títulos de graos do Sistema universitario de Galicia, de maneira que no prazo de catro anos sexan eliminadas as taxas de todas as primeiras matrículas e se mellore a eficiencia do sistema. Esta revisión do sistema levará aparellada a compensación económica ás universidades.
- 2) Poñer en marcha un sistema propio de axudas aos estudos de mestrado impartidos nas tres universidades de Galicia que cubra, non só o pago da matrícula, senón tamén os gastos básicos do alumnado para conseguir que todo o estudiantado poda acceder a cursar un deles, e así ter máis oportunidades para adquirir coñecementos e acceder ao mercado laboral, sen verse limitado polas súas condicións económicas.
- 3) Adoptar un acordo coas tres universidades de Galicia para implantar as medidas necesarias que fagan máis competitiva internacionalmente a oferta de mestrados, que debe ser aumentada en todas as áreas de coñecemento, garantíndolle a Xunta de Galicia a todos os títulos de mestrado o tempo e condicións que lles permitan consolidarse.

Resolución número 6

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear unha comisión independente de carácter técnico, especializado e pluridisciplinar onde estean presentes, polo menos, representantes das tres universidades galegas, da Real Academia Galega, do Consello da Cultura Galega e do Instituto da Lingua Galega, co fin de poñer en marcha as accións seguintes:

- 1) Realizar un estudo exhaustivo das consecuencias da aplicación do Decreto 79/2010 e a súa relación coa diminución do uso do galego nas idades máis temperás.
- 2) Elaborar e presentar en sede parlamentaria, un informe sobre o grado de cumprimento do Plan xeral de normalización lingüística, detallando por sectores a situación real da lingua galega no seu uso como lingua oficial, co fin de adoptar as medidas necesarias para reaccionar fronte á situación de involución e deterioro que está a vivir.

Resolución número 7

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Adoptar urxentemente as medidas necesarias, coa dotación orzamentaria pertinente, para cumprir a Lei 52/2007, do 26 decembro, *pola que se recoñece e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura*, e en particular o referente a facilitar a busca, localización, recuperación e identificación das vítimas da guerra civil e a ditadura, apoiando para iso institucional e economicamente aos familiares e ás asociacións da memoria histórica, e á retirada dos símbolos e monumentos que honren a memoria dos vencedores ou conmemoren a sublevación militar, a guerra civil ou a ditadura.
- 2) Dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle que poña todos os medios necesarios para rematar, coa maior celeridade posible, o informe xurídico que está a elaborar con fin de acadar a incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público, colaborando lealmente para conseguir o dito obxectivo.

Resolución número 8

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un conxunto de medidas que acrecenten a política de recursos humanos da Consellería de Sanidade, co obxectivo de mellorar a calidade asistencial e as condicións laborais dos e das profesionais do sistema público de saúde, e reducir as listas de espera. A tal efecto, desenvolveranse de maneira específica as seguintes medidas:

- 1) Solicitar ás xerencias das EOXI (Estrutura Organizativa de Xestión Integrada) un informe específico da situación de recursos humanos especificado por cada servizo, que contemple a situación laboral do persoal, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, e inclúa unha valoración da necesidade ou non da incorporación de novos profesionais ao sistema.
- 2) Atender ás recomendacións sinaladas no informe apuntado no punto anterior, e elaborar un plan de contratación que subsane as eivas detectadas no menor tempo posible.
- 3) Formular, durante o primeiro semestre de 2019, un plan estratéxico de estabilidade e contratación no Sergas cos obxectivos de acadar en 2022 a) o 5 % de eventualidade, e b) un volume próximo ás 5.000 novas prazas estatutarias sobre as existentes na actualidade e para tal fin:
 - a) Elaborarase un informe do volume preciso de eventualidade no sistema actual, distribuído por EOXI.
 - b) Deseñará as medidas e liñas básicas de accións para achegarse ao obxectivo marcado.
 - c) Planificará as convocatorias públicas de emprego para os vindeiros tres anos.
 - d) Acordará cos representantes dos traballadores un pacto de contratación que incorpore de maneira estable o cadro de persoal estatutario a todos/as aqueles/as profesionais que teñan encadeado contratos eventuais de maneira regular no Sergas por un volume igual ou superior aos 300 días durante dous anos.
- 4) Axilizar o proceso de negociación cos representantes das persoas traballadoras sobre as condicións laborais dos/as profesionais dos PAC, co fin de chegar a un acordo á maior brevidade posible.
- 5) Acordar co Goberno de España a facilitar e axilizar os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios e facultade de medicina da USC para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.

Resolución número 9

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer un programa de mellora de infraestruturas de atención primaria que co horizonte 2020, elabore un informe de necesidades e impulse a realización, como mínimo, de 20 novos centros de saúde en Galicia, e destine durante estes exercicios orzamentarios unha partida anual mínima de 10 millóns de euros dedicados en exclusividade á mellora de centros de saúde.

Resolución número 10

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas para a mellora dos servizos no ámbito da sanidade:

- 1) Desenvolver nun prazo de tres meses un catálogo de servizos sanitarios que se consideran básicos dentro do sistema sanitario público de Galicia, co fin de que permanezan implantados e en funcionamento dentro de todos os centros hospitalarios públicos de Galicia.
- 2) Dotar os centros hospitalarios públicos de Galicia dos recursos materiais e humanos necesarios para manter os citados servizos sanitarios básicos con persoal e capacidade asistencial en cada un deles, sen que a atención dependa fundamentalmente da presenza rotatoria de profesionais entre distintos hospitais.
- 3) De maneira específica, afrontar as melloras solicitadas polos profesionais e persoas usuarias e dotar dos recursos materiais e humanos necesarios para ofertar de maneira integral o Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día nos centros hospitalarios de Lugo e Ourense.

Resolución número 11

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar as modificacións normativas precisas co obxecto prohibir as gasolineiras “desatendidas” ou sen persoal empregado, garantindo que todas elas teñan, cando menos, unha persoa de atención ao público, co obxecto de garantir a seguridade e accesibilidade dos seus usuarios e usuarias.

Resolución número 12

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer as prioridades e obxectivos cuantitativos e verificables para os sectores industriais, primando nese contexto a formación de traballadores e traballadoras naqueles sectores que o demanden, ao tempo que recuperar o papel do Igape como axente financeiro do investimento produtivo galego, avanzando na ampliación das liñas de financiamento do BEI que se atopaban abertas en 2009; así como dos demais instrumentos financeiros comunitarios dispoñibles, revertendo a caída orzamentaria dos anos da crise, con incrementos, polo menos, similares ao crecemento do PIB e deseñando un plan específico de actuacións que permita elevar a execución orzamentaria ata os niveis previos á crise, nun prazo de dous anos.

Resolución número 13

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a potenciar as medidas para a recuperación e impulso en materia de I+D+i, para o cal deberá recuperar os niveis de financiamento público en I+D+i do ano 2009, ao longo dos dous vindeiros exercicios orzamentarios, ata 2020, con incrementos anuais que se sitúen un 50 % por riba do crecemento previsto para o PIB; de maneira que nos podamos aproximar á media española e europea. Así como recoller nos orzamentos e avalar as reivindicacións demandadas polo colectivo *Carta pola Ciencia*, nun prazo de tres anos.

Resolución número 14

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as seguintes actuacións para a mellora do sistema educativo:

- 1) Abrir un proceso de participación democrática e debate no que se inclúan todos os sectores e axentes participantes no sistema educativo, tal que estimule consensos e acordos e facilite vías diversas e plurais de participación do conxunto da sociedade galega e, en especial, dos sectores da comunidade educativa, axentes sociais e expertos máis implicados coa educación, coa finalidade de dispoñer dunha lei galega de educación.
- 2) Revisar e adecuar ás necesidades reais o mapa escolar de Galicia.
- 3) Revisar o modelo de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente e cos parámetros de calidade axeitados, implantando un modelo sostible e coa participación necesaria da Administración local.
- 4) Desenvolver un plan de actuación de mantemento e adecuación dos edificios escolares que, tendo en conta a antigüidade e o uso, estableza un calendario de actuacións axeitado.
- 5) Aproveitar con maior eficiencia o servizo de transporte escolar, e facelo accesible ao alumnado do rural que desexe cursar ensino post obrigatorio e non dispoña dun servizo regular de transporte.

Resolución número 15

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as seguintes actuacións para a mellora da mobilidade:

- 1) Abrir unha mesa de negociación, onde estean representados os sindicatos, os concellos, as organizacións empresariais, as ANPA e o transporte metropolitano, cara á definición dun novo modelo do mapa concesional do transporte de Galicia, incluíndo as dotacións orzamentarias necesarias para o seu financiamento, e presentando na Cámara galega unha proposta sobre as alternativas no Plan de transporte público de Galicia, tramitándose de acordo ao artigo 142 do Regulamento.
- 2) Aprobar un plan director de mobilidade alternativa de Galicia, que contemple a creación dunha rede de infraestruturas ciclistas de carácter interurbán e metropolitano, a remodelación das vías en Galicia, de maneira que teña en conta a seguranza viaria dos usuarios da bicicleta e a programación de estratexias complementarias para que a bicicleta, en solitario ou en combinación co transporte público colectivo, substitúa ao automóbil, fomentando a intermodalidade.

Resolución número 16

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover á mellora das infraestruturas de comunicación no transporte terrestre, para o que, entre outras actuacións, deberá:

- 1) Aprobar de acordo coa normativa vixente e previa presentación na Cámara galega no próximo semestre, o *plan director de estradas de Galicia*, fixando un cronograma con compromisos orzamentarios e prazos realistas para levar a cabo as infraestruturas viarias pendentes, tal que se recupere no período 2019-2022, canto menos, as previsións que contiña o denominado Plan MOVE.
- 2) Axilizar a construción das estacións intermodais pendentes nas sete principais cidades de Galicia.
- 3) Demandar ao Goberno do Estado que lle dea o impulso necesario ás obras públicas de vital importancia para o noso territorio, tales como:
 - a) LAV Madrid-Galicia: garantir a construción e posta en servizo con plenas características de alta velocidade na súa integridade, tal e como foi planificada e contratada, blindando a súa construción e posta en servizo en plataforma de vía dobre na integridade do seu trazado e nos prazos comprometidos, de acordo coa petición unánime da Cámara galega, para que poida estar funcionando en probas no ano 2019.
 - b) Avanzar na construción Taboada - Ourense para garantir a conclusión do LAV Madrid – Galicia con plenas características de alta velocidade.
 - c) Completar o informe ambiental con rapidez na liña Vigo - Ourense por Cerdedo.
 - d) Dotar dos máximos sistemas de seguridade nos percorridos ferroviarios de alta velocidade.
 - e) Avanzar na modernización da conexión ferroviaria A Coruña - Ferrol.
 - f) Avanzar na saída ferroviaria sur: Vigo-Portugal.
 - g) Avanzar no corredor ferroviario atlántico de mercadorías.
 - h) Reactivar o desenvolvemento da conexión ferroviaria de alta velocidade entre Lugo, Monforte e Ourense, avanzando nos tramos en fase de proxecto.
 - i) Autovías: activar o desenvolvemento da A-59 e A-57 libre de peaxe entre Pontevedra, Vigo e A-52; alternativa na A-55 Vigo – Porriño; licitar a redacción dos proxectos da A-76 tendo en conta todas as cautelas medioambientais que afecten a bens patrimoniais e culturais da Ribeira Sacra; e licitar a redacción dos proxectos dos tramos da A-82 San Cibrao-Barreiros e conexión coa A-8.
 - j) Avanzar na construción da autoestrada Lugo-Ourense (A-56) e continuar ca construción da autoestrada Santiago-Lugo (A-54).

Resolución número 17

O Parlamento de Galicia referenda a petición de traspaso da AP-9 de acordo co Proxecto de lei aprobado por unanimidade na Cámara galega, e insta a Xunta de Galicia a negociar na Comisión Mixta existente ao efecto, a liberación da peaxe no entorno de Redondela e a posibilitar fórmulas co obxectivo de non trasladar ás peaxes os custes derivados de convenios existentes entre o Ministerio de Fomento e a empresa concesionaria pendentes de aplicación, evitando así a suba anual acumulativa deses importes nas tarifas.

Igualmente, en relación ás peaxes nas autoestradas competencia da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia remitirá á Cámara galega no prazo máximo de catro meses, as análises ou estudos precisos para proceder no ano 2019 á liberalización das peaxes nas autoestradas AG-57 Puxeiros – Val Miñor e AG-55 A Coruña – Carballo.

Resolución número 18

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver e cumprir de xeito completo antes de que remate o 30 de xuño do ano 2019 a totalidade dos aspectos e instrumentos previstos na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, de xeito especial no relativo a aquelas ferramentas contempladas na lei destinadas a garantir a obxectividade e pluralidade dos medios de comunicación públicos galegos.

Resolución número 19

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a eliminar os obstáculos que impiden a plena participación na sociedade das persoas con discapacidade, poñendo en marcha polo menos as seguintes medidas:

- 1) Aprobar, antes de que remate este ano, un plan de accesibilidade universal, en edificios establecementos ou instalacións de uso público e privado, dotándoo de orzamento para que se poida executar de xeito urxente, e co fin de asegurar a plena inclusión de todas as persoas, segundo o establecido na *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade*.
- 2) Restablecer e potenciar o servizo de transporte non urxente e programado, denominado 065, para persoas con discapacidade e/ou dependentes posto en marcha no ano 2008.
- 3) Incrementar o persoal dos equipos de valoración da discapacidade, co obxectivo de eliminar no prazo máximo de seis meses nas listas de espera. Así como repoñer os postos de traballo suprimidos e/ou amortizados da Consellería de Política Social nos centros públicos de atención ás persoas con discapacidade, para situalos a niveis, cando menos, do ano 2009.
- 4) Esixir aos medios de comunicación públicos galegos o emprego da lingua de signos nos espazos informativos e implantar progresivamente o emprego desta linguaxe no resto da programación.
- 5) Establecer novas medidas específicas de apoio ao emprego de persoas con discapacidade nos pregos de contratación de bens e/ou servizos da Administración pública galega.
- 6) Crear unha rede galega de atención temperá accesible, próxima e gratuíta, incrementando e optimizando os recursos humanos e materiais dispoñibles, co obxectivo de alcanzar, como mínimo, o final desta lexislatura, unha ratio de cobertura do 5 % da poboación infantil galega.

Resolución número 20

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a aplicación da Lei de dependencia, a través das seguintes actuacións:

- 1) Poñer en marcha un plan urxente para sacar da lista de agarda a todas aquelas persoas cos dereitos recoñecidos.
- 2) Establecer a garantía de xestión pública da valoración, seguimento e inspección; así como reforzar a xestión pública do sistema, priorizando a titularidade pública dos recursos sociais.
- 3) Asegurar que non haberá novos copagos nin se levará a cabo incremento ningún dos xa existentes.
- 4) Esixir ao Goberno de España o cumprimento da *Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*.
- 5) Incrementar de maneira urxente o número de prazas en residencias de maiores públicas de xestión propia, dispoñendo de dotación orzamentaria suficiente para a construción de novos centros, co obxectivo de alcanzar, no menor prazo de tempo posible, a ratio de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 e máis anos recomendada pola OMS e que en todo caso será ao final da X lexislatura igual ou superior á media estatal; así como reforzar o labor de inspección, incrementando os recursos humanos para vixiar os incumprimentos da normativa ou estándares de calidade esixidos, adoptando, no caso de que sexa necesario, as medidas sancionadoras recollidas na *Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*.

Resolución número 21

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar o Plan de dinamización demográfica de medidas, orzamentos e obxectivos avaliábeis, combinando as medidas de carácter fiscal oa priorización, da creación de emprego feminino e da xente moza, e a implantación de servizos públicos básicos, especialmente no medio rural, que recollerá, entre outras, as seguintes medidas:

1) Poñer en marcha novos beneficios fiscais (incrementar a dedución autonómica no Imposto sobre Renda das Persoas Físicas aplicable sobre a conta íntegra autonómica), de prioridade de acceso aos servizos públicos, e de axudas específicas para as familias monomarentais e monoparentais.

2) Impulsar e mellorar a rede de escolas infantís públicas de 0 a 3 anos, para propiciar medidas de conciliación da vida familiar e laboral:

- a) Incrementando nesta lexislatura o número de prazas públicas ata niveis en que se elimine a lista de agarda en centros públicos, e non sexa preciso incrementar os concertos con entidades privadas.
- b) Reducindo o prezo das escolas infantís e do servizo de comedor a niveis do ano 2011, incrementando ademais as bonificacións para as familias de especial consideración (numerosas, monomarentais...)
- c) Poñendo en marcha nesta lexislatura prazas públicas de escolas infantís en polígonos industriais.
- d) Abrindo en cada localidade o número de escolas infantís públicas precisas para cubrir a demanda existente en época de vacacións escolares, garantindo que a ratio mínima será dunha por localidade.

3) Facilitar a conciliación e a compatibilidade da vida laboral e familiar, articulando un novo consenso social ao redor da planificación horaria.

4) Impulsar un plan de vivenda de promoción pública e de alugueiro nos concellos galegos, fundamentalmente naqueles máis rurais.

Resolución número 22

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha unha verdadeira estratexia de loita contra a desigualdade, a pobreza e a exclusión social na que se recollan as seguintes medidas:

- 1) Vincular a percepción de subsidios, rendas, axudas á situación laboral, incluída a nova pobreza das persoas que traballan.
- 2) Considerar a Risga como dereito subxectivo, establecendo liñas de axuda con enfoques sociolaborais distintos (casos de emerxencia, persoas con discapacidades ou incapacidades que non accedan a unha pensión non contributiva nin tampouco a unha incapacidade contributiva, persoas dependentes de prestacións sociais pero con perfís de accesibilidade o mercado laboral).
- 3) Aprobar neste ano, previa consulta, e tidas en conta as aportacións das entidades sociais de loita contra a pobreza e as administracións con competencias nesta materia, o desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, clarificando os criterios de acceso á Risga, para evitar a discrecionalidade na súa aplicación.
- 4) Poñer en marcha un plan de choque de loita contra a pobreza e exclusión social, dotado orzamentariamente, que teña como obxectivo os fogares sen ningún ingreso.

Resolución número 23

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar o investimento en materia de cooperación internacional durante o ano 2019 de tal maneira que este supoña o 0,2 % do orzamento da Xunta de Galicia; así como a elaborar un informe trimestral a respecto da implementación do Plan de acollida para persoas refuxiadas da nosa comunidade, que será presentado no Parlamento de Galicia e publicado na páxina web da Xunta de Galicia, establecendo un programa de axudas para as familias galegas que acollan persoas refuxiadas.

Resolución número 24

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Realizar un estudo sobre as causas da perda de produtividade marisqueira e sobre os niveis de contaminación das rías galegas, e traer dito estudo e o informe correspondente ao Parlamento de Galicia antes de que remate o seguinte período de sesións para o coñecemento dos grupos parlamentarios, asegurándose de que se difunda entre o sector implicado.
- 2) Implantar, antes de que remate o ano 2018, un plan de rexeneración das rías galegas para esta lexislatura 2016-2020, que reduza con efectividade os niveis de contaminación existente e poña fin ás situacións de infracción da lexislación da UE, declaradas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea.
- 3) Recoñecer que a auga é un ben público e un dereito, asegurar o subministro de auga para toda a cidadanía, executar na súa totalidade o compromiso de gasto en materia de saneamento e depuración e axilizar as obras pendentes en materia de saneamento das rías galegas, co fin de cumprir cos obxectivos da Directiva Marco da Auga para o ano 2015.
- 4) Iniciar os procesos de negociación necesarios coa UE para destacar de maneira especial as zonas de cultivo e extracción de bivalvos, conseguindo para elas un tratamento distinguido que redunde na mellora das condicións e da protección do sector en caso de dificultades para o traballo.

Resolución número 25

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar medidas de protección sobre o medio ambiente, levando a cabo as seguintes actuacións:

- 1) Aprobar, con financiamento suficiente e antes de que remate o seguinte período de sesións, plans de xestión para todos os hábitats da Rede Natura 2000, parques naturais e parque nacional.
- 2) Aprobar, antes de que remate a actual lexislatura, un informe sobre transición hidrolóxica no que se inclúan unha auditoría hidrolóxica e as precisas medidas de consumo responsable.
- 3) Incluír, dentro da loita contra o cambio climático, a pegada de carbono na contratación pública da Xunta de Galicia.
- 4) Realizar campañas de sensibilización sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do consumo de macro a microplásticos e das medidas tendentes cara a súa redución.
- 5) Modificar toda a normativa relativa á xestión de residuos industriais de Galicia en canto a proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos e/ou en solos preto de zonas residenciais, de maneira que as instalacións (salvo para a eliminación de residuos en vertedoiros) se localicen en polígonos industriais e sempre a unha distancia inferior a 5.000 metros dos núcleos rurais ou urbanos, e a 2.000 metros da vivenda máis próxima.

Resolución número 26

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, no ámbito da xustiza e exercendo as súas competencias:

- 1) Tomar medidas urxentes para que as novas oficinas Xudicial e Fiscal estean implantadas nos xulgados das 7 grandes cidades galegas e en todos os órganos cabeceira de partido xudicial antes de que remate esta lexislatura.
- 2) Garantir a funcionalidade da sede xudicial electrónica a través de plataformas dixitais actualizadas e eficaces, e garantir a seguridade e a protección de datos no funcionamento do sistema Lexnet.
- 3) Acelerar a execución do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015.
- 4) Cumprir o Decreto 124/2014, do 11 de setembro, respecto do número de oficinas e da *ratio* ideal por fiscalía.
- 5) Impulsar os cambios normativos necesarios para permitir o desenvolvemento dos procedementos ante as Forzas e Corps de Seguridade e dos procesos xudiciais en lingua galega, conforme recomenda o IV Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias.

Resolución número 27

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar e abrir novos obxectivos na súa política de vivenda comprometéndose a:

- 1) Ampliar progresivamente o peso do parque de vivenda pública, mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas, singularmente naqueles concellos cunha maior demanda non atendida, co obxecto de duplicar o parque de vivenda actual a cinco anos vista, e apostando preferentemente polo réxime de aluguer.
- 2) Crear programas específicos dirixidos a colectivos singulares, en particular colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, desafiuzamentos, persoas maiores e mozos e mozas que pretendan acceder á vivenda en aluguer, con especial atención ás provenientes de rehabilitacións en cascos históricos, con axudas de ata un 40 % en función dos ingresos anuais e o carácter da área na que se sitúe a vivenda.

Resolución número 28

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a modificar a política pesqueira desenvolvida nos últimos anos, fomentando un novo modelo que:

- 1) Potencie o relevo xeracional, apostando pola calidade de vida da xente do mar, a saúde e a seguridade.
- 2) Impulse a formación profesional e a capacitación no sector, así como a promoción da visibilidade do traballo da mulleres do mar, favorecendo as políticas de igualdade.
- 3) Utilice coa máxima eficiencia os fondos europeos nas súas distintas liñas de axuda, apoiando economicamente as propostas do sector e evitando que o remate do programa se teñan que devolver fondos á UE.
- 4) Promova unha rede galega de criadeiros e minicriadeiros de bivalvos, así como de *hatcheries* de diversas especies que eviten a importación de crías de fóra de Galicia.

Resolución número 29

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recuperar antes de que remate o presente ano 2018 o conxunto de condicións de traballo recortadas ás persoas empregadas públicas autonómicas dende o exercicio 2012, mediante a correspondente negociación colectiva, a aplicación dos acordos estatais acadados na materia e a necesaria derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro.

Resolución número 30

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar con urxencia as seguintes medidas anticorrupción e a favor da transparencia:

- 1) Promover as iniciativas lexislativas necesarias para articular un réxime específico de protección das persoas denunciante de prácticas de corrupción, que ofrezca a protección axeitada a persoas traballadoras e funcionarias que tendo coñecemento de casos de corrupción ou de fraude, decidan denuncialo.
- 2) Impulsar a regulación da actuación dos “*Grupos de presión*” ante a Xunta de Galicia, co obxecto de reducir riscos de corrupción e mellorar a calidade e a transparencia na toma de decisións públicas.
- 3) Poñer en marcha un plan de avaliación, redución e control das entidades instrumentais do sector público autonómico, que contemple a mellora da transparencia, novos mecanismos de control financeiro e operativo e a avaliación dos riscos de fraude como eixos básicos de actuación.
- 4) Establecer un programa de medidas que garanta o acceso das Pemes aos contratos públicos autonómicos.
- 5) Aprobar anualmente un plan de publicidade institucional que será sometido previamente para a súa valoración á Cámara galega
- 6) Deixar de aprobar proxectos de lei dos coñecidos como de “acompañamento orzamentario”, por incluír normativa moi diversa que debe ser obxecto de tramitación propia, e xa que non garda relación co ámbito orzamentario.

Resolución número 31

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a redactar e aprobar sen máis demora o *plan xeral de infraestruturas e equipamentos deportivos de Galicia*, logo do seu tratamento parlamentario de acordo ao artigo 142 do Regulamento da Cámara.

Resolución número 32

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a remitir trimestralmente á Cámara galega, un informe sobre as actuacións realizadas cara a realización do “Xacobeo 2021“, e no que, entre outras medidas, se contemplen os investimentos necesarios para potenciar as actuacións nos camiños de Santiago que se atopan en peor estado de conservación, tendo en conta as opinións das persoas usuarias e expertas.

Resolución número 33

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras, para o cal aprobará neste ano un documento xeral que conteña as liñas de apoio específicas a estes sectores, cun seguimento público verificable no relativo aos seus resultados anuais, coa finalidade de medir a consecución de obxectivos, tales como:

- 1) A fixación da poboación no medio rural.
- 2) A incorporación da mocidade para facilitar o relevo xeracional.
- 3) O mantemento e potenciación do sector lácteo co impulso o establecemento e apertura de plantas de transformación láctea en Galicia, así como á mellora na comercialización do leite.
- 4) O aumento do peso dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para os produtores do leite.
- 5) O impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial.

Resolución número 34

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover no prazo de un mes a constitución da Comisión de expertos en relación á prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co ditame aprobado na Cámara galega, de xeito que as súas recomendacións poidan ser postas en marcha na campaña contra-incendios do ano 2019, e ao mesmo tempo demandar que no actual período de sesións se proceda a enviar á Cámara galega o *Plan forestal de Galicia*.

Resolución número 35

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a traballar pola consecución real e efectiva da igualdade, para o cal deberá:

- 1) Impulsar e concretar no primeiro trimestre do 2019, un “*plan de transformación social pola igualdade das mulleres*” que inclúa medidas de carácter transversal e interseccional encamiñadas a conseguir unha maior sensibilización social, formación de profesionais, aplicación da perspectiva de xénero na elaboración e definición das políticas públicas, con especial atención entre a xuventude, e implicación dos medios de comunicación para a erradicación de todo tipo de linguaxe non inclusiva, publicidades ou comentarios de carácter sexista.
- 2) Facilitar conforme á normativa vixente o acceso aos puntos de encontro familiar, cando menos, duplicando nos vindeiros dous anos o número existente.
- 3) Aumentar a presenza de mulleres nos consellos de administración ou órganos similares das entidades do sector público autonómico, que deberán contar cun mínimo dun 40 %.
- 4) Facilitar nos servizos da sanidade pública a práctica da interrupción voluntaria do embarazo.
- 5) Desenvolver a *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, convocando para iso ás organizacións LGTBI galegas e ás demais administracións, e promovendo unha normativa legal de identidade de xénero para Galicia, concibida sobre o principio de respecto á súa libre manifestación.
- 6) Reprobar publicamente as manifestacións machistas do alcalde de Vilanova de Arousa ao respecto da presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra.

Resolución número 36

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar e incidir, dentro das medidas contempladas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, aquelas que permitan:

- 1) Mellorar a accesibilidade aos servizos, coa consolidación dunha rede integral de CIM en todo o territorio, atención especializada ás vítimas e plans específicos que favorezan a prevención da violencia no rural galego, cun estudio previo da realidade específica desta poboación, e dedicando para tal fin polo menos o 40 % do total dos fondos asignados, acorde coa porcentaxe asignada polo Goberno do Estado pola condición especialmente rural da comunidade galega.
- 2) Poñer en práctica as medidas número 3 e 183 do Pacto, no que se menciona a posta en marcha de medidas dentro do ámbito educativo para a prevención, e detección das violencias sexuais, incidindo na educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos.
- 3) Atallar a revitimización e falta de credibilidade social das vítimas mediante a posta en marcha de campañas que focalicen o rexeitamento ó maltratador e á necesaria formación e desexada especialización de todas as persoas implicadas na atención ás vítimas de violencia.
- 4) Aprobar medidas no ámbito xudicial, tales como facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia sobre o itinerario e procedemento máis seguros no seu recorrido xudicial; habilitar espazos independentes para evitar o cruce entre vítimas e agresores; facilitar unha maior formación específica e periódica; así como a demandar ao Goberno do Estado a comarcalización dos servizos do Imelga (especialmente as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial, de xeito consensuado coa Comisión Mixta que existe co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Resolución número 37

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha de modo eficaz medidas de simplificación administrativa que favorezan a aprobación e actualización dos planeamentos urbanísticos, corrixindo as deficiencias actuais, e ao mesmo tempo presentar, diante da Cámara galega, antes do remate do actual período de sesións, un completo informe en relación os traballos desenvolvidos no último ano de cara á urxente posta en marcha da Lei de ordenación do territorio, e incidir nas medidas que se están a tomar especialmente no relativo ao fortalecemento dos núcleos tradicionais, á valorización do territorio, ao freo do despoboamento rural e para favorecer o reequilibrio territorial, á protección do patrimonio natural e cultural e ás melloras de eficiencia ambiental.

Resolución número 38

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas de cara a acadar máis emprego, e máis seguro e estable, na nosa comunidade:

- 1) Potenciar a posta en marcha da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral co fin de diminuír o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais; así como a incrementar o orzamento dedicado a tal fin, como mínimo ata os niveis de 2011.
- 2) Impulsar o Diálogo Social, tal que, no prazo máximo de seis meses, se establezan medidas cara á mellora das condicións de traballo no sector público e o aumento da estabilidade laboral, tanto directamente como a través da inclusión de cláusulas sociais na contratación pública.
- 3) Establecer unha estratexia de loita contra o desemprego que dea prioridade ás persoas paradas de longa duración e ao desemprego xuvenil, que debe contar, cando menos, coas seguintes premisas:
 - a) Incentivar o mantemento de persoas cun contrato de traballo temporal, transformándoo en contrato estable.
 - c) Dirixir a formación a aquelas actividades claves no modelo produtivo.
 - d) Impulsar, coa participación dos interlocutores sociais e en colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, un Plan de control contra os abusos laborais en Galicia.
 - e) Vincular os incentivos a unha taxa de estabilidade e ó seu mantemento, fomentando determinadas modalidades de contratación.
 - f) Fortalecer o Servicio Público de Emprego establecendo medidas de planificación para a mellora da empregabilidade e potenciando a intermediación.
 - g) Incrementar o número de sedes territoriais dos servizos de mediación, arbitraje e conciliación no eido laboral, elevando o número total ata once.
 - h) Implantar e ampliar os pactos territoriais de emprego, que actúan nos mercados locais potenciando o emprego en rehabilitación de espazos urbanos, de vivenda e mellora e mantemento de infraestruturas, acordando estes programas cos gobernos locais.

Resolución número 39

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a recuperación da centralidade do Pacto de Toledo e o diálogo cos interlocutores sociais, rematando coas medidas restritivas postas en vigor nos últimos anos desde o Goberno estatal, e promovendo que o aumento das pensións se realice en función da variación do IPC.

Resolución número 40

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a opoñerse a calquera proceso de recentralización de funcións ou competencias desde as comunidades autónomas á Administración xeral do Estado, ao mesmo tempo que leve a cabo todas as actuacións políticas posibles, para acadar o máximo nas cotas de autogoberno para Galicia en concordancia co establecido na Constitución española.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 09:37:23



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **Propostas de Resolución**, para que sexan tratadas polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual de Política Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia**”:

Proposta de Resolución nº 1
“Defensa do sistema público de Pensións”

As pensións dignas son un elemento central da protección social e un dereito gañado pola clase traballadora que é obxecto de cobiza polo sector privado. A crise de 2008 e as políticas de “austeridade” impuxeron como directriz adelgazar o gasto público, abrindo campo de expansión do sector privado; gasto público do cal as prestacións sociais son unha parte fundamental.

A importancia das pensións en Galiza é indiscutible: falamos de 674.290 persoas - que chegarán a ser un millón antes de 2050 - o 24,8% da poboación galega, e de 761.894 prestacións (xullo 2018).

Galiza é a segunda Comunidade Autónoma pola cola en importe das pensións, con 794,16 euros mensuais de media, que agocha que o 58% destas pensións está por debaixo do limiar da pobreza. A situación é aínda peor para as mulleres, que cobran 643,12 € ao mes de media, fronte á media de 1.003,9 € dos homes (setembro 2018).

No caso das pensións de xubilación, en Galiza hai 474.623, cun importe de 905,5 € de media (xullo 2018), cunha gran disparidade entre as provincias interiores (coas pensións máis baixas do estado) e as atlánticas.

Con estas pensións de miseria, as e os pensionistas galegos fixeron de colchón económico durante a crise e sostiveron a demanda interna (da que representan un 25%), xa que o 32,12% dos fogares galegos teñen as prestacións sociais como única fonte de ingresos e as persoas pensionistas elevaron un 25% o seu gasto en Galiza nos peores anos da crise para axudar a familiares sen ingresos.



A todas estas persoas pensionistas impuxéronselles recortes brutais, coas reformas das pensións de 2011, que endureceu as condicións de acceso ás pensións, e de 2013, que adiantou a aplicación do factor de sostibilidade a 2019, eliminando a actualización das pensións ao IPC e introducindo o factor de revalorización (opaco e arbitrario), que supuxo un brutal recorte da pensión inicial en relación co último salario e que suporía a conxelación das pensións, algo que xa se viviu en 2017, cando as pensionistas perderon case 2 puntos de poder adquisitivo.

A revalorización das pensións conforme ao custe da vida é un dereito recoñecido na Constitución e norma na maioría de países europeos; é a única garantía que teñen as persoas maiores de poder soste o seu nivel de ingresos durante toda a vida.

Fronte ás falacias neoliberais, hai que defender a evidencia científica da viabilidade social e económica dos sistemas públicos de pensións e un modelo social que considere o gasto en pensións un elemento central do Estado do Benestar e, por conseguinte, un dereito en si mesmo que non ten por que estar vinculado ao emprego. O “problema” das pensións non é de envellecemento da poboación – o aumento da esperanza de vida é unha conquista social e un avance para a Humanidade – senón de reparto desigual da riqueza.

Así mesmo, a Xunta debe defender os intereses das persoas emigrantes retornadas, que foron penalizadas cunha interpretación fiscal abusiva, e os dos mariñeiros xubilados que traballaron en buques noruegueses, que tras pagar impostos no país nórdico quedaron sen dereito á súa pensión.

Polo exposto, o Parlamento galego acorda:



O Parlamento galego asume a defensa do sistema público de pensións e da actualización das pensións conforme ao IPC real e insta á Xunta a trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de derrogar as reformas das pensións de 2011 e 2013, reducir a idade de xubilación, mellorar as condicións de acceso á pensión e, ademais de mecanismos de redistribución de riqueza (eliminación dos topes de cotización, mellora dos ingresos do sistema derivados das cotizacións e dos ingresos fiscais), introducir o financiamento vía impostos, a través dos orzamentos, blindando as pensións como unha prestación social fundamental, defendendo, ademais a devolución das sancións a emigrantes retornadas e a homologación das súas pensións de incapacidade, e que o Estado español se persone perante o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos para denunciar a discriminación por razón de nacionalidade que levou a cabo o Goberno de Noruega en materia de pensións cos mariñeiros do colectivo Long Hope.

Proposta de Resolución nº 2

“Combater a precariedade, a pobreza laboral, a desigualdade e fenda laboral de xénero”

A precariedade xa é unha característica estrutural do mercado de traballo en Galicia. Xa era así antes da recesión pero agora aínda máis. Un dato o demostra: só o 47% das persoas asalariadas afiliadas ao Réxime Xeral da Seguridade Social en Galicia teñen un contrato indefinido a tempo completo. O resto, o 53%, ten un contrato temporal ou traballa a tempo parcial. Para que se entenda ben, máis da metade da clase traballadora galega está en situación de precariedade.

Pero por desgraza a temporalidade e o traballo por horas non son as únicas formas de precariedade. Porque son precarias as persoas que buscan traballo pero non o atopan, as que rotan entre o paro e o traballo temporal de baixo salario, as persoas que se converten en autónomos a forza, os falsos autónomos, as que traballan en falsas cooperativas para eludir os convenios colectivos, as persoas novas que traballan como bolseiras, as que fan falsas prácticas e mesmo chegan a pagar por traballar.

Son tamén precarias as que sofren un deterioro nas súas condicións laborais por culpa da subcontratación en cascada e a denominada descentralización, as que acceden ao emprego a través de empresas multiservizo, as que son explotados nas novas formas laborais das plataformas dixitais, as que ten que baixarse o salario para non perder o emprego, as que teñen formación superior pero traballan en empregos sen cualificación e baixo salario, as que tiveron que irse fora para atopar traballo...

Unha precariedade xeneralizada pero que afecta de forma especial ás persoas máis novas e ás mulleres.



No caso das mulleres, a diferenza salarial entre homes e mulleres en Galiza sitúase nun 22,3 %, cobrando os homes galegos, de media, 4.513 € máis que as mulleres, pero se temos en conta o montante do que as mulleres deberían gañar a maiores para equiparar o seu salario medio aos homes, falamos dunha fenda do 28,7%, fenda que no noso País vai en aumento dende 2014.

A discriminación laboral de xénero é indiferente ao nivel formativo, experiencia profesional ou sector profesional: é unha discriminación estrutural que afecta a todos os sectores e categorías profesionais, pois é a tradución ao mercado laboral da desigual distribución sexual do traballo. Deste xeito, as mulleres teñen unha menor taxa de actividade (48,79%) e de ocupación (41,37%), así como unha maior taxa de paro (15,21%), pese a que representan o 52% do conxunto da poboación en idade laboral, e padecen a feminización dos empregos menos remunerados e unha maior parcialidade (21,8%), temporalidade e rotación de contratos.

Unha das causas estruturais do fenómeno da fenda salarial é a maior ocupación das mulleres nas tarefas do fogar e coidados e a penalización que a maternidade provoca no mercado laboral, realidades presentes a día de hoxe no noso País e contra as que hai que actuar contundentemente para garantir a igualdade.

Precariedade e pobreza laboral, porque a crise, pero sobre todo a política neoliberal imposta, son as responsables de que volvan a existir traballadores pobres, persoas que a pesares de ter traballo non poden vivir do seu salario de forma independente.

Unha triste figura que parecía que deixáramos atrás, na longa noite de pedra do franquismo, pero que volve a ser unha vergoñenta realidade na Galicia de 2018. No 2016, unha de cada tres persoas asalariadas en Galicia ingresou menos do salario mínimo interprofesional, isto é, 312.000 persoas que traballaron como



asalariados tiveron ingresos inferiores a 655 euros brutos mensuais, unha cifra tan baixa que coloca a quen a cobra por debaixo do limiar da pobreza.

Esta é a realidade laboral do noso país cos datos oficiais do IRPF: unha de cada tres persoas con ingresos salariais está en pobreza laboral. É certo que na súa maioría son persoas que traballan unhas horas ao día, uns días á semana, uns meses ao ano. Pero é que iso é, exactamente, a precariedade laboral: traballar con baixos salarios, a tempo parcial ou con contratos de moi corta duración.

Situación de pobreza laboral absoluta e tamén relativa. Absoluta para as 183.106 persoas que ingresaron menos da metade do salario mínimo. Pobreza relativa, pero pobreza, para as 456.289 persoas que ingresaron menos de 900 euros brutos mensuais en 2016, unha situación de baixos ingresos que afecta ao 45% do total das persoas que traballaron como asalariadas nese ano.

Precariedade, pobreza laboral e desigualdade, porque as políticas da dereita teñen agrandado as diferenzas ata niveis descoñecidos na historia recente do noso país, tamén no mercado de traballo.

Cos datos dos ingresos declarados no IRPF sabemos que a masa salarial do 1% con maior renda foi superior a do 31% dos que cobran menos. Isto é, que 13.000 persoas, cobraron máis que os 312.000 persoas de menos ingresos. As elites, a minoría social, gana de media 65 veces máis que as persoas precarias de baixos salarios.

A precariedade, a pobreza laboral e a desigualdade salarial non son efectos colaterais nin un prezo a pagar de forma inevitable pola crise. Non. Este deterioro social, esta transición dende un mercado de traballo precario a unha sociedade precaria é a consecuencia dunha estratexia premeditada, definida e planificada aproveitando o shock da recesión que ten nome e instrumentos.

O nome é a devaluación interna e os instrumentos son as reformas laborais impostas co obxectivo de reducir os dereitos laborais co fin último de baixar os



salarios. A precariedade laboral e os salarios baixos é o problema fundamental do país, porque son determinantes para o benestar das persoas, pero tamén para o conxunto da economía, tanto pública como privada.

En primeiro lugar, os salarios son a fonte principal de ingresos do 47% dos fogares galegos que sumados ao 40% que dependen das pensións e as prestacións por desemprego fan que o benestar de nove de cada dez fogares dependan dos salarios, directos ou diferidos.

En segundo lugar, o nivel salarial e o incremento real dos salarios son determinante na evolución da economía, porque o consumo dos fogares é a compoñente fundamental da demanda interna, que pola súa vez é a variable clave na evolución do PIB.

En terceiro lugar, a retribución dos asalariados é o factor con maior repercusión sobre a evolución dos ingresos públicos. Da Seguridade Social dende logo, porque os salarios conforman a base de cotización sobre a que se xeran os ingresos que financian o sistema público de pensións.

Pero tamén sobre os ingresos fiscais, porque as rendas salariais son a compoñente fundamental dos mesmos, xa que o sistema fiscal español grava, no fundamental, os ingresos e os consumos das persoas asalariadas. Hai un dato que o demostra: o 90% da recadación do IRPF ten orixe nas rendas do traballo, de tal forma que máis que un imposto sobre a renda é un imposto sobre o traballo asalariado.

En cuarto lugar, a calidade do emprego condiciona o modelo produtivo, porque existe unha relación de dobre dirección entre o modelo de relacións laborais e a especialización produtiva dun país. Con emprego precario e salarios baixos son as actividades de baixo valor, as que teñen o protagonismo. E, pola contra, unha estrutura empresarial con produtos de alto valor, que compiten coa calidade e non con prezos baixos, precisa persoal cualificado e con elevada produtividade, isto é, emprego estable.



Por iso, agora estamos no tempo de derogalas para que o emprego estable e con dereitos, incluído o de ter un salario digno, volva a ser a norma e non a excepción.

Para dar resposta a esta situación inaceptable:

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, dacordo co escrito con número de saída 11709, de cualificación de propostas de resolución presentadas en relación co debate de política Xeral de 2018, reformula as seguintes propostas:

- **Modificación da parte resolutiva da resolución nº 2**

Substituír por :

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a un cambio radical da súa política laboral, utilizando para elo as súas competencias en política económica para impulsar un cambio no modelo empresarial e produtivo, para facelo máis estable e sólido, baseando a competitividade no investimento, na innovación e na produtividade de todos os factores e non nos baixos salarios, e realizar un Plan de Loita contra a Explotación Laboral que actúe contra a contratación en fraude de lei.

A presentar nesta Cámara antes de seis meses unha Estratexia para o Emprego en Galicia que teña como finalidade acadar máis e mellor emprego acordado cos axentes sociais e dotado orzamentariamente .

A impulsar un Acordo polo Emprego de Calidade e un plan de choque contra o desemprego e un plan específico de emprego feminino que aborde a eliminación da fenda laboral de xénero . Un gran acordo que asuma como obxectivo reducir a taxa de paro por baixo do 8%.

Todas estas medidas deben ser froito da negociación e o acordo cos axentes sociais Galegos .



- **Modificación da proposta de resolución nº 39**

Eliminar a parte expositiva e modificar a parte resolutiva como sigue:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a indemnizar ás persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico en Paramos-Tui, que perderon as súas vivendas, habituais ou segunda residencia, polo importe íntegro do valor da súa reconstrución e incluír as deducións fiscais autonómicas comprometidas do proxecto de Lei de orzamentos xerais da Xunta de Galicia para 2019.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 12:41:15

Proposta de Resolución nº 3

“Actuacións para evitar novos sucesos como o acontecido no Marisquiño ”

A madrugada do pasado 13 de agosto durante a celebración en Vigo do Marisquiño, un dos máis importantes eventos estivais da cultura urbana en Galicia, tivo lugar o colapso da estrutura de formigón que tiña conta do espazo onde se estaba a desenvolver un dos concertos do festival.

Este suceso que se saldou con numerosísimas vítimas, 467 persoas feridas, e un clamor social por coñecer as causas e polo tanto as accións que permitan evitar que se repita no futuro, foi obxecto da creación dunha comisión de investigación neste parlamento que pretende determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente.

O que hoxe parece unha evidencia é que tanto a Autoridade Portuaria como o concello de Vigo tiñan coñecemento das deficiencias que presentaba este paseo de madeira, e a base de ferro e formigón sobre a que esta se construíra, e así e todo permitiron e autorizaron a celebración dun evento multitudinario neste emprazamento, compre polo tanto evitar no futuro que a asunción de competencias ou a indeterminación dos convenios de cesión e utilización de espazos poidan provocar que a falta de mantemento provoquen novos sinistros por elo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a, de acordo coa lei 27/1992 do 24 de novembro de 1992 de Portos do Estado e da Mariña Mercante (LPEMM), a establecer un criterio na delimitación dos terreos e instalacións portuarias nos portos de interese xeral e a inclusión nos Plans de Usos de convenios que garantan o estado óptimo de mantemento das instalacións dedicadas a eventos públicos con participación de público

Proposta de resolución nº 4

“Sistema eficaz de renda social contra a pobreza e plan de choque contra a pobreza infantil”

En 2017, segundo datos do Consello Económico e Social, os efectos do crecemento da economía a nivel macro, dende 2014, aínda non se fan notar na gran bolsa de persoas en risco de pobreza e exclusión do noso País, especialmente entre as mulleres, os fogares con menores a cargo, a infancia e a mocidade (a poboación entre os 16 e os 24 anos é a máis afectada pola pobreza). Así, o noso País configúrase como unha “anomalía do norte” peninsular, cun nivel de risco de pobreza inferior á media estatal pero superior ao entorno no que nos emprazamos, chegando a taxa de risco de pobreza, seguindo o indicador AROPE, en 2017, ao 22,6%, o que supón unhas 612.085 persoas.

Esta situación de empobrecemento cebouse entre a infancia e a adolescencia, sendo os segmentos sociais máis afectados pola crise en Galiza, chegando a exclusión social da infancia até niveis inéditos no período democrático. Segundo o informe da Rede Europea contra a Pobreza do ano 2016, en Galiza, o grupo demográfico correspondente coa mocidade (16-29 anos) acada un 37,8% de taxa de risco de pobreza e exclusión; no caso da infancia, o noso País chega ata o 27,6%, tendo aumentado en 7,3 puntos, o que equivale a unhas 100.000 crianzas en risco de pobreza. Se tomamos en conta a taxa AROPE estaríamos no 28,8% de risco de pobreza infantil.

En 2014, a propia Xunta recoñece no Estudo da pobreza infantil en Galiza en 2014 (estudo non publicado na súa totalidade nin actualizado, nin entregado a En Marea, malia ser solicitado) a existencia de 18.000 fogares con menores en situación de carencia material severa.

Coa crise, e coas políticas aplicadas por mandato das institucións europeas e internacionais - a chamada “austeridade” - aumentou o número de fogares sen ningunha persoa perceptora de ingresos, non tendo diminuído o suficiente dende 2015, sendo aínda 34.700 os fogares nesta situación en 2017, ou cunha soa persoa perceptora de ingresos (464.700 vivendas en 2017). O contexto é a caída da poboación activa no noso País, de xeito que no 31,7% dos fogares galegos ningunha persoa ten a condición de activa. Ademais, entre os fogares con poboación activa, o 9% dos mesmos ten a todas as persoas en paro. Detrás desta realidade atópase a elevada precariedade laboral no País, que fai que o salario medio e as pensións sexan dos máis baixos do Estado e que provoca que o 40% dos fogares galegos chegan con dificultade ou con moita dificultade a fin de mes e o 20,28% dos fogares galegos non se permitiu ningún extra no tres últimos meses (IGE: 3º trimestre 2018).

Nesta situación, temos unha das rendas mínimas de inserción máis baixas do Estado (399,38 € de contía mínima) e de menor cobertura.

A Renda de Inclusión Social de Galicia foi creada pola Lei 9/1991, do 2 de outubro, que foi adaptada e modificada sucesivamente mediante as leis 1/1999 e a 16/2004. En 2010, Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, pactáronse as bases dunha nova lei de inclusión social, finalmente concretada na Lei 10/2013, cos obxectivos teóricos de, entre outros, “repensar unha renda flexible e modular, con acompañamentos sociais e laborais diferenciados, en tramos de diferentes características” e evitar “o efecto desincentivador da progresiva incorporación laboral”. Catro anos e medio despois da súa entrada en vigor, a nova RISGA maniféstase totalmente insuficiente e ineficaz, pola súa escasa cobertura e ínfima contía, a descoordinación interadministrativa, a falta de coordinación efectiva entre servizos sociais e de emprego, a excesiva burocracia, arbitrariedade e opacidade



na xestión, a incompatibilidade con outras prestacións de baixa contía ou os duros requisitos para o acceso á mesma. En 2017, a RISGA só cubriu ao 2% da poboación en risco de pobreza (o 0,38% da poboación galega) e esta prestación deixa fóra ao colectivo de persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa.

Ademais, os obxectivos principais polos cales se aprobaba a Lei 10/2013 - favorecer a inserción laboral- non foron acadados na medida en que non se desenvolveron os tramos de inserción e transición ao emprego, á espera do desenvolvemento do Decreto regulador que foi publicado, sen diálogo, o pasado agosto de 2018, sen que resolva os problemas estruturais da RISGA. Así, a RISGA non foi un instrumento que posibilitase a transición ao emprego, chegando, mesmo, a penalizalo.

Asemade, o noso País ten unha das taxas máis elevadas de persoas sen fogar en relación á poboación total (133/100.000 habitante), que ten aumentado durante a crise, sendo 3.600 persoas segundo Cáritas, o 25% das cales sofren algunha enfermidade mental.

Segundo a Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar do INE, Galiza contaba en 2016 con 950 prazas neste tipo de recursos, cunha ocupación media do 84%, no ano 2016, datos que nos sitúan como a 8ª Comunidade Autónoma en número de prazas –á par que Ceuta- e a 14ª en gasto medio por centro (223.553 €) –por baixo da media estatal-, cando somos a 2ª en número de persoas sen fogar en relación ao total da poboación e a 5ª en número total de persoas nesta situación, rexistrando o 8,3% da poboación sen fogar do Estado.

Cómpre lembrar, ademais, que a pobreza infantil ten múltiples planos e pon en risco á persoa para toda a vida, pois as carencias vividas na infancia, especialmente antes dos cinco anos, teñen consecuencias no desenvolvemento



físico, psicológico e educativo. Moitas destas carencias (alimentación, material escolar, roupa) da poboación infantil galega en situación de exclusión social estanas a asumir organizacións de solidariedade a nivel de base, suplindo as labores que debería cubrir a Administración.

Para rematar con esta situación indigna, o Parlamento galego acorda:

O Parlamento galego insta á Xunta a aumentar o orzamento para as funcións de Política Social para impulsar, antes de 2020, un sistema de renda mínima eficaz e inclusivo, desenvolvendo unha prestación garantida de dereito subxectivo, vinculada á carencia de rendas, para acadar a promoción da persoa e o seu empoderamento, superando as condicións que a levaron a precisar a prestación, así como o impulso dunha estratexia galega de atención a persoas sen fogar e transeúntes, coa dotación dun parque de vivendas de titularidade autonómica para garantir o dereito á vivenda digna e de centros de atención integral 24 h nas sete cidades e un plan de choque para reducir o número de persoas en situación de privación material severa, así como un plan de choque contra a pobreza infantil con medidas no eido económico, social e educativo.

Proposta de resolución nº 5

Defensa da Democracia, a liberdade de Expresión e o dereito a decidir

O conxunto de pobos e nacións do estado somos suxeitos políticos non recoñecidos de forma plena nos marcos constitucional e estatutarios vixentes, un estado que se defina como democrático debe promover e amparar mecanismos que canalicen os cambios da organización política e territorial, ofrecendo instrumentos democráticos que permitan exercer o dereito a decidir. A cidadanía ten dereito a decidir sobre o seu futuro, e as súas esixencias democráticas non poden ser contestadas coa represión policial ou a prisión, que teñen sumido a este estado nunha situación de excepción inaceptable para os que defendemos os valores democráticos.

É absolutamente imprescindible defender a liberdade de discrepar abertamente coa orde constitucional e territorial establecida, sen que iso signifique ameazas, represión ou prisión.

Unha democracia que elixe aos seus representantes non pode consentir que estes sexan ameazados con penas exemplares, privados de liberdade simplemente por defender as súas conviccións, as conviccións non se encarceran.

O decrépito réxime do 78 pretende lexitimar a súa continuidade en base un unha limitada recuperación económica baseada no incremento da desigualdade e a non asunción de responsabilidades, nin políticas, nin penais, dos responsables do espolio, perseguindo e criminalizando calquera tipo de disidencia, política, cultural, ideolóxica, etc.

Hoxe o estado está sumido nun réxime de absoluta excepción coartando a liberdade de expresión, os dereitos políticos e a lexítima disidencia, perseguindo



a persoas, colectivos e organización sociais e sindicais polo mero feito de defender os seus principios e conviccións democráticas, as imputacións xudiciais, as prisións preventivas e a represión brutal nas rúas, das mobilizacións, dos artistas, rapeiros, músicos e responsables políticos sitúan a nosa democracia nunha situación insostible.

Mentres asistimos a un proceso de branqueo de movemento xenófobos e intolerantes, que son permitidos e incluso alentados por amplos sectores dos medios, en paralelo prodúcese a persecución de persoas polas letras das súas cancións, por renegar da relixión católica ou exercer a contestación social, demostra ata que punto o réxime e determinados estamentos xudiciais, están a endurecer a súa acción para tratar de perpetuar un réxime xa caduco e necesitado de cambios profundos.

Por todo isto

O Parlamento galego denuncia a deriva represora do estado, que utiliza o seu poder para coartar a liberdade e expresión e mobilización social lexítima de persoas, artistas, colectivos, organizacións e responsables políticos. Ademais asume a necesidade de promover mecanismos que permitan o libre exercicio do Dereito a decidir dos pobos, recoñecendo o dereito a decidir como elemento clave do compromiso democrático dende os valores republicanos, que permita a modificación do marco constitucional para garantir a mellora das liberdades individuais e colectivas e lograr un incremento do nivel de vida e os dereitos sociais, culturais e laborais. O Parlamento solicita dos poderes do estado a execución de tódolos mecanismos que permitan a inmediata liberación das persoas presas por defender as súas lexítimas conviccións políticas.

Proposta de Resolución nº 6

“Mellora dos puntos de Atención continuada, para evitar situacións como as acontecidas no PAC da Estrada”

Os puntos de atención continuada son dispositivos asistenciais que manteñen atención sanitaria no entorno da Atención Primaria de Saúde en horario non ordinario.

Dan cobertura, polo tanto, dun modo totalmente accesible, instalado no territorio, cercano e resolutivo a atención a problemas de saúde de índole e gravidade diversa, desde cuestións banais a emerxencias con risco vital.

O PAC da Estrada dalle cobertura sanitaria a 21.000 habitantes distribuídos en 51 parroquias, con gran dispersión de núcleos rurais (desde O Foxo a Codeseda, desde San Miguel de Castro a Souto de Veá), con gran avellentamento da poboación e enorme prevalencia de patoloxías crónicas. Non en van o 27% da súa poboación ten máis de 65 anos.

O horario de atención comeza ás 15 horas e remata ás 8 AM de luns a sábado e as 24 horas os domingos. (A atención ordinaria abrangue de luns a venres de 8 a 15 para os cupos da mañá, de 15 a 22 para os da tarde e os sábados de 8 a 15).

O seu Plan Funcional reconece desde hai máis dunha década que a dotación de persoal médico é de un efectivo diario excepto os sábados de 15 a 22 (de 8 a 15 hai dous procedentes da atención ordinaria) e os domingos de 8 a 22. A dotación de persoal de enfermería é dunha enfermeira en todo momento.

O pasado 4 de agosto deste ano no PAC da Estrada morreu José Manuel Brey Brea sen dispoñer de atención médica por non existir nese momento ningún



médico de presenza física. A dotación específica para ese día debía ser de dous médicos e había soamente unha doutora traballando, e desprazada nunha emerxencia. Ese día, o SERGAS incumpría manifesta e gravemente a norma de atender ao Plan Funcional e dotar de DOUS MÉDICOS ese dispositivo.

Pero esa non foi a primeira ocasión que ocorreu iso. No propio PAC da Estrada, nos quince días previos houbera dous descubertos similares.

O da Estrada non foi o único PAC con ausencia da cobertura legalmente estipulada de dotación médica este verán: poderíamos documentar casos similares en varios dispositivos polo menos da provincia de Pontevedra.

Isto alude a un incumprimento gravísimo da norma básica de dotación de persoal sanitario nos Puntos de Atención Continuada (a que contemplan os Plans Funcionais), neste caso coñecido con resultado de MORTE.

Existe un agravante na programación da cobertura ao tratarse dun período estival, con persoal disfrutando de vacacións concedidas e solicitadas coa antelación suficiente como para organizar o calendario necesario. Adicionalmente súmase a eiva estrutural da carencia e mala xestión do persoal médico por ausencia de programación a longo prazo e de deseño de mecanismos para fixar profesionais mellorando as súas condicións laborais. Por ese motivo, as e os profesionais que actualmente desenvolven o seu traballo nos PACs teñen un contencioso co SERGAS e unha folga convocada de 12 xornadas en días próximos por entenderen, entre outras cousas, que non se respectan os seus dereitos en materia de cómputo de xornada e retribucións. Tamén denuncian que estas cuestións repercuten na atención prestada, como mostran as evidencias.

Estas circunstancias forman parte da falta de coidado do entorno da Atención primaria de saúde, que nos últimos anos perdeu orzamento e estruturas de xestión propias.



Isto redunda nunha grave agresión aos dereitos de saúde das persoas enfermas e ao desenvolvemento laboral digno de profesionais.

Por outra banda constátase que a frecuentación nos Puntos de Atención Continuada é crecente, sen que se teñan observado medidas de estudo ou abordaxe da cuestión en termos de xestión sanitaria.

Por todo isto

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar aos Puntos de Atención Continuada, en ausencia dunha organización mellorada de atención á urxencia extrahospitalaria, do persoal sanitario suficiente establecido en Plan funcional. Revisarase cada Plan Funcional en base ás necesidades asistenciais. Revisarase que intervención se está a realizar desde o punto de vista de xestión sanitaria para que a atención sexa crecente e tomaranse as medidas oportunas. O ánimo será protexer as necesidades de saúde da poboación galega en horario non ordinario de atención.

Así mesmo proponse establecer de inmediato unha Programación para a estabilización do persoal sanitario a longo prazo. Para isto haberanse considerar circunstancias que dificultan a cobertura e incentivar ás profesionais dispoñibles para asumilas. Deberase tamén reconsiderar de modo escrupuloso o cómputo da xornada das profesionais, e garantirase a cobertura dos dereitos laborais deste colectivo. Estableceranse e publicaranse os calendarios e quendas de traballos coa antelación suficiente, evitando improvisacións que amporen non coberturas asistenciais.

Proposta de resolución nº 7

“Desenvolvemento pleno da atención á Dependencia”

Galiza é unha das sociedades máis avellentadas do mundo (153,7 de índice de avellentamento, o que significa que por cada 100 persoas menores de 20 anos hai 154 de 65 e máis anos), situación que, por unha parte, enriquece a sociedade, e, por outra, aumenta a demanda de necesidades de coidados e de recursos públicos de atención, e tamén redunda no aumento da taxa de persoas dependentes e do número de persoas con demencias.

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción de la Autonomía Persoal y Atención a las persoas en situación de dependencia recoñeceu uns dereitos que non se desenvolveron por falta de financiamento, deixando a milleiros de persoas agardando por prestacións.

En Galiza, o número de persoas dependentes con dereito recoñecido son 66.995 (agosto de 2018), das cales 9.388 aínda están en lista de agarda e non perciben ningunha prestación (14 %).

Pero, ademais, a Enquisa estrutural a fogares, realizada polo IGE para o ano 2017 indica que hai 117.875 persoas que se declaran en situación de dependencia en Galicia, un 25,06% máis que en 2011, e que, destes, o 29,29% dos casos se poden catalogar como gran dependencia. Asemade, a enquisa revela que aumentou o número de persoas que realizan tarefas de coidado de persoas dependentes, máis do 62% das cales son mulleres, fundamentalmente maiores de 45 anos, e un 30% das mesmas dedican máis de 70 horas á semana a esta tarefa. Ademais, segundo sinal a enquisa, case o 73% da poboación galega que se dedica a labores de coidado de persoas con dependencia tivo que reducir o seu tempo de ocio e as súas relación sociais ao comezar a desempeñar as ditas tarefas de coidado.

En canto á falta de servizos, a enquisa indica que máis de 53.000 persoas con dependencia precisan axuda a domicilio, pero que só o 44% a recibe, que se precisan máis coidados sanitarios especializados, transporte adaptado e máis prazas en centros de día.

Ademais, hai 13.442 persoas dependentes que viven soas e uns tres mil fogares formados unicamente por persoas con dependencia.

As persoas dependentes sofren prazos de agarda superiores aos que marca a lei (máximo 6 meses entre a valoración e a asignación dun recurso que están), o que fai que haxa quen falece sen a prestación, a escaseza de recursos públicos e baixa calidade dos mesmos.

En atención residencial, o Consello de Contas vén confirmar as análises de En Marea: Galiza é a CA con maior porcentaxe de prazas privadas sobre o total (67%) e a Xunta aumentou a porcentaxe das prazas concertadas sobre as xestionadas de xeito directo, aínda que lle sae un 8% máis caro. A lista de agarda para residencias de maiores no Programa de Asignación de Recursos situábase, en 2016, en 1.774 expedientes, elevándose a case 2000 persoas na actualidade, con prazos que superan os marcados pola lei.

Ademais, o Consello de Contas constata que a Xunta recortou en persoal de atención directa nos centros de maiores, pois sistematicamente non se cubriron as baixas médicas de curta duración nin os permisos, e as vacacións non se substituíron integramente, deteriorando gravemente as condicións laborais do persoal, aos que tamén se lle mantén suspendido o artigo 19 do Vº Convenio Colectivo, recortando o seu dereito ao descanso. Esta circunstancia provoca sobretraballo do persoal, que ten que priorizar tarefas e, consecuentemente, deteriora a atención ás persoas maiores e eleva o risco de accidentes tanto laborais como das persoas usuarias. De feito, Política Social acumula o 45% dos



accidentes laborais da Xunta, dos cales, máis do 40% se deben a causas derivadas directamente do sobretraballo. De 2010 a 2012, o recorte en persoal foi de 13 millóns de euros e aínda en 2015 o gasto de persoal é un 7,1% menos que en 2010.

Nas residencias de xestión públicas, ademais da insostible situación laboral, é patente a falta de mantemento e adecuación de instalacións xa obsoletas ás novas realidades de maior taxa de persoas dependentes, pois dende 2010 a Xunta non elaborou plans de investimentos en centros públicos. En canto ás residencias concertadas, o Consello de Contas reconece infraccións en materia de persoal, usos inadecuados das instalacións, deficiencias nos protocolos de funcionamento e falta de rigor nos rexistros que non motivaron sancións por parte da Xunta, que ten insuficientes efectivos nos servizos de inspección.

Ademais, hai unha falta de desenvolvemento do eido sociosanitario que provoca unha falta de seguimento de casos vulnerables, desatención de persoas maiores e dependentes e descoordinación entre servizos.

Polo exposto, o Parlamento de Galiza acorda:

O Parlamento galego insta á Xunta a impulsar unha estratexia global de mellora da situación das persoas dependentes e das súas coidadoras, desenvolvendo de xeito pleno a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, aumentando no inmediato a achega orzamentaria da Comunidade Autónoma e reducindo a lista de agarda en Dependencia, aumentando a contía das libranzas para coidados, desenvolvendo programas de profesionalización de persoas coidadoras, aplicando programas de uso gratuíto de balnearios, piscinas e centros de zooterapia para persoas dependentes cuxas doenzas poidan beneficiarse das mesmas, reforzando os



servizos sociais comunitarios e a atención/intervención temperá na rede sociosanitaria pública para persoas dependentes, aumentando o número de horas de SAF nos Concellos para Dependencia, ampliando as prazas de respiro familiar e a rede pública de centros de día e residencias de maiores, aumentando as rateos de persoal nas mesmas, e desenvolvendo un protocolo de atención a persoas maiores en situación vulnerable que viven soas.

Proposta de resolución nº 8

“Recuperación e blindaxe do dereito á educación Pública e de calidade”

Lonxe de rematar, a política economicista e curtopracista do Partido Popular mantense sobre o ensino público. Coa escusa da crise-estafa, atopámonos recortes reiterados no orzamento destinado ao ensino público que fixeron decaer o investimento en máis un punto do PIB. Así, cando o PP chegou ao goberno o investimento en ensino supoñía un 4,62% do PIB e hoxe esa cifra queda no 3,59%. Cifra que nos sitúa cinco puntos por debaixo da media estatal, malia que o estado español é o quinto pola cola de toda Europa. Así, a cifra de investimento galega só supera á de Rumanía, cun 3,1%.

Os tesoirazos constantes tradúcense, por suposto, en menor calidade educativa, toda vez que perdemos docentes, aulas, escolas, optativas e un longo etcétera de recortes. Porén, isto pasaba na pública, ao tempo que o financiamento do ensino privado financiado con fondos públicos non fixo máis ca medrar. Así, o proceso privatizador avanza, tal e como demostra que no mesmo prazo no que se pechaban aulas públicas se abriran duascenas vinte e dúas unidades entre a privada e a concertada.

Por todo o exposto

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a blindar orzamentariamente o dereito á educación, establecendo un plan anual de incremento dun 0.25% do PIB durante o próximo quadrienio 2019-2022 para situar o investimento en ensino nun 5% do PIB para o ano 2022 e Definir o 5% do PIB como o investimento mínimo co que blindar o dereito ao ensino para seguir avanzando cara un 7% do PIB.

Resolución nº 9

“Contra a privatización da Sanidade Pública”

O sistema sanitario público padece dende fai dúas décadas unha progresiva infiltración das empresas privadas. Se ben nos inicios esta infiltración estivo máis centrada en servizos non puramente sanitarios -mais moi importantes para o sistema- ou na articulación de entes semipúblicos; Nos últimos anos, dende a entrada do primeiro Goberno de Núñez Feijóo, a ofensiva chegou por todos os flancos e a unha parte moi elevada de servizos sanitarios.

Esta ofensiva neoliberal, alentada pola caída do negocio noutros sectores outrora puxantes – e inflamados- coma o da a especulación construtiva, adoptou diferentes formas a nivel administrativo e se foi mudando ao longo de estas tres lexislaturas.

Nunha primeira fase, a avidez por empregar a saúde coma negocio, fixo que a Xunta presentase amplos contratos e convenios. Un exemplo claro foi a neofórmula administrativa alcumada “diálogo competitivo” baixo a que foi privatizada a alta tecnoloxía no Servizo Galego de Saúde.

Ou o macrocontrato de xestión e mantemento das instalacións no CHUOU.

Ou a mesma colaboración público-privada empregada para construír e explotar o novo hospital de Vigo.

Sen embargo, o rexeitamento social e as dificultades legais nalgúns casos, serviron coma acicate para que o Goberno mudara de estratexia, pasando a fragmentar as contratacións, convenios e concertos en partes e anacos máis pequenos e, polo tanto, máis doados de ocultar.



Neste mesmo ano tivemos coñecemento de varios exemplos no caso da sanidade pública na Coruña. Un deles foi o contrato que privatizaba parte da asistencia sanitaria na EOXI e que abría incluso a posibilidade de que a sanidade privada fixera “uso” do persoal público, algo totalmente obsceno que salta por enriba da Lei de Incompatibilidades.

Outro dos exemplos atópase no concerto con Cruz Vermella e Fundación La Caixa para ofrecer asistencia psicolóxica, en troques de facelo desde a sanidade pública.

Ou nos convenios que con tanta opacidade a Xunta asinou coa multinacional Medtronic para a penetración da mesma na xestión das unidades de cardioloxía dos nosos hospitais -Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña-. Sendo este caso realmente crítico ao vir unido á unha ocultación da información dos convenios por parte da administración que só se resolveu parcialmente ante a denuncia e pronunciamento dos órganos que velan pola transparencia.

Tamén destaca o permanente desvío de fondos públicos para soportar que clínicas privadas e Fundación Íñigo Álvarez de Toledo proporcionen uns servizos de hemodiálise que podería ofrecer de xeito sinxelo a sanidade pública.

E así, unha longa listaxe que conclúe co incremento paulatino do orzamento para pagar concertos sanitarios varios. Algo que corroboran os datos ofrecidos anualmente polo Consello de Contas.

Mentres á nosa sanidade pública imposibilítaselle en moitas ocasións incrementar e mellorar os seus servizos con máis instalacións e persoal público, a empresa privada da saúde mantén un crecente negocio de concertación sanitaria.



Por todo o anterior o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Planificar a medio e longo prazo as medidas a tomar para prescindir paulatinamente dos concertos sanitarios privados; Iniciar os trámites para integrar na Rede Pública do SERGAS as fundacións, axencias e empresas públicas sanitarias; Paralizar todas as privatizacións en curso, comezando o estudo e actuacións para a reversión dos servizos xa privatizados.

Resolución nº 10

“Medios de comunicación públicos independientes, non manipulados e de calidade”

O Goberno do PP non incorporou “aspectos fundamentais” regulados pola Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia: a elección dun novo director ou directora xeral por maioría cualificada de dous terzos, que garanta a súa imparcialidade. Nin a aprobou do mandato marco que asegure un financiamento estable, unha garantía de produción propia interna e o mantemento dos postos de traballo na CRTVG. Ten unha vixencia de 9 anos que tamén limita a posibilidade de control, xa que o mandato marco define a actuación do ente público neses anos. Omitiu a aprobación do Estatuto Profesional dos traballadores da CRTVG e do Consello de Informativos co fin de garantir a profesionalidade e a independencia dos contidos, ou a regulación do dereito de acceso dos grupos sociais e políticos significativos do país como condición necesaria do pluralismo. Tampouco cumpriu coa obriga de poñer na práctica o Código Ético de Igualdade, tanto na Corporación como nas empresas contratadas e suxeitas a subvención pública. En todo caso, a lei tiña que ter entrado en vigor moito antes, pero soamente activaron a parte que lles interesaba que foi o control político para esta lexislatura e un mandato marco a medida.

A CRTVG incumpe sistematicamente as recomendacións do Consello de Europa e da Directiva Comunitaria en radiodifusión. A CRTVG como todas as televisións públicas (gubernamentais, neste caso), non se corresponde co que deben ser os medios públicos nunha democracia, e dicir teñen que ser independentes do poder político e dos poderes económicos.



As traballadoras e traballadores da CRTVG están a manter unha loita exemplar contra esta maquinaria propagandística do PP. Os chamados «venres negros» (levamos vinte), pola indumentaria que identifica a protesta, son un paso decisivo e valente que non só supón unha denuncia, tamén amosa a forza e a vontade dun xornalismo de decencia permanente, libre de servidumes, e que ten claro que a información é un ben común que non pode dexenerar nin en propaganda nin en mercadoría. Esta loita é tamén un exemplo para nós, as forzas políticas obrigadas a construír unha alternativa: non poden ser máis importantes os intereses partidarios que os da poboación.

Por todo o exposto,

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar e fortalecer o papel dos medios públicos de comunicación englobados na Corporación da Radio Televisión de Galicia de acordo coa lei 9/2011 de 9 de novembro, superando o actual modelo que converte a CRTVG no órgano de expresión do Goberno Galego e garantindo a súa independencia. Impulsar o nomeamento do Director Xeral por parte da cámara Galega, e a equiparación a actual representatividade política dos órganos de control e representación da Corporación e por último facer a solicitude que corresponda ao Consello de administración da CRTVG para que aprobe o Estatuto Profesional e o Consello de Informativos da CRTVG, de acordo coa Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e elaborar o Código de Boas prácticas mediante autorregulación, tal e como obriga o DOG 17/2/2016. Cap. III Igualdade de oportunidades e medios de comunicación.

Resolución nº 11

“AP-9 Galega e cen por cen pública”

A estafa que supuxo (e segue a supoñer) o sistema de peaxes nas autoestradas non é só un problema para toda a cidadanía galega por verse obrigada a pagar cifras esaxeradamente altas para facer uso dun servizo público básico, senón porque a propia xestión da autoestrada remata por facerse de forma nefasta.

Cando falamos da AP9, falamos dunha das autoestradas máis caras do territorio do Estado, sendo a autoestrada que da o peor servizo. Falamos dunha autoestrada que está repartindo dividendos indecentes entre os seus accionistas pola explotación dun ben público estratéxico para Galicia, que gaña 1 de cada 3 euros que pagamos nas peaxes, cun 50% de beneficio antes de impostos, so ó alcance dos monopolios.

Cando falamos de AUDASA, falamos dunha empresa que reparte todos os beneficios entre os seus accionistas namentres da un pésimo servizo e despide persoal, o que a converte na número un do Estado en reclamacións das usuarias, duplicando á segunda e triplicando á terceira, e así ano tras ano.

E tamén falamos dunha empresa que estafa ás galegas cobrando por un servizo que non da, porque cando hai retencións insoportables nin advirte ás usuarias, nin levantar as barreiras, nin devolve o importe das peaxes cobradas.

En Galicia existe un consenso político e social para transferir e recuperar para o público a xestión da AP9, Autoestrada do Atlántico. Dada a importancia que ten dita xestión para o desenvolvemento económico e social de Galicia e por estar servindo a intereses privados en detrimento do interese xeral.



A actual xestión da AP9 non mellora a cohesión territorial do eixo atlántico e encarece a cada pouco un traxecto fundamental a nivel social e económico. Ademais, a AP-9 é unha infraestrutura completamente amortizada.

A AP-9 é una autoestrada que transcorre integramente por territorio galego, que une 5 das cidades máis importantes de Galiza, que atravesala custa máis de 40 euros, que é decisiva para a economía de Galiza, das familias, das empresas, do transporte, pero que é secundaria para o global da economía do Estado, parece de sentido común que a Xunta de Galiza ten que asumir a xestión desta infraestrutura.

A actual xestión pola concesionaria AUDASA responde a intereses alleos. Alleos a Galiza e alleos á maioría social. Non se pode xustificar a privatización dunha infraestrutura cuxa xestión non é en absoluto complicada e que está a xerar uns desorbitados beneficios á empresa concesionaria. Desde a súa privatización as peaxes encarecéronse nun 60%. Unha porcentaxe que duplica o IPC durante ese período.

Unha situación de abuso de poder, de monopolio, que indigna aínda máis cando se comproba que eses beneficios non foron para mellorar a autoestrada. O maior investimento que fai AUDASA é automatizar o cobro e despedir á xente, reducindo os gastos de explotación todos os anos polo despido de persoal.

O PP vetou o debate na mesa do Congreso das Propositions de lei aprobadas por unanimidade no Parlamento galego, cun informe cheo de argumentos falsos, ademais de amosar agravios respecto a outros territorios do Estado.

Os mesmos argumentos que se esgrimiron no seu informe non impediron que durante gobernos do PP e do PSOE se traspasasen autoestradas en Cataluña (RD 902/1995), a C-17 de Barcelona a Ripoll que remata nas inmediacións da fronteira francesa e era de interese xeral a A-19 entre Barcelona e Girona, e a Euskadi (RD 1837/1999) a A-8 de Bilbao a Behovia que remata xusto a 10



metros da fronteira con Francia e foi traspasada por Arias Salgado (PP). 2.-O mesmo Goberno que alude ao custe do rescate da AP-9 non ten reparos en rescatar as autoestradas radiais en Madrid, asumindo o Estado un custo moi superior ao valor real do rescate da AP-9. O Goberno do PP, seguindo a práctica realizada co sistema bancario, socializa as perdas e privatiza os beneficios, ou, o que é o mesmo, rescata autoestradas madrileñas en quebra, pero pretende manter a titularidade estatal e o negocio millonario da AP-9 galega.

Constatouse ademais das falsidades e os agravios comparativos con Galiza, a burla do PPdG que aproba no Parlamento galego propostas que foron freadas polo PP de Madrid.

Por todo isto

O Parlamento galego demanda da Xunta de Galicia a realización das medidas oportunas para acadar a total transferencia a Galicia da AP-9 e iniciar o proceso oportuno para acadar o seu rescate e nacionalización .

Resolución nº 12

“Rexeneración democrática e loita contra a Corrupción política”

A corrupción representa un problema de primeira orde para a sociedade galega. Despois da condena do Partido Popular no xuízo da Gürtell por corrupción, sendo condenado a prisión como número tres da trama a exsecretario de organización do PPDG, Pablo Crespo, vinculando directamente a financiación ilegal do PP nas campañas a estas tramas organizadas, é un tema que afecta directamente a propia lexitimidade das institucións galegas por tratarse dun partido que concorreu “dopado” aos distintos procesos electorais. Despois da moción de censura que retirou do poder do executivo estatal a Mariano Rajoy, e o seu goberno, o traballo político contra a corrupción non rematou, se non que recén comeza a dar os seus froitos e queda moito traballo que facer en Galicia.

Seguen na nosa retina, casos tan coñecidos como a Pokemon, Campeón, Qátedra, Condor, Zeta, Baltar, que son só unha parte da trama corrupta que a día de hoxe segue moi presente en Galicia.

A preocupación entre os galegos e galegas por este tema, queda reflexada nas sucesivas enquisas do CIS, onde a corrupción segue sendo o segundo problema para a nosa sociedade.

Consideramos necesario articular tódolos mecanismos que permitan atallar e eliminar esta problemática, polo tanto facémonos eco dunha vella reivindicación como é a creación de unha fiscalía anticorrupción para Galicia, tal e como xa teñen outras Comunidades Autónomas do Estado español como a Rexión de Murcia, a Comunidade Valenciana, Andalucía, Canarias ou Andalucía.



Superar un modelo corrupto é unha obriga dos partidos políticos, pero tamén un desexo da cidadanía que apoiou estas iniciativas de xeito claro e maioritario como amosan os datos do CIS.

O Partido Popular gañou as eleccións en Galicia, antes da caída do goberno de Rajoy, e insiste en que isto segue validando o feito polos seus gobernos en materia de control da corrupción, pero a realidade é que son precisas medidas concretas para evitar os continuos casos de corrupción institucional que asola o país, o goberno na meirande parte dos casos, o que fixo foi mirar cara outro lado .

Galicia non é allea a esta realidade, e son moitos os nomes de persoas do Partido Popular que hoxe están condenados ou sendo investigados por casos de corrupción política. Por moito que intenten normalizar a corrupción, é obriga das institucións continuar na loita contra esta incorporando as medidas que permitan e eviten a súa aparición

Esta proposta, na que reclamamos unha fiscalía anticorrupción propia para Galicia é defendida tamén por persoas de relevancia dentro do mundo da xudicatura.

Volvemos lembrar que en abril de 2017, nunha entrevista recollida na Voz de Galicia, o presidente da Unión Progresista de Fiscais e Fiscal de Medio ambiente de Galicia, Alvaro García Ortiz, consideraba absolutamente incomprensible que Galicia non conte con unha Fiscalía anticorrupción.

Pero o señor García Ortiz non foi o único que se posicionou sobre este tema, lembramos de novo que o propio Fernando Suanzes, nada máis e nada menos que o fiscal superior de Galicia, afirmaba que polos delitos de corrupción que rexistra, Galicia necesita un fiscal especializado.



O grupo popular votou dúas vez que non a esta iniciativa presentada no Parlamento galego dende o grupo de En Marea, alegando que lle correspondía ao Fiscal Xeral do Estado, malia que el mesmo afirmaba que estaba dacordo e era necesaria para Galicia. No pasado debate do estado da nación volveu votar en contra.

Despois da sentenza da Gürtell, e ver a toda unha sociedade que os impugnou ao goberno Rajoy, xerando a súa caída do executivo do Estado, e tendo en conta as vinculacións directas deste goberno ca sentenza, con Galicia e co PP de Feijóo, por dignidade e urxencia democrática, as forzas progresistas temos o deber ético de pular por extirpar de raíz a quenes parasitaron as institucións tantos anos para beneficio propio. En Galicia tamén. Agora temos un novo goberno, ao cal esiximos ca mesma contundencia que debe pular polo que viñemos defendendo ata o de agora.

Por todo o exposto anteriormente

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar ao Ministerio de Xustiza a que aumente e dote con maior número de recursos a planta do Ministerio Fiscal en Galicia e articule as medidas oportunas para dotar a Galicia dunha fiscalía anticorrupción delegada exclusiva para o país. Ademais de articular todas as medidas oportunas para evitar a súa proliferación, dende o incremento da información e transparencia do goberno ata as necesarias para protexer as persoas que denuncien casos de posible corrupción .

Resolución nº 13

“Pola Atención Primaria”

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. Apostar por unha Atención Primaria de calidade, supón unha mellora para o conxunto da sanidade pública que se fai totalmente necesaria nunha sociedade, na que a pirámide poboacional e os condicionantes sociais, mudaron de xeito acelerado, condicionados polo envellecemento, o aumento da esperanza de vida que provoca a cronicidade de moitas patoloxías, ou a precariedade nas condicións de vida da poboación, polo que as melloras no primeiro nivel da cadea asistencial resultan totalmente necesarias.

O desenvolvemento dunha atención primaria digna no contexto dun sistema sanitario público, universal, equitativo e de calidade é imprescindible no marco dunha política que aspire a resolver problemas de saúde das persoas atendendo ao contexto biolóxico, social, psicolóxico, económico e cultural.

A importancia da atención primaria nun sistema sanitario público radica en primeiro lugar na súa accesibilidade:

É o primeiro eslabón asistencial ao que as persoas se achegan nun contexto de necesidades de saúde. A accesibilidade é a característica fundamental dun dispositivo sanitario que pretende garantir a máxima inclusión das persoas.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a Atención Primaria na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterióros máis agudos no Servizo Galego de Saúde.



A atención primaria tense demostrado como o esclavón asistencial máis eficiente: con investimento de menos recursos económicos consegue mellores resultados en saúde (OMS, Starsfield...). Permite utilizar o sistema con maior eficiencia ca outros niveis. A atención primaria debe estar suficientemente dotada, porque a súa dotación redundará nunha mellor calidade da atención global prestada.

Mentres que o orzamento hospitalario aumentou, o reparto para a Atención Primaria no orzamento sanitario foi reducido ao 13,1% do total, por debaixo da media española, cifras que deixan ver a escasa vontade política do Goberno na aposta pola Atención Primaria.

Precísase un correcto dimensionamento con dotación axeitada de profesionais, que son **PRINCIPAL PATRIMONIO DUN SISTEMA SANITARIO DE CALIDADE**.

Débense recuperar as ratios universalmente consideradas de un EAP por cada 1250 pacientes, como no seu momento se considerou nun Plan de Mellora desbotado polo partido Popular.

Ademais débese repoñer cada profesional xubilado, permitir a prórroga na idade de xubilación e garantir a cobertura total de ausencias, así como o cumprimento dos Plans Funcionais establecidos para os Puntos de Atención Continuada.

Débese combater con todos os medios a xénese de lista de agarda en Atención Primaria por atentar contra o principio básico de accesibilidade ao sistema sanitario.

Para garantir que as profesionais de Atención Primaria teñan capacidade resolutiva real é precisa a súa optimización: asunción de máis atribucións por parte do persoal de Enfermaría.



É necesario o incremento do acceso a recursos diagnósticos para o persoal médico de Primaria sen tanta supeditación ao control da Atención Hospitalaria, facendo uso da súa capacidade formativa.

Neste sentido é necesario recuperar a independencia da Atención primaria no que respecta a ter un presuposto digno e propio, suficiente, e a recuperar tamén as estruturas de xestión propias. Sen cartos, xerencias e recursos, a Atención Primaria, máis eficiente e resolutiva, quedará relegada á atención Hospitalaria, menos eficiente e máis dependente dos recursos tecnolóxicos, e non sempre necesarios para resolver os problemas de saúde das persoas.

O acontecido neste verán, evidencia aínda de xeito máis contundente as consecuencias dos recortes. A falta de cobertura das baixas e vacacións, das consultas de pediatras e matronas, entre outras ou unha correcta atención nas urxencias médicas dos Puntos de Atención Continuada, supoñen carencias, que teñen como consecuencia unha masificación das consultas (con 50 pacientes ao día), un incremento das listas de agarda nos centros de saúde, onde as e os doentes deben esperar máis dunha semana para ser atendidas ou unha precariedade absoluta nos servizos de urxencia dos Puntos de Atención Continuada, nos que non se respectan os dereitos laborais das traballadoras e traballadores, non se lles dota do material necesario e en moitos casos, soamente un equipo debe atender as urxencias dentro e fora dos centros, unha situación que non permite dar unha asistencia axeitada e que pon en risco a saúde das persoas, como no caso do trágico suceso acontecido no PAC de A Estrada, aspecto que ten máis consecuencias naqueles lugares rurais e afastados dun hospital de referencia.

Esta falta de planificación e precariedade, imposta polo deterioro das condicións laborais ou as prexubilacións forzosas, responden a unha política de desmantelamento do público que non pon ningún interese en manter unha asistencia de calidade na Atención Primaria, cun abandono progresivo e



programado cara un modelo mercantilista entorno aos negocios de innovación e lonxe dun modelo preventivo e de promoción da saúde.

Por todo o anterior o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Elaborar un Plan de Mellora da Atención Primaria por ser mais accesible, a mais eficiente e a mais achegada as persoas, dotándoa do persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios, para garantir as políticas de promoción e prevención da saúde así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de AP para unha mellora na capacidade decisoria e de xestión.

Proposta de resolución nº 14

“Facer efectivos os dereitos das persoas con discapacidade”

Galiza é a CA con maior taxa de discapacidade (11,3%), con 231.954 persoas con discapacidade recoñecida en 2017, pero o gasto público en atención á discapacidade continúa por baixo da media da UE.

A crise utilizouse como escusa para recortar dereitos ás persoas con discapacidade, impedindo o desenvolvemento da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da chamada lei de dependencia, paralizano así a materialización do principio de igualdade de dereitos de todas as persoas.

En canto á accesibilidade universal, a día 4 de decembro de 2017 deberían estar acadadas as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación en produtos, servizos e entornos nunha serie de supostos que non se acadaron, nin no caso das vivendas, nin no transporte nin nas oficinas públicas. Así, a realidade é a de entornos urbanos pouco accesibles e persoas que non teñen a vivenda adaptada. Asemade, no caso das persoas xordas, nin sequera os servizos da Administración contan con suficientes intérpretes de lingua de signos, o que é especialmente grave no caso do SERGAS.

En canto a centros de atención á discapacidade, só hai catro.

O PP recortou o servizo de transporte adaptado, endurecendo as condicións de acceso e separando as modalidades non regular e regular, sometendo este a un copago moi gravoso para as persoas usuarias e as entidades de iniciativa social que traballan coa discapacidade.



A Xunta do PP tamén empeorou o sistema de prestacións ortoprotésicas e conxelou o desenvolvemento da prestación de Asistente Persoal para a Vida Independente, cun número de horas insuficiente.

Ademais, a Xunta do PP non actúa para eliminar a estrutural lista de agarda e colapso dos Equipos de Valoración da Discapacidade, que acumulan máis de 10.267 expedientes sen valorar e con listas de agarda de anos en Pontevedra para obter o certificado de grao de discapacidade. As medidas aplicadas pola Xunta (convenio co Sergas e contratación temporal de novos equipos) só foron parches e non reduciron a lista de agarda e os cambios na solicitude de valoración do grao de discapacidade foron no camiño de favorecer que as persoas non soliciten a valoración social, o que supón que perdan dereitos se así o fan.

Por outra parte, Galiza é a Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego das persoas con discapacidade (27,8% fronte á media estatal do 33,9%).

Os salarios das persoas con diversidade funcional en Galiza son inferiores en 3.542 € a respecto do salario medio bruto (17.338 € vs 20.880€) e os datos aínda son máis alarmantes no que respecta ás persoas que teñen algún grado de discapacidade por causa dunha enfermidade mental, pois a propia Consellería de Política Social indica que en Galiza hai 29.814 persoas con discapacidade por enfermidade mental das cales menos do 5% teñen emprego estable.

Segundo o CES “no que respecta ás actuacións de integración laboral de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social, dos 2.710 beneficiarios totais destas actuacións en Galicia no ano 2015, máis do 70% están integrados dentro das actuacións de mantemento de centros especiais de emprego”; ademais, 45 persoas máis foron empregadas en “creación de novos CEE”. É dicir, a maior parte da política de integración laboral das persoas con diversidade faise a través dos CEE, que, na práctica, non están garantindo a integración das persoas con diversidade ao mercado laboral ordinario, sobre todo no que respecta aos CEE



con ánimo de lucro, que teñen un convenio colectivo menor que os convenios sectoriais. Así, a empresa privada pasou de ter 29.033 persoas contratadas con algunha discapacidade en 2006 a un total de 26.625 en 2015: 2408 persoas menos. Mentres, nos CEE a evolución do emprego pasou das 26.290 persoas contratas en 2006 ás 68.613 de 2015.

Por outra parte, a maioría das empresas de máis de 50 traballadores/as, privadas e públicas, non cumpren coa cota de reserva do 2% para persoas con diversidade funcional.

Polo exposto, o Parlamento de Galiza acorda:

O Parlamento galego insta á Xunta a facer efectiva a igualdade de dereitos das persoas con discapacidade, comprometendo fondos para acadar as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación en produtos, servizos e entornos, garantindo a accesibilidade total dos servizos da Administración, especialmente do SERGAS, así como o desenvolvemento do transporte adaptado como servizo público, o desenvolvemento dun verdadeiro Sistema Galego de Asistencia Persoal para a Vida Independente, aumentando as horas subvencionables, a mellora da prestación ortoprotésica e o reforzo con persoal estable e novos equipos os Equipos de Valoración e Orientación, para eliminar a lista de agarda na valoración do grao de discapacidade, ademais de impulsar plans de emprego que favorezan a inclusión no réxime laboral ordinario para as persoas con discapacidade e garantir as cotas de reserva dos postos de traballo para persoas con discapacidade.

Resolución nº 15

“Na defensa das infraestruturas ferroviarias necesaria para Galicia”

En Galicia a situación das nosas infraestruturas ferroviarias non pode permitirse mais demoras na xusta reivindicación e execución de elementos fundamentais para iniciar a vertebrar o noso transporte ferroviario ,

O servizo de ferrocarril de Ferrol á Coruña leva décadas nun absoluto abandono. Actualmente as seis viaxes diarios desde A Coruña e sete desde Ferrol cobren 69 quilómetros entre 65 e 78 minutos. O tempo empregado en completar o traxecto, que en vehículo privado é de 40 minutos e en autobús de 50, contrasta cos 28 minutos que tarda un tren en chegar da cidade a Santiago en practicamente a mesma distancia. Non hai ningún servizo directo entre A Coruña e Ferrol e no traxecto os trens teñen que facer trece paradas, algunhas (Barallobre, Neda, Cecebre, Cambre) nas que a demanda de billetes é moi escasa, e que incrementan o tempo da viaxe entre dúas e catro minutos por sentido.

Unhas condicións que non son competitivas si as comparamos co transporte por estrada. Trátase dunha área que engloba uns 450.000 habitantes, e dunha liña que une A Coruña, Culleredo, Cambre, Bergondo, Betanzos, Miño, Pontedeume, Cabanas, Fene, Neda e Ferrol. É unha das poucas áreas destas características do Estado español que non conta con servizo de cercanías.

O desleixo na atención a este corredor ferroviario foi a tónica xeral tanto dende a Xunta de Galicia, como dende o Estado, gobernase quen gobernase. En 2012 créase o servizo Rexional de Cercanías de Galiza, pero nada se avanzou dende entón. O último acordo do Parlamento galego en relación á mellora deste servizo



foi do 26 de abril de 2017, pero ata o de agora o goberno do Estado gobernado polo PP e agora polo PSOE non teñen dado sinais de tomarse en serio o asunto.

Para o Grupo Parlamentario de En Marea é unha infraestrutura estratéxica que melloraría a mobilidade nesta área dun xeito máis sustentable, e que non require grandes investimentos si o comparamos con outros proxectos de infraestruturas. Un estudo da Consellería de Infraestruturas cifra nuns 135 millóns as melloras para facer deste un servizo competitivo.

As melloras que propón, para as que calcula un custo global de 135,5 millóns de euros, afectarían á variante de Betanzos, onde cun cambio de trazado poderíase aforrar un tempo de percorrido de 10 minutos ao suprimir a parada obrigatoria na estación de Betanzos Infesta, acompañada da supresión de pasos a nivel, a rectificación de curvas, a electrificación da liña e a xeración de novos puntos de cruzamento en todo o trazado. Pero nada fixo o goberno do estado do Partido Popular.

Só co bypass de Betanzos, que suporía un investimento duns 30-40 millóns de euros o tempo de viaxe que se reduciría sería duns 15-20 min.

Así mesmo insta á Xunta de Galicia a que esixa e negocie a transferencia das competencias ferroviarias de cercanías para Galiza.

Ademais O Regulamento (UE) 913/2010 do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de setembro de 2010 sobre unha rede ferroviaria europea para un transporte de mercadorías competitivo estableceu unha serie de corredores europeos de mercadorías para aumentar a competitividade do ferrocarril fronte a outros medios de transporte. Estes corredores europeos de mercadorías constitúen así mesmo a espiña dorsal das Redes Transeuropeas de Transporte definidas nos Regulamentos UE 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de Decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do



Parlamento Europeo e do Consello do 11 de Decembro de 2013 polo que se crea o Mecanismo “Conectar Europa”.

Entre estes corredores está o Corredor Atlántico do que ata agora estaba excluído totalmente Galiza.

Se a idea é impulsar un subcorredor así, o normal é contar coas infraestruturas ferroviarias precisas. Debe haber investimentos no ferrocarril para modernizar a liña Monforte-Valdeorras-Ponferrada-Palencia, ademais de incentivar a liña Ourense-Lugo

No mes de xuño de 2018 a Comisión da Unión Europea aprobaba a proposta de integración de Galiza no Corredor Atlántico , o que significou, como tal proposta e aínda en trámite no Parlamento Europeo (a votación programada no Comité do Parlamento Europeo, prevista para o 25/10/2018), unha boa nova e a reparación parcial do sin sentido que era a exclusión total de Galiza da rede de corredores de mercadorías europea.

Nese mesmo mes de xuño a Comisión propuxo tamén un orzamento de 30.600 millóns de € para as redes de infraestrutura de transportes europeas para o período 2021-2027.

Así quedaba a proposta da Comisión da UE, tal e como consta no seu Anexo (parte III):

PART III: TRANSPORT CORE NETWORK CORRIDORS AND PRE-IDENTIFIED SECTIONS; PRE-IDENTIFIED SECTIONS ON THE COMPREHENSIVE NETWORK

1. Core network corridors and pre-identified sections

Core network corridor "Atlantic"

Alignment	Gijón – León – Valladolid A Coruña – Vigo – Orense – León– Zaragoza – Pamplona/Logroño – Bilbao Tenerife/Gran Canaria – Huelva/Sanlúcar de Barrameda – Sevilla – Córdoba Algeciras – Bobadilla – Madrid Sines/Lisboa – Madrid – Valladolid Lisboa – Aveiro – Leixões/Porto – Douro river Aveiro – Valladolid – Vitoria-Gasteiz – Bergara – Bilbao/Bordeaux – Tours – Paris – Le Havre/Metz – Mannheim/Strasbourg Saint Nazaire – Nantes – Tours
------------------	--

Como se pode observar , nesta proposta intégranse no corredor atlántico as conexións Galiza-España (A Coruña-Vigo-Ourense-León), e Portugal-España (Sines/Lisboa-Madrid-Valladolid, Lisboa-Aveiro-Leixoes/Porto-Río Douro), pero non a conexión Galiza-Portugal.

Dita conexión é estratéxica para Galiza e para os seus portos e debe de ser unha prioridade política neste país.

A mellora da conectividade entre Galiza e Norte de Portugal é fundamental, xa que estamos a falar dunha rexión duns 6 millóns de habitantes cun grande dinamismo económico, e que conta cunha importantísima rede de portos cuxa interconexión suporía a creación de grandes sinerxias.

Portugal é un dos principais mercados exteriores de Galiza e non se debe de tolerar polo tanto a desvertebración de Galiza e Portugal.



A demanda da inclusión do Corredor Ferrol-Porto, xunto coa priorización da conexión Vigo-Porto debe de ser trasladada á Unión Europea.

A inclusión deste corredor Galiza-Norte de Portugal no Corredor Atlántico, facilitaría os investimentos necesarios para unha conexión ferroviaria competitiva entre os portos galegos e destes con Portugal.

Por todo isto

O Parlamento galego acorda dirixirse ao Parlamento Europeo aos efectos de demandar a inclusión do Corredor Galiza-Portugal (Vigo-Leixoes/Porto) no Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías, modificando a tal efecto e en trámite parlamentario a Parte III do Anexo da proposta da Comisión 2018/0228(COD), instar á Xunta a demandar do Goberno do Estado a demandar das institucións comunitarias da UE tal modificación, e demandar do Goberno do Estado o impulso da mellora da conexión ferroviaria Vigo-Porto, dotándoa de recursos orzamentarios, e solicitando adicionalmente o financiamento dos investimentos para dito proxecto á Unión Europea.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno do Estado a elaborar antes de final de 2018 unha planificación estratéxica para impulsar a modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol que mellore as prestacións de xeito que sexa competitivo respecto doutros modos de transporte, e a que inclúa nos Orzamentos para o ano 2019 as partidas necesarias para darlle un impulso de tal xeito que o final da modernización desta liña se leve a cabo antes do 2022.

Así mesmo insta á Xunta de Galicia a que esixa e negocie a transferencia das competencias ferroviarias de cercanías para Galiza, e a implementar a modernización da liña Lugo-Ourense incluíndo as partidas orzamentarias correspondentes.



O Parlamento galego esixe ao Goberno do Estado a cumprir cos prazos de remate do AVE a Galiza.

Resolución nº 16***“ Defensa da pesca artesanal e a acuicultura extensiva e respectuosa co medio e saneamento integral das rías ”***

O Sector do Mar en Galicia é sen dúbida un dos motores da nosa economía, e da nosa forma de ser como país. Este sector é capaz de producir cifras de negocio en todo o seu conxunto Mar-pesca-industria mais de 3.700 millóns de euros, dos que un terzo son directamente xerados polos sectores marisqueiro, pesqueiro, mitícola e piscícola galegos. Pero o efecto arrastre do noso sector pesqueiro afecta a mais de 74 sectores da nosa economía, polo tanto a súa supervivencia é garantía necesaria para a supervivencia económica de Galicia.

A pesar do enorme esforzo da nosa xente do mar, en constante innovación e mellora incorporando novos produtos e tecnoloxías son sen dúbida atacados por unhas políticas pesqueiras incompresibles dende a defensa da economía Galega. Os continuos ataques as nosas frotas, aos nosos recursos, forman parte dunha estratexia predeseñada para a súa expulsión do mar, dentro da teima da Unión Europea e do actual goberno Galego de substituír o noso sector tradicional por pesca industrial e acuicultura intensiva.

Así a continua redución de cotas de captura, a monolítica política de descartes ou as achegas para a paralización de frota demostran unha única intención , mudar o noso sector dende a visión capitalista de acumulación de capital en menos mans, transformando un sector coxestionado nun modelo puramente industrial que relegue aos nosos produtores a mera man de obra sen capacidade de decisión .

A Xunta de Galicia comportase como fiel lacaios da Troika neste proceso de reconversión da nosa flota, favorecendo a perda de frota con respecto a outros países e comunidades, deixando de executar os recursos que teñen os orzamentos



para desenvolvemento pesqueiro, ou non exercendo as súas competencias en augas interiores en conflitos como o que mantén o sector do Xeito.

Existe inacción da Xunta ademais na mellora do saneamento das nosas rías, na loita contra a contaminación mariña e lumínica que afecta aos nosos produtos do mar , incrementando as incertezas e dificultades que fan que hoxe non exista apenas incorporación de xente moza ao noso sector mariñeiro.

Hoxe a Xunta é cómplice por inacción da competencia desleal de produtos foráneos que son vendidos en Galicia como propios, como por exemplo no incumprimento da sentenza sobre o etiquetaxe do mexillón Galego, onde a Xunta unha vez mais preferiu mirar para outro lado favorecendo unicamente os intereses da patronal da conserva esquecendo aos produtores.

Pero para o sector é fundamental o correcto mantemento do seu lugar de produción, a situación das nosas augas continentais, dos nosos ríos pero sobre todo das nosas rías é hoxe outro elemento de preocupación, o sector so será viable cando as nosas augas estean nun perfecto punto de conservación medioambiental

A xestión das augas residuais en Galicia non se está a facer de maneira axeitada, os vertidos incontrolados ós ríos e rías son un problema de gran importancia que non está a contar coa atención que merece por parte da consellería. Galicia ten máis da metade de zoas de baño con mala calidade nas augas de todo o Estado e a maioría das zoas de marisqueo están afectadas por contaminación fecal.

Fai pouco a Comisión Europea ven de reenviar ó estado español ante o tribunal de xustiza da UE por non cumprir a sentenza do tribunal do 2011. O motivo é que algunhas comunidades autónomas non están a garantir que as augas residuais urbanas sexan debidamente recollidas e tratadas para prever riscos graves para a saúde e o medio ambiente. En Galicia isto afecta a tres zoas altamente poboadas Vigo, Compostela e Barbanza, o 18% das zoas detectadas pola comisión.

A falta de control por parte de Augas de Galicia sobre as actividades industriais que xeran pasivos en forma de contaminación de recursos hídricos, a falta de vontade por parte da Xunta de Galicia de resolver o grave problema da xestión das augas residuais urbanas e a falta de sensibilidade do Goberno galego diante dos problemas de contaminación tenos levado a unha situación crítica que é preciso abordar de maneira decidida.

A falta de datos e estudos que nos dean conta da situación de maneira pormenorizada falan por si so do desleixo do Goberno da Xunta de Galicia diante deste problema que está a afectar á calidade do noso patrimonio medio ambiental, e tendo un impacto importante nas actividades produtivas que dependen directamente da calidade das augas, como poden ser o marisqueo, a pesca ou o turismo, actividades fundamentais no modelo produtivo de Galicia.

Por este motivo, para poder abordar de maneira urxente o problema, precisamos un estudo que de conta da situación e das súas causas.

Por todo isto o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a encabezar perante as institucións europeas, a xusta reclamación da exclusión dos topes de captura da pesca tradicional, sustentable e de baixura. A exercer as súas competencias en augas interiores e decretar un plan Galego de explotación da sardiña ibérica para o xeito, que permita superar a situación actual, así como promover as iniciativas necesarias para mellorar a produtividade do noso sector marisqueiro, mediante plans serios de recuperación de zonas de produción e mellorando o subministro de semente autóctona, sen esquecer a promoción de iniciativas en materia de etiquetaxe dos produtos da pesca e a acuicultura Galega, que permitan ao consumidor identificar de forma inequívoca a procedencia e métodos de extracción e produción dos produtos



Galegos, evitando así a competencia desleal que sofren os nosos produtores. Por último instamos a Xunta de Galicia a que encargue unha auditoría sobre o nivel de contaminación dos recursos hídricos, prestando especial atención á situación das Rías, que de conta tamén dos motivos de dita contaminación, para que, a partir dos datos extraídos, se poña en marcha un plan eficaz específico para resolver cada un dos problemas detectados.

Resolución nº 17

“Recuperación e mellora do emprego público na Sanidade Galega”

O maltrato sufrido polas traballadoras e traballadores públicos na nosa sanidade durante os últimos nove anos non ten parangón. Tras adelgazar ata a extenuación os planteis de hospitais e centros de saúde mediante taxas de reposición, xubilacións forzosas e amortización de prazas; O persoal viuse abocado a asumir un incremento de carga de traballo forzoso e unha rampante precariedade laboral.

Unha mostra palpable son os datos anuais ofrecidos polo Consello de Contas que denuncian o incremento de persoal en situación de eventualidade -un 8,7% máis- e a perda de profesionais con praza en titularidade -689 só no último ano-. Ao mesmo tempo, este organismo denuncia o incremento da temporalidade de xeito progresivo. Sendo dun 37,6% en atención especializada e dun 23,8% en atención primaria.

Estes datos numéricos reflicten xenericamente unha realidade que as nosas e nosos profesionais públicos viven a diario: incremento da mobilidade obrigada, ausencia de substitucións de baixas, permisos e vacacións, etc. Unha realidade que impacta tristemente no deterioro da calidade asistencial.

As carencias de persoal de algunhas categorías e especialidades son a mostra evidente da ausencia de planificación en materia de recursos humanos. De pouco serviron os sinais de alarma durante anos sobre as necesidades presentes e futuras de pediatras e médicas/os de atención primaria, da precariedade vivida por estes profesionais e da ausencia dunha política que incentivase a formación e os contratos de calidade para reter ás e aos recién titulados.



A presbicia política da Xunta neste asunto, unida a un carente interese pola mellora da sanidade pública obraron a xestión do desastre. Cando fai tan só uns anos reproducíanse as presións para obrigar a xubilarse a moitas e moitos profesionais, hoxe as carencias atenazan á prestación de servizos.

Este abandono progresivo e programado non é máis que o reflexo dun modelo sanitario mercantilista, obrado en torno aos negocios de innovación e lonxe dun modelo preventivo baseado nos principios lalondianos.

Mención especial merece a situación do persoal dos Puntos de Atención Continuada, cuxos dereitos continúan a ser pisados por parte da Xunta de Galicia. Unha Xunta á que non lle treme a man á hora de incumprir a normativa en materia de descansos, violar os dereitos máis básicos en canto a permisos –por incapacidade temporal, enfermidade ou falecemento de familiares, etc.- ou manter ao persoal traballando sen os equipos necesarios.

Esta situación súmase á continuamente denunciada carencia de persoal nos PAC. Aspecto que ten máis consecuencias naqueles lugares rurais e alonxados dun hospital de referencia.

O impacto do falecemento dunha persoa sen atención sanitaria nun PAC galego, non parece ter feito reaccionar á Consellería en canto á planificación das necesidades de estes servizos.

Por outra parte é estrutural tamén as carencias de algunhas categorías profesionais coma acontece nas especialidades de enfermaría, na fisioterapia ou na psicoloxía clínica, entre outras. Carencias íntimamente relacionadas co deterioro da prevención, da atención temperá e da correcta atención á saúde mental e á saúde sexual.

Cadro que se completa con carencias de recursos dispoñibles nos caso de traballo social e educación social, eidos que ligan a saúde co social e mostran as carencias de coordinación do traballo entre as Consellerías.



Por todo o anterior o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Manter e ampliar o emprego público na sanidade galega mediante a convocatoria de Ofertas Públicas de emprego, a recuperación dos acordos de mellora das condicións de traballo e salariais conxeladas dende o ano 2010, a recuperación da carreira profesional para todo o persoal, a planificación para dar correcta cobertura ás especialidades médicas e integrar ás especialidades enfermeiras.

Resolución nº 18

“Saúde Mental”

A saúde mental en Galicia é sen lugar a dúbidas, unha das partes máis castigadas do Servizo Galego de Saúde, non só polos recortes efectuados en materia de persoal e recursos, se non tamén pola ausencia de planificación, como así o demostra o feito de que un ano máis, siga sen existir un Plan de Saúde Mental.

A precariedade dos recursos para a prestación sanitaria relacionada coa saúde mental, afecta directamente na calidade asistencial, vulnerando os dereitos das persoas necesitadas de dita atención, como así o puxo en evidencia o Defensor del Pueblo nun informe sobre o Hospital de Conxo. A escasa dotación das unidades, tanto no espazo como no persoal, provoca que os pacientes ingresados teñan pouca actividade, cunha falta de elaboración de plans terapéuticos coa participación e coordinación das e dos profesionais.

En relación a falta de profesionais, cabe desatacar, a falta de persoal de enfermería e de especialistas en Psicoloxía clínica, un Servizo que en ocasións está sendo obxecto dunha privatización encuberta, mediante convenios asinados polo SERGAS con fundacións.

Esta falta de recursos é suplida en moitos casos cun exceso de medicalización, como así o demostra o forte incremento en fármacos, especialmente en aqueles de tipo antidepressivo, hipnóticos ou sedantes. Todo isto nun contexto no que os indicadores de saúde mental da poboación, seguen con tendencias negativas como por exemplo, o incremento anual no número de suicidios.

A situación de empobrecemento é denunciada constantemente tanto por profesionais, asociacións de pacientes, ou colectivos como o Movemento Galego de Saúde mental, sen atopar resposta por parte do SERGAS.



Por último, a ausencia dunha política real de prevención e tratamento das adiccións queda patente no intolerable estrangulamento dos colectivos sociais que se fan cargo, así como na ausencia de integración destes servizos no SERGAS.

Por todo o anterior o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Destinar para saúde mental os recursos humanos e materiais necesarios para levar a cabo unha asistencia sanitaria pública e de calidade, desenvolvendo un novo Plan de Saúde Mental, con carácter urxente, mediante unha Comisión Técnica que estableza un proceso participativo no seu deseño e o dote de orzamento suficiente que permita poder desenvolvelo na súa totalidade.

Resolución nº 19

“Contaminación por Lindano”

O Lindano é un complexo químico organoclorado e altamente persistente que, segundo a Organización Mundial da Saúde, foi calificado coma un canceríxeno de tipo 1. Trátase dun produto que foi fabricado pola compañía Zeltia durante moitos anos para o seu uso coma praguicida, nunha planta situada no polígono de Torneiros, no concello do Porriño.

Estímase que derivado dos anos de produción, máis de 1.000 toneladas de residuos xerados nesta fábrica, foron verquidos nesa zona. E que tamén rematou inicialmente outros puntos da vila e da bisbarra, ao seren empregados os seus restos coma aglomerante. Por exemplo, como material para o arranxo de estradas, orixinando diferentes focos de contaminación.

Ao mesmo tempo, a infiltración no terro supuxo o seu desprazamento ao traveso das augas de escorrentía e subterráneas, rematando en acuíferos e mesmo no río Miño. Ademais, sendo a sustancia un elemento que pasa a formar parte da cadea trófica, a súa presenza na auga condiciona a contaminación de vexetais e animais.

As diferentes Administracións, fai moitos anos que teñen constancia do problema de saúde pública e medioambiental que sofre o concello do Porriño e o resto de concellos da contorna, pero as medidas para por solución ao problema seguen sen chegar.

Polo contrario, o problema foi literalmente tapado, o que levou a que durante unhas obras de saneamento nos barrios de O Contrasto e Pereira, quedase ao aire a sustancia química, descubríndose que existen altísimas concentracións deste produto, coa consecuencia dunha exposición da poboación a altos niveis de contaminación.



Ante unha situación tan delicada, as medidas das diferentes Administracións competentes deben ir encamiñadas á prevención e protección da saúde pública, así como a limpeza e recuperación das zonas afectadas, cunha actuación urxente que no implique volver a tapar o problema.

A pesares da extensión do tóxico, na actualidade existen zonas doadamente localizables onde se sabe que existe e debería ser retirado. Por exemplo o propio polígono de Torneiros.

Igualmente, debería existir unha planificación de que facer se volta a aparecer nalgúns dos concellos ao realizar calquera excavación ou obra pública ou privada, dada a súa elevadísima toxicidade e perigosidade para os seres humanos.

En relación a isto, debería de planificarse un control de saúde ás persoas que habitan ou poidan habitar en zonas contaminadas. Un protocolo que controle a posible aparición de tumores, problemas hormonais – actúa coma disrruptor- ou patoloxías derivadas da afectación cutánea, entre outras.

Por todo o anterior, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Con carácter urxente e en colaboración coas diferentes Administracións competentes, planificar e iniciar o proceso de limpeza e remediación das zonas afectadas polos residuos de Lindano, adoptando as medidas necesarias para a protección e prevención da saúde pública; Establecer normas de ampliación ante nova aparición de verquidos e dispor dun Protocolo de control sanitario da poboación afectada ou potencialmente afectada pola exposición ao lindano.

Proposta de resolución nº 20

“Ensino en igualdade”

De acordo cos estudos sobre violencia machista en mozas e adolescentes, a meirande parte das persoas de 14 anos ou teñen ou xa tiveron unha relación afectiva. Tendo en conta, que tal é como defenden dende a psicoloxía, é na adolescencia cando se aprenden as pautas de interacción que logo se consolidarán na vida futura esta sería a idade, precisamente, na que deberíamos centrar gran parte dos esforzos da loita contra a violencia machista.

Como temos advertido, os datos son alarmantes. Segundo a Macroenquisa española de Violencia contra a Muller de 2015, o 21% das mulleres menores de 25 anos que tivo parella foi vítima da violencia machista fronte ao 9% das mulleres sen diferenciación por idade. É un dos datos que nos alerta acerca da incidencia que ten esta forma de violencia sobre as mulleres máis novas. No mesmo senso, estudos cualitativos recentes sobre a violencia machista entre adolescentes amosan como a relación entre cíumes e amor está cada vez máis interiorizada no discurso da mocidade, de xeito que se invisibiliza a violencia machista no seu entorno, dificultando, aínda máis, a súa detección e as posibilidades de cortar con ela.

Dende En Marea vimos defendendo as potencialidades da escola como un lugar estratéxico para a erradicación das violencias machistas.

Por todo o exposto, **o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a converter as escolas en espazo preferente de loita contras as violencias machistas, incluíndo, mediante a execución, cando menos das seguintes medidas.**



Eliminación dos concertos educativos con aqueles centros que segregan ao alumnado. Creación de prazas de axentes de igualdade nos centros educativos que nos permitan avanzar cara equipos conxuntos de orientación e igualdade, con formación específica nesta materia e en prevención das violencias machistas. Elaboración dun plan de formación en igualdade para o corpo docente. Extensión da materia de igualdade de xénero a todos os centros educativos do país incluíndo contidos específicos de educación sexual.

Proposta resolución nº 21

“Dotación orzamentaria suficiente para I+d+i”

Son moitos os datos de alerta sobre o estado da investigación en Galicia. Dunha banda está o eido do persoal, sobre todo naquel que desenvolve a súa labor nas institucións públicas xa que estas investigadoras e investigadores reducíronse ata o 20% dende 2009. Como tamén descenden as patentes rexistradas que despois de acadar un máximo no ano 2010 con 194 patentes (194 patentes), descendeu ata situarse nas 146 en 2014, dato semellante ao de 2006. O mesmo sucedeu cos modelos de utilidade que tiveron o seu máximo no 2011 (194) para caer en 2014 ata os 91, inferior ao que se rexistraba unha década antes.

Cifras claramente consecuencia dos recortes sistemáticos nos investimentos públicos en I+d+i. Deste xeito, segundo os últimos datos publicados polo INE, a senda alcista en Galicia tocou teito en 2008 cando acadamos o 1,04% do PIB para ir descendendo ata o 0,89% en 2015. Isto significa que o investimento do goberno actual en I+D retrocede a niveis de 2005, e incrementa o seu diferencial negativo con España. Se en 2008, antes do comezo da crise, e aínda co goberno bipartito, o gasto galego en I+D+i supoñía o 4% do total español, hoxe esa proporción é apenas do 3,6%. Máis dunha década perdida para a ciencia no país. Moi lonxe de todas as recomendacións nesta materia, e moi lonxe da porcentaxe que nos permitiría converxer con países do noso entorno. Deste xeito, a inversión en investigación galega queda a anos luz da rexistrada noutras comunidades. Quedando, de feito, no quinto posto pola cola.

De acordo cun estudo publicado pola EAE Business School en 2015, o descenso da inversión en investigación en Galicia foi maior que o experimentado no conxunto de España (-4,4%), o que nos deixa no posto número 12 das comunidades preocupadas pola innovación, superando unicamente a Murcia,



Estremadura, Castela-A Mancha, Canarias e Baleares. Estes datos sitúan Galicia lonxe da media española en investimento (1,30%), de feito que Galicia debería incrementar esta partida nun 50% para poñerse á altura. E, por suposto, moi lonxe de Euskadi (2,19%), Madrid (1,82%), Catalunya (1,51%) e mesmo Castela e León (1,12%)

E moi lonxe tamén das palabras do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 que "asume como obxectivo xeral a converxencia do esforzo galego en I+D+i co esforzo do conxunto de España, que en ningún caso debe ser inferior ao 2% do PIB no ano 2015, cifra que nos porá na senda de acadar o obxectivo fixado pola UE para o ano 2020 do 3% do PIB". Porén, a tendencia nos últimos catro anos foi exactamente a contraria.

Por todo o exposto o Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galicia a

Aumentar o esforzo orzamentario en I+D+i co obxectivo de acadar o compromiso do 2% do PIB fixado no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011–2015, antes de rematar a lexislatura en curso.

Proposta resolución nº 22

“Plan retorna”

Antes do inicio da crise, Galicia era un destino interesante para as persoas que buscaban un futuro, pero dende 2008 a tendencia invértese e perdemos 234.740 persoas que se viron obrigadas a marchar para buscar un futuro noutros lugares. Delas, 103.092 foron mozos e mozas de entre 16 e 34 anos. 234.740 historias de emigración, de separación de amizades, de familias distanciadas a miles de quilómetros, de apertas substituídas por chamadas por skype. Deste xeito, dende 2010, Galicia rexistrou unha perda de poboación continuada. Nestes cinco anos a nosa poboación caeu nun 2,24%, o que implica que, de manterse a tendencia, nos próximos 5 anos acumularemos unha perda de case un 5% da poboación.

É dicir, que de non tomar medidas a caída poboacional non vai facer máis que acelerarse deixando tras de si un país cada vez máis avellentado e máis pequeno.

Situación ante a que parece que o goberno galego non actúa máis alá de escasas medidas de fomento do emprendemento das persoas retornadas e as chamadas bolsas de excelencia. Medidas deslavazadas e cunhas cifras de cobertura moi pequenas. Ás que deberíamos engadir o plan da emigración 2017-2020, do cal soamente podemos coñecer un esquema na páxina web de emigración da Xunta.

Porén, o pasado 12 de abril o presidente da Xunta anunciou a aprobación do Plan retorna 2020 sen aclarar que novidades relevantes inclúe.

Por todo o exposto

O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galicia a presentar, nun prazo non maior a 3 meses, un informe sobre os resultados das medidas



encamiñadas ao retorno que se viñan aplicando ata o de agora. Informe que inclúa, cando menos, número de solicitantes anual, número de aprobacións e denegacións, causas principais de denegación e lugares de orixe.

Publicar, de xeito inmediato, o Plan Retorna 2020 completo co seu correspondente plan orzamentario.

Proposta resolución nº 23

“Acollida persoas refuxiadas”

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Cinco millóns de persoas refuxiadas que non atoparon asilo nesa Unión Europea que se dicía bandeira dos dereitos humanos e que máis que conseguiu foi un acordo de reasentamento que naceu, hai case dous anos, abocado ao fracaso ante o falta real de vontade e compromiso político.

Dito acordo supoñía que o Estado Español acollería a 17.337 persoas. Esgotado o prazo comprobouse o gran fracaso deste plan ante o desinterese dos estados membros por cumprir as cifras pactadas.

Ao tempo, a duración dos programas de acollida de 18 meses é claramente insuficiente para atender ás persoas que finalmente chegaron ao noso país. Así, aparecen novas preocupantes de familias refuxiadas a piques de ser desafiuzadas.



Por todo o exposto

O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galicia a Elaborar un plan de acollida, coa súa correspondente dotación orzamentaria, que, cando menos, permita activar aloxamento público para as persoas refuxiadas e inclúa un programa de emprego específico para as persoas refuxiadas de xeito que se facilite a súa inserción laboral.

Resolución nº 24

“Defensa da Lingua”

"A pluralidade lingüística é unha riqueza que hai que manter, protexer e pór en valor", pero a situación da nosa Lingua é grave, estamos moi lonxe de que a competencia do alumnado en galego sexa similar á que ten en castelán. Alén diso, a implantación de centros plurilingües derivou na exclusión e marxinación da nosa lingua como lingua vehicular, sen que tampouco se avanzase no coñecemento das linguas estranxeiras, nin se apostase por un plurilingüismo inclusivo. O que recolle o noso marco xurídico-legal é que hai dúas linguas plenamente oficiais, galego e castelán, e que os seus falantes deben ser iguais en dereitos e en deberes. O galego debe ser obxecto de especial respecto, apoio e promoción. Esixe unha presenza preferente no sistema educativo non universitario. O PP é responsable do devalo do uso da nosa Lingua. Desenvolve o Plan de potenciación das linguas estranxeiras: O Decreto 79/2010 cun impacto moi negativo. Un plan que non é claro, non é significativo, non é compartido, non é identitario. A desaparición das aulas de Educación infantil en lingua galega; o veto ao seu uso nas aulas en materias da área científico-técnica ou o obxectivo de redución a 1/3 a súa presenza no ensino; son só algúns dos exemplos das mesmas. Aos que hai que engadir a reducida presenza na xustiza, na administración e nos servizos públicos. Todo isto acompañado dunha redución constante do orzamento en materia lingüística, en máis do 73% (ningún outro departamento da Xunta sufriu un recorte semellante), o que o sitúa en mínimos históricos. Porén, o retroceso legal que está sufrindo a nosa Lingua impide exercer o dereito básico a vivir en galego. O Consello de Europa reprende á Xunta pola súa política lingüística, no seu cuarto informe sobre o cumprimento da Carta Europea de Linguas minorizadas, como xa fixera en anteriores informes.



O Comité de Expertos censurou as actuacións do Goberno galego, sobre todo no que ten a ver co ensino. O Consello de Europa pediu cambios legais que aseguren a presenza das linguas co-oficiais. A comunidade internacional non entende como se pode asinar un tratado como a Carta e despois incumprilo impunemente e exaltarse de facelo. Defender a nosa Lingua é “defender a democracia, os dereitos humanos e a cultura”

Por todo o exposto **O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a efectuar un cambio radical na súa política lingüística, derogando o decreto do plurilingüismo, para volver ao consenso do Plan Xeral de Normalización Lingüística vixente, como paso previo a un novo Plan adaptado á realidade Sociolingüística dos centros. Mentres tanto, o goberno daralle prioridade á infancia e a súa posibilidade de socialización en lingua galega, mediante os plans de ensino máis adecuados para garantir o pleno coñecemento e uso do idioma.**

Resolución nº 25

“Cultura e Turismo”

A cultura como Dereito Fundamental de carácter vinculante para os Estados é recoñecido pola Constitución Española, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea e o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais. Textos que recoñecen o dereito á Cultura non como exclusivamente unha industria senón un servizo e un ben público. Un dereito esquecido e maltratado por parte do goberno popular que fixo desta materia unha das que máis padeceu os recortes orzamentarios. Tanto foi así que as partidas destinadas á cultura reducíronse dende o 2009 nun 64,15% deixando unha paisaxe desolada. Un recorte de recursos que evidencia a ausencia total de compromiso do goberno galego coa nosa cultura. Ausencia tamén de medidas, malia que a comezos do ano 2017 Núñez Feijóo se comprometera ante centos de representantes da cultura galega a elaborar un plan para o sector no que se tiveran en conta as súas achegas. Estamos no ano 2018. Esperando pola “estratexia da cultura galega 21” que debera ser “integral” tal como o anunciaron.

Temos, dende o día do Turismo, unha nova Consellería de Cultura e Turismo. Un paso máis na espectacularización da cultura, a política dos grandes eventos financiados con diñeiro de todas para o autobombo, a propaganda e o clientelismo, en detrimento do precario e maltratado ecosistema cultural.

Por todo o exposto, o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a priorizar a política cultural na nova consellería abrindo un verdadeiro proceso participativo, transparente, no que se dialogue con todos os axentes dos sectores e industrias culturais para a elaboración da enunciada estratexia da cultura galega.

Resolución nº 26

“LGTBI”

Na actualidade, as persoas trans en Galicia teñen que soportar un longo periplo por distintas institucións para, no mellor dos casos, ver recoñecida a súa identidade.

No ámbito sanitario, os colectivos denunciaron en diversas ocasións as trabas para acceder ós tratamentos hormonais. O descoñecemento social sobre a realidade das persoas trans fai que as súas necesidades médicas estean sempre sometidas a un constante cuestionamento e á tutela impropia das democracias do século XXI.

De acordo coas normativas sobre dereitos do paciente, a atención ás persoas trans debe ser de proximidade e non segregadora, pois a transexualidade non é unha patoloxía e non é preciso apartar ás persoas trans a unidades específicas e segregadoras que acrecentan o estigma e a vulnerabilidade.

Tamén o Parlamento europeo ven de emitir as súas resolucións sobre a situación dos dereitos fundamentais na UE onde apuntan a necesidade de que os Estados membros adopten leis e políticas contra a homofobia e a transfobia e lamenta que as persoas transxénero sigan sendo consideradas enfermidades mentais en moitos Estados e pide ós mesmos que revisen as súas clasificacións nacionais dos trastornos mentais e que desenroren modelos alternativos de acceso exentos de estigma, garantindo que todas as persoas transxénero poidan acceder ó tratamento médico preciso e pide ós Estados membros que recoñezan o cambio de xénero e faciliten o acceso a procedementos de recoñecemento legal de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico.

En base ó anteriormente dito, faise preciso crear protocolos sanitarios de atención ós pacientes trans, que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo. Non pode ser que os dereitos das persoas dependan da boa vontade do doutor que lles toque, non pode ser que ó acceso a segundo que tratamentos, como os bloqueadores hormonais en menores, dependan da sorte que teñan de ser dunha provincia ou outra, é preciso superar o modelo das UTIGs e centrarse nos dereitos das persoas

Por todo o anteriormente o Parlamento de Galicia insta a Xunta a defender a atención sanitaria de proximidade para as persoas trans e impulsar protocolos sanitarios de atención ós pacientes trans, que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo. Debendo ademais facilitar o acceso a procedementos de recoñecemento legal de cambio de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico.

Resolución nº 27

“Desenvolvemento pleno da Rede Galega de Atención Temperá”

A Xunta conxelou os orzamentos e o desenvolvemento da Atención Temperá no País, confirmando unha vez máis que, fronte á propaganda, non é “o mellor lugar para ser nena”, xa que é a peor das Comunidades Autónomas nesta materia.

A Atención Temperá é un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, que ten por obxectivo dar resposta temperá ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos. É dicir, falamos dun dereito que garante a igualdade de oportunidades cunha atención integral biopsicosocial que debería chegar a toda a poboación susceptible de precisala, que se cuantifica no entorno do 5% da poboación infantil.

Sen embargo, a Xunta de Galiza padece un atraso histórico no desenvolvemento da Atención Temperá, autoimposto pola deixadez e os recortes do PP: é a Comunidade Autónoma con menor investimento neste servizo, tanto a nivel global (1,7 m €) como relativo (14 € por neno/a ao ano). Precisaríase, como mínimo, contar con entre 30 e 40 equipos comunitarios (hai 16 actualmente) para cubrir todas as comarcas galegas, o que faría preciso triplicar o orzamento da Xunta.

O resultado é que non se garante a Atención Temperá gratuíta en todo o territorio galego, sendo un campo máis para facer medrar o negocio privado con necesidades básicas dos nenos e nenas galegas, quedando gran parte do territorio galego sen cobertura (só 92 concellos contan con servizos de proximidade de AT), habendo comarcas con sobrecarga asistencial, dándose demoras superiores aos 50 días para a primeira consulta, cando o estándar internacional é de 30 días



como máximo. Esta situación é aínda máis alarmante no contexto da crise económica e os seus efectos de desigualdade e pobreza, pois acentúanse as necesidades da Atención Temperá nestas circunstancias.

Asemade, a Xunta carga sobre os concellos a súa responsabilidade de desenvolver a Atención Temperá, abocándoos a ter que tirar de fondos propios por manter un sistema de financiamento inestable e cunha sobrecarga burocrática para as e os profesionais de Atención Temperá, condenando ás equipas á inestabilidade profesional.

Ademais do atraso orzamentario de Galiza a respecto do resto do Estado, hai tamén un atraso normativo. Isto motiva que aínda non exista un sistema regulador das instalacións e dotacións dos equipos en función das necesidades e da poboación diana a cubrir, como atraso hai na necesidade de formación de todas e todos os profesionais implicadas na detección precoz de síntomas en nenos e nenas susceptibles de acudir a Atención Temperá.

Asemade, a Xunta nin sequera dispón dun software unificado para estes servizos e o colmo da desfachatez chega a que, a pesares de que a Asociación Galega de Atención Temperá fixera entrega á Xunta e á empresa INDRA dun programa informático de contrastada eficacia para facilitar a xestión e avaliación unificada dos centros, a Administración non deu resposta algunha.

Para dar resposta a esta situación:

O Parlamento galego insta á Xunta a desenvolver de xeito pleno a Rede Galega de Atención Temperá, cun plan de consolidación da mesma que garanta o despregamento de servizos comunitarios en todo o País, cun sistema de financiamento estable que garanta a estabilidade do persoal e a profesionalidade e coa elevación dos fondos destinados a este servizo, comezando por, canto menos, triplicar os fondos nos Orzamentos de 2019.

Resolución nº 28

“Dereitos Reprodutivos”

Os dereitos sexuais e reprodutivos non se están respectando no noso País. É necesario modificar a lexislación vixente, comezando pola derogación da Lei Orgánica 11/2015, do 21 de setembro, para reforzar a protección das menores e mulleres con capacidade modificada xudicialmente na interrupción voluntaria do embarazo e a Lei 41/2002, do 14 de novembro, reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica para estender a capacidade de outorgar capacidade de decisión ás mulleres de 16 e 17 anos, equiparándoas ao réxime xeral aplicable ás mulleres maiores de idade establecido no Código Civil, e por tanto, deixando tamén nas súas mans a decisión de comunicalo ou non aos seus proxenitores.

Pero ademais, é evidente que se deberían investir máis esforzos no cumprimento da lexislación vixente, xa que en demasiadas ocasións a problemática e este incumprimento reiterado están a poñer en situación de risco para a súa saúde a moitas mozas neste tramo de idade.

A maternidade debe ser sempre unha elección libre, tamén para as mulleres de 16 e 17 anos. Por desgraza estamos a ver como dende que goberna o PP se promoven incluso con financiamento público o papel de asociacións que se dedican ao adoutramento anti-abortista.

Unha gran parte das interrupcións voluntarias do embarazo que se están realizando en Galicia estanse facendo na sanidade privada, algo que debe rematar de inmediato. É un dereito que as mulleres poidan abortar na sanidade pública con todas as garantías.



Ademais non pode volver a consentirse que ningunha muller teña que saír de Galicia para poder realizar estas intervencións, algo que aconteceu no pasado con moita frecuencia e que provocou consecuencias trágicas.

Ademais, a inclusión da educación afectivo-sexual no currículo educativo continúa a ser un reto pendente ao que debe dársele resposta urxente. Debe facerse desde as idades máis temperás para que se normalicen as relacións non sexistas se e non se vaian asentando prexuízos e roles transmitidos a través doutras canles.

A información e acceso aos métodos anticonceptivos segue a darse con dificultades para un parte ampla da poboación, polo que debe levarse adiante unha estratexia para que estes estean garantidos para o conxunto da poboación, así como a información científica acerca destes.

Por todo o anteriormente exposto

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a pór en marcha todas as medidas necesarias para que se garantan os dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres, incluídas as de 16 e 17 anos. Solicitando a derogación da Lei Orgánica 11/2015, do 21 de Setembro, para reforzar a protección das menores e mulleres con capacidade modificada xudicialmente na interrupción voluntaria do embarazo.

Nun prazo dun ano elaborárase un Plan que conste de dous obxectivos. Por unha banda avanzar na implementación de educación afectivo sexual no conxunto do currículo educativo, e pola outra que garanta o acceso aos métodos anticonceptivos para o conxunto da poboación, así como a información científica destes.



Ademais poñeranse todos medios para garantir a interrupción voluntaria do embarazo na sanidade pública, evitando a derivación cara clínicas privadas.

Resolución nº 29

“Lei de Benestar Animal”

Levamos 9 meses de aplicación da Lei de Protección e Benestar dos animais de compañía e a avaliación non pode ser mais negativa.

Se ven é certo que nos primeiros meses de aplicación da Lei incrementouse o chipeado de cans, os problemas mais graves como o abandono, a saturación dos centros de acollida e o maltrato foron claramente a peor.

Tampouco temos noticias ou informes de que a Xunta de Galicia houbera incrementado os controis sobre os centros de cría ou que dotara de medios ou accións tendentes a redución das situacións de maltrato.

Incremento do abandono, refuxios desbordados e falta de implicación real dos Concellos son as lacras mais importantes que a Lei non é quen de poñer solución.

Unha das causas principais é a mínima implicación orzamentaria da Xunta de Galicia. Non se pode ditaminar unha Lei e despois non dotala orzamentariamente. Trasládanse competencias e responsabilidades aos Concellos pero non se lles dota de orzamentos.

No que vai de ano a Xunta de Galicia implementou axudas por valor de 100.000 € moito menos que as Deputacións de A Coruña e Pontevedra e mesmo que o Concello de A Coruña, a pesar de que ten unha capacidade económica infinitamente superior. No mesmo espazo de tempo a Comunidade de Madrid dotou as axudas a Protectoras e Concellos con 1,5 M€ recoñecendo que aínda así eran insuficientes, todo elo a pesares que as estatísticas revelan que o abandono e moi superior en Galicia.



Coa a argumentación de que non teñen capacidade orzamentaria e a Xunta non colabora, a implicación da maioría dos Concellos no cumprimento da Lei e case inexistente.

Se todas as entidades protectoras, os refuxios e os fogares de acollida deixaran de funcionar durante corenta e oito horas, produciríase un colapso evidente en decenas de localidades que non dispoñen de ningún servizo contratado ou conveniado coas citadas entidades.

Se isto non ten sucedido ata o de agora, é polo compromiso de centos de persoas anónimas que priman o rescate e a protección dos animais aínda a costa da súa vida persoal e de gastar cartos dos seus petos sen ningún tipo de apoio por parte dun número importante de administracións públicas da comunidade.

Por outra banda ao non ser desenvoltas pola Xunta campañas activas de comunicación e información ou o apoio as que poderían desenvolver as asociacións e protectoras, o número de adopcións reduciuse no que vai de ano incrementando de maneira importante o problema de saturación nos refuxios. Podería ser porque a xente retraese dado que a única comunicación feita sobre a Lei é a das sancións.

Sería imprescindible a posta en marcha destas accións de comunicación positiva e a Xunta debería implicar nelas de maneira decisiva aos medios públicos de Galicia.

Para desenvolver políticas eficaces e coñecer as dotacións orzamentarias necesarias, a Xunta de Galicia debería poñer en marcha de inmediato un estudo sobre as infraestruturas existentes en Galicia e a súa situación de mantemento e saturación. É imprescindible para que de verdade poda implementarse en 8 meses, como marca a lei na súa medida estrela, o sacrificio cero.

Se todo o mencionado nesta proposta de resolución non se desenvolve, a Lei quedará en papel mollado e quedando unicamente nun obsceno e cruel fogo de artifício na particular campaña electoral de Beatriz Mato.

Para dar resposta a esta situación inaceptable O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Dotar orzamentariamente os fins e accións previstas na Lei de Benestar e Protección dos Animais de Compañía de Galicia cun mínimo de 2 M€ nos Orzamentos de 2019. Proceder a convocatoria dunha mesa de traballo coas Deputacións, FEGAMP, Concellos e entidades de Protección Animal para facer un seguimento da aplicación da Lei e propoñer medidas que a fagan realmente efectiva.

Desenvolver campañas activas de comunicación e información, ou o apoio as que poderían desenvolver as asociacións e protectoras, para promover a adopción e bo trato aos animais. Implicando de maneira efectiva aos medios públicos de Galicia.

Poñer en marcha de inmediato un estudo sobre as infraestruturas de protección animal existentes en Galicia e a súa situación de mantemento e saturación.

Compromiso real e efectivo de que cumprírase o precepto de sacrificio cero que marca a Lei dentro dos prazos previstos.

Resolución nº 30

“Loita contra as Violencias Machistas”

As violencias machistas son un dos principais problemas aos que nos enfrontamos como sociedade.

Os asasinatos son a forma máis extrema das desigualdades sociais que viven as mulleres, pero a violencia atravesa o conxunto das súas vidas, os datos son arrepiantes, con 54 feminicidios rexistrados en Galicia entre 2010 e 2017 (e 3 mulleres mortas no que vai de 2018).

É momento de que se asuma un compromiso firme para loitar contra esta lacra social. Precisamos prazos, orzamentos e vontade política real. A loita contra as violencias machistas debe ser unha prioridade todos os días do ano, ata que se consiga rematar con todas as formas de violencia que viven as mulleres polo mero feito de selo.

Once anos despois da aprobación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, hai que avaliar que a súa efectividade e cumprimento está moi lonxe de ser completa. Precísase autocrítica e políticas valentes que consigan ir rematando cos roles de xénero en todos os espazos da vida.

Un dos ámbitos nos que queda moito por avanzar é no referido os medios de comunicación.. Os protocolos existentes son insuficientes e o seu cumprimento é moi escaso, polo que compre facer unha avaliación exhaustiva de que está fallando e implementar se fora preciso sancións.

A igualdade debe atravesar o conxunto de políticas de maneira transversal, non entenderse como un apartado máis. O feminismo, as mulleres, están dando unha mensaxe moi clara que hai que escoitar de inmediato.



O pasado 8 de marzo milleiros de mulleres mobilizáronse para avanzar no respecto dos seus dereitos, as administracións deben recoller este sentimento masivo e dar respostas urxentes.

Por todo o anterior, O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a levar adiante un plan de emerxencia para por fin as violencias machistas, prestando especial atención as medidas que poidan rematar cos asasinatos, para o cal constituírase unha mesa de traballo específica antes de seis meses que conte co conxunto dos colectivos feministas, e que conte cunha partida orzamentaria específica nos próximos orzamentos.

Resolución nº 31

“Plan Galego de Conciliación e Coidados”

A mellora do benestar e a calidade de vida da cidadanía galega debe constituír un obxectivo central. Para conseguilo, a igualdade de oportunidades debe orientar a actividade política para eliminar os obstáculos que impiden que a igualdade de mulleres e homes sexa real e efectiva. A perspectiva de xénero debe ser o marco de deseño de accións para a erradicación das desigualdades.

Un dos factores que máis inciden na vida das persoas é como se organiza o tempo e en que medida se destina aos coidados. As máis prexudicadas son as mulleres, que tras a súa incorporación ao mercado de traballo remunerado atopáronse cuns tempos construídos sobre un modelo tradicional baseado na división sexual do traballo.

Esta incorporación ao traballo remunerado non foi acompañada de corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados por parte dos homes, o que deu en chamar “dobre xornada”, que representa para as mulleres unha sobrecarga de traballo e unha menor dispoñibilidade de tempo propio para o lecer, o descanso, a formación... Isto agrávase polas características das xornadas laborais: longas, partidas, de tardío remate, o cal limita aínda máis a oportunidade de descanso.

Faise preciso racionalizar horarios para paliar as diferenzas de xénero entre mulleres e homes nos tempos de coidado e para unha maior participación dos homes nas tarefas domésticas e de coidado.

É necesario valorar desde o punto de vista socioeconómico o traballo reprodutivo e o tempo que implica para considerar a prestación de coidados. Se contabilizamos en termos económicos o traballo de coidados (realizado na inmensa maioría por mulleres) estaríamos en valores de entre o 40 e o 45% do PIB.

Tamén é necesario o establecemento de políticas de Novos Usos do Tempo que permitan a súa utilización máis igualitaria. A inexistencia de medidas que favorezan un mellor uso dos tempos para o coidado en igualdade de condicións redunda na institucionalización das nenas e nenos.

A suma do tempo dedicado ao traballo remunerado e máis aos coidados é sempre superior entre as mulleres ca entre os homes, o que se expresa nunha redución do seu benestar.

No que respecta á corresponsabilidade, segundo a Secretaría de Igualdade da Xunta, no 2016 o 91% das excedencias por coidado de crianzas foron solicitadas por mulleres, o mesmo que o 79.8% fórono para o coidado doutros familiares. Só o 2.5% das prestacións por maternidade tiveron como perceptor ao pai.

O Instituto Galego de Estatística documenta que o emprego parcial no ano 2010 en Galicia tiña como destinatarias prioritariamente mulleres (96%), e o motivo alegado era poder facerse cargo do coidado de familiares. No referente ao traballo doméstico, o 70% é realizado por mulleres.

Deste modo visualizamos que a desigualdade no traballo reprodutivo penaliza na esfera produtiva á mulleres. Isto ten outra implicación: a diferenza visible de salarios, coñecida como fenda salarial, extensible a idades posteriores á fenda das pensións. Outras implicacións son os dereitos sociolaborais derivados (baixas, prestacións, cotización...)

En todo este contexto as políticas de conciliación móstranse insuficientes, con baixo desenvolvemento de servizos públicos (escolas infantís, residencias, apoio á dependencia...), escasas medidas de promoción do emprego feminino e nula atención á necesidade de socializar os coidados.



Resulta preciso que poñamos no centro das nosas preocupacións a reprodución da vida e o benestar asumidos de forma colectiva á vez que rachamos coa histórica identificación das mulleres coa responsabilidade dos coidados.

Os recortes no Estado do Benestar prexudican máis ás mulleres, que asumen os coidados que as institucións deixan de prestar.

No que respecta á dependencia, as mulleres son quen máis a padecen e tamén quen máis se responsabiliza do coidado. Se nos fixamos no sector do coidado profesional constatamos a súa elevada precarización: falta de cotización, dereito a desemprego e formación profesional.

O elevado prezo que se paga pola crianza dos fillos en forma de sobrecarga de coidados e diminución de oportunidades laborais, o desigual reparto de tarefas, a ausencia de corresponsabilidade e a propia precariedade laboral, asociada á emigración de persoas mozas inciden na baixa taxa de fertilidade galega, de 1,1 fillos por muller (das máis baixas do planeta). Isto contribúe ao devalo demográfico. A igualdade de oportunidades (menor fenda de xénero, taxas máis elevadas de ocupación..) resulta clave para favorecer taxas de fertilidade máis elevadas.

Por todo iso, o Parlamento insta á Xunta de Galicia a avaliar as desigualdades no traballo reprodutivo, habilitando medidas para non perpetualas, a contabilizar o valor do coidado reprodutivo e avaliar o uso dos tempos nos fogares para poder desenvolver políticas de novos usos do tempo que fomenten a igualdade e a correponsabilidade.

Desenvolver o VII Plan Estratéxico para a Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2.017-2.020 e o anunciado Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade.



Así mesmo instamos a outras medidas que incidan no esforzo de coeducación, á evitación da escolarización segregada por sexos e ó impulso e extensión da rede pública de ensino de 0 a 3 anos.

No que respecta ao ámbito sociolaboral, aumentar os fondos para os programas de conciliación e corresponsabilidade, así como os programas de emprego feminino e os permisos por nacemento/adopción para o persoal público.

E, finalmente, axilizar a valoración da dependencia garantindo nun prazo breve apoios para o seu coidado que contribúan á evitación da sobrecarga de coidados e á preservación dos dereitos sociolaborais das persoas coidadoras.

Resolución nº 32

“Mapa de Solos de Galicia”

Os solos con altas aptitudes agronómicas é un valor a preservar, e as políticas do goberno galego deberían de ter na súa preservación un dos obxectivos primordiais.

A falla de políticas de ordenación do territorio, de mobilidade de terras, e o fomento dun modelo extractivista e pouco respectuoso coa conservación dos valores ambientais, fai que Galiza perda sistematicamente dende hai anos superficie agraria útil.

Os últimos datos da enquisa sobre a Estrutura das Explotacións Agrícolas (EEA) do Instituto Nacional de Estadística (INE) son moi elocuentes.

Aínda que Galiza perdeu un total de 3.383 explotacións entre 2013 e 2016, ao pasar de 78.377 a 74.994, unha baixada do 4,3% neste período, o que supón máis do dobre de caída que a media estatal (-2,1%) a superficie media por explotación tamén caeu.

As hectáreas que ocupaban estas explotacións galegas en 2013 eran 918.000 e descenderon ata 863.677. Aquí, a superficie agrícola utilizada baixou nunhas 34.000 hectáreas, de 655.519 a 621.643, un 5,2% de retroceso. Esa caída de superficie agrícola utilizada é moito maior en Galiza que o descenso do 0,3% da media estatal. De feito, a superficie agrícola pasou en España de 24,67 hectáreas de media en 2013 a 25,06 en 2016, mentres descendeu en Galiza.

O Solo Rústico de especial protección agropecuaria ven definido no artigo 34.2 a) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia como:

a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que foran obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial



correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Como actualmente non existe ese catálogo oficial correspondente, elaborado pola Consellería de Medio Rural, onde se delimiten os terreos de alta produtividade agropecuaria, existe a posibilidade de que moitos deses terreos queden desprotexidos ao libre arbitrio dos concellos.

Recentemente o Concello de Curtis ven de aprobar inicialmente unha modificación puntual que elimina o solo rústico de especial protección agropecuaria, pretendendo deixar desprotexidos terreos de elevado valor agrario e gandeiro.

Ademais das necesidades actuais de solo para cultivos agrarios e para as explotacións gandeiras, existe a obriga de conservar para o futuro o que é un recurso valioso e non renovable.

Máis nun país no que segundo as estatísticas non deixa de descender a superficie agraria útil, e onde hai unha excesiva dependencia da importación de alimentos.

Co obxectivo da protección e conservación destes solos é preciso actuar de inmediato elaborando un mapa de solos de Galiza, onde se leve a cabo unha clasificación detallada en función das súas aptitudes.

Por todo elo o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposta de resolución:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza que antes do anos 2020 Galiza conte cun Mapa de Solos oficial que clasifique os solos en función das súas aptitudes, e que inclúa un Catálogo de Solos de alta produtividade agropecuaria en todo o territorio galego.

Resolución nº 33

“Derrogación lei de iniciativas empresariais, novo plan Eólico, mina de Touro”

Os sucesivos gobernos do Partido Popular dende o ano 2009 veñen a promulgar Leis, decretos, Plans sectoriais e modificacións legais tendentes a facilitar a Depredación do territorio de Galicia, poñéndose sempre do lado de grandes corporacións e dificultando a cidadanía o exercicio dos seus dereitos e a defensa de actividades tradicionais ou outras que de verdade poderían desenvolver economía sustentable e de gran valor engadido económico e social. As consecuencias de todo isto refléxanse no alarmante despoboamento do territorio e o seu empobrecemento, todo elo en aras do enriquecemento inxusto e inmoral das empresas fundamentalmente do sector mineiro, enerxético e de aproveitamento forestal. Unha masiva transferencia de rendas e de consolidación de externalidades negativas que destrúen o tecido económico do rural e imposibilitan o seu desenvolvemento sostible que podería xerar miles de postos de traballo en actividades de moi alto valor engadido.

É imprescindible a derogación da Lei 5/2017 de Depredación de Galicia eufemisticamente chamada “Lei de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galicia” que entre outras moitas cousas:

Desmonta todas as proteccións sobre o territorio para dar impunidade a todo tipo de desmans sobre todo no eido da minería, a enerxía eólica e o forestal.

Dificulta e pon moitos atrancos aos procesos de control e avaliación por parte da cidadanía, marcando prazos mínimos para poder facer alegacións. Por contra é



moi xenerosa en prazos coas empresas para responder as posibles alegacións a pesares de ter moitos mais medios.

Elimina as garantías reais para facer fronte a posibles impactos ambientais sobrevidos.

Xeneraliza e da moitas facilidades para as declaracións de utilidade pública a proxectos que na realidade non son mais que de utilidade de negocio para uns poucos amiguets elixidos.

Esquecese de esixir contraprestacións socioeconómicas para as externalidades negativas producidas nos territorios afectados.

A enerxía eólica podería ser unha importante fonte de ingresos complementarios para as cooperativas agrogandeiras, comunidades de montes e outras explotacións do rural. Por contra tanto a Lei 8/2009 que regula o aproveitamento eólico en Galicia, como o Plan Sectorial Eólico de Galicia, o único que fan é repartir o territorio, dunha maneira que semella a do vello Oeste americano, entre varias corporacións empresariais sen retornos reais e importantes para as zonas afectadas. Desprezando así mesmo o impacto sobre outros sectores económicos que como o turismo poderían ter moitos mais retornos sociais e económicos.

Hai moitos lugares en Galicia onde poder poñer eólicos sen impactos negativos importantes, pero as eléctricas, ante esta barra libre, elixen os emprazamentos que aportan mais rendibilidade a curto prazo sen ter en conta os enormes problemas causados.

A manga ancha da Xunta de Galicia para outorgar a cualificación de “utilidade pública” aos proxectos, desemboca en verdadeiros espolios amparados na Lei franquista de Expropiación, nada menos que de decembro de 1954.



Desta maneira os propietarios de montes e terreos quedan sen capacidade para poder negociar con forza coas empresas promotoras de parques eólicos e en moitos casos vense abocados a vender por catro cans ante a ameaza da expropiación forzosa que valora os terreos sen ter en conta a enorme riqueza que conteñen, a forza e enerxía dos ventos que os cruzan.

A protección do rural en moitos países de Europa obriga a que os terreos sexan cedidos en aluguer, e nunca adquiridos, con rendas anuais importantes en función da potencia instalada e a produción verquida a rede.

Para dar resposta a esta situación inaceptable presentamos esta proposta de Resolución:

O Parlamento de Galicia:

Insta a Xunta de Galicia á derogación da Lei 5/2017 de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galicia e articular os mecanismos necesarios para evitar a instalación da mina de Touro.

Insta a Xunta de Galicia a deixar sen efecto o Plan Sectorial Eólico de Galicia e poñer en marcha un proceso participativo para deseñar un novo Plan que recolla de verdade os intereses da cidadanía e garantir un proceso de transición enerxética xusto que supoña unha verdadeira oportunidade de desenvolvemento futuro para o rural galego.

Resolución nº 34

“Dereito á vivenda Digna”

10 anos despois do comezo da crise o drama dos desafiuzamentos segue en Galiza.

O dereito recollido na Constitución a desfrutar dunha vivenda digna segue a estar tan lonxe coma nos peores anos da crise, cando miles de persoas eran expulsadas das súas casas por execucións hipotecarias.

Baixan os lanzamentos por execucións hipotecarias pero suben os derivados de impagos de alugueres.

Os desafiuzamentos e a exclusión do dereito ao acceso á vivenda de miles de persoas é algo estrutural e non conxuntural como nos pretenderon vender os gobernos durante estes anos.

É consecuencia de dous vectores. Un o modelo laboral do desemprego, da precariedade, da inestabilidade laboral, dos salarios de miseria, que da lugar ás “pobrezas” sectoriais, denominación que buscan maquillar unha pobreza real, que son a pobreza, enerxética, alimentaria, ou a da exclusión do dereito á vivenda.

Outro vector é a política de vivenda, que no fundamental nada ten mudado nestes anos nos que supostamente os gobernos se preocuparon de atallar o drama da xente sen casa e das casas sen xente. Nada máis lonxe da realidade.

A vivenda segue a ser entendido como un ben de inversión, e non como un dereito.

O Estado español rescatou con miles de millóns, xa renunciou a recuperar 40.000 millóns dese rescate, aos bancos e mercoulles os “activos tóxicos” para sanear os



seus balances, atopándose cunha boa oportunidade, nun momento en que miles de persoas estaban a quedar literalmente na rúa, de facer coas vivendas propiedade da SAREB un parque público de aluguer a prezos sociais, e non se fixo.

Nin unha medida de cambio de modelo a pesar da dramática experiencia destes anos. Só medidas de maquillaxe como reacción a un posible desgaste electoral, e pouco máis.

Ao contrario, a Lei de Arrendamentos Urbanos rebaixou o período mínimo de aluguer de 5 a 3 anos, restando estabilidade aos inquilinos, sen introducir nin unha soa liña para a regulación dos prezos.

O Partido Popular incluso négase a cumprir cun mandato lexislativo, para desenvolver regulamentariamente o concepto de vivenda baleira, paso indispensable para que os Concellos que así o desexen poidan aplicar recargos a esas vivendas que non se poñen a disposición da xente, en cumprimento do aprobado na Lei 2/2004 Reguladora de Facendas Locais.

Para as entidades financeiras ter un piso baleiro segue a ser tan barato coma antes da crise.

Un dos elementos reguladores do mercado e indispensables para unha política que defenda por ría de todo o dereito á vivenda é a creación dun Parque público de vivenda de aluguer cunha dimensión axeitada.

Na maioría dos países europeos supera o 10 % do parque de vivendas, en Galiza e no Estado español non chega nin ao 1%.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo conta na actualidade cunhas 3500 vivendas sobre un total de 1.600.000 vivendas que hai en Galiza, sendo a todas luces insuficiente, aínda máis si temos en conta que unha mala xestión nos procesos de adxudicación fai que haxa vivendas baleiras.



A pesar de anunciar con moita espectacularidade medidas que conducirían a liberar vivenda baleira para poñelas a disposición da xente, a Xunta de Galicia nos últimos 9 anos non incrementou ese parque, e non foi por falla de oportunidades, nun contexto onde se podía facer por varias vías; incorporación das vivendas da SAREB, de vivendas baleiras que se adquirisen, construción de vivenda nova, etc.

E con esta situación chega a chamada recuperación, que ven a consolidar o modelo da desigualdade, da perda de dereitos laborais, da precariedade e da miseria salarial.

Hai aproximadamente 300.000 traballadores e traballadoras que perciben menos do salario mínimo interprofesional.

Moitos deles mozos, que encadean traballos precarios e temporais.

A maioría das mozas e mozos, a diferenza de hai 10 anos, non poden acceder a unha hipoteca, e optan maioritariamente polo aluguer.

En 2008 o 41% dos mozos que disfrutaban dunha vivenda o facían baixo a fórmula de aluguer. Cos datos de 2017 xa o fai o 71%.

Isto non tería porque ser malo si houbese un mercado de aluguer público e privado que dotase de estabilidade e seguridade a estes mozos, cousa que non existe.

Aumenta a demanda de aluguer, sobre todo nas áreas urbanas, e como non hai ningunha medida que regule prezos, e hai medidas que favorecen a expulsión dos arrendatarios, suben os prezos, como o fixeron en 2016 e 2017 onde medraron en algunhas cidades de Galiza por riba do 6%.

Incluso, neste contexto, as axudas ao aluguer contribúen a esta subida, ao carecer de elementos que limiten os prezos do mercado libre.



Os desafiuzamentos por impago de alugueres sube, si non se quere remediar, seguirá subindo.

O dereito a unha vivenda digna non está garantido neste país, e por elo compre mudar as políticas que nos trouxeron ata aquí.

Por todo o exposto

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

Incrementar substancialmente o parque público de vivenda en aluguer, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de promoción pública en alugueiro, incluíndo a rehabilitación das vivendas do IGVS que se atopen en mal estado e o desenvolvemento das posibilidades de incorporar ao patrimonio público de edificios e vivendas xa construídas de titularidade privada.

Establecer un sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública máis áxil e xusto, axustando a criterios obxectivos de necesidade e modificando con eses obxectivos os Decretos 253/2007 de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o decreto 1/2010, polo que se regula o Rexistro único de demandantes de vivenda de Galiza.

Demandar do Goberno do Estado a cesión das vivendas propiedade da SAREB en Galiza , nas zonas onde sexan necesarias para atender as necesidades de vivenda, para que se incorporen a dito Parque público de aluguer, que será xestionado polo IGVS e, no seu caso, polos concellos respectivos mediante o oportuno convenio.

Incrementar os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda e a mellorar os niveis de execución orzamentarios das partidas correspondentes á función de Vivenda.



Proceder a extensión do censo de Vivendas Baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación. Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.

Esixir ao Goberno español a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o art. 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada, que permita a imposición efectiva de recargos no IBI naqueles concellos que así o acorden.

Demandar do Goberno español a iniciativa lexislativa para a modificación da Lei de Arrendamentos Urbanos que mellore a estabilidade dos contratos, limite o incremento dos prezos entre contrato e contrato, e limite as fianzas.

Desenvolver un novo programa para prevención dos desafuzamentos que sexa eficaz, que incremente a coordinación e conexión co sector do traballo social e, en última instancia que garanta o realoxo.

Resolución nº 35

“Novo plan forestas, ordenación do territorio e incendios”

Galicia representa menos do 6% da superficie de España, pero na nosa comunidade prodúcese o 70% do total de incendios e arde un 56% da superficie total queimada en España. O número, superficie queimada e recorrencia en determinadas zonas dos incendios en Galicia non é natural. De feito, xunto co norte e centro de Portugal, Galicia é a única rexión atlántica europea na que os incendios forestais son un problema.

Os incendios forestais, que ano tras anos asolan o noso país, teñen custes inaceptables, vidas, vivendas, patrimonio forestal, biodiversidade, un conxunto de degradación e destrución do noso medio que precisan de accións eficaces e persistentes que eviten hipotecar o noso futuro e a nosa identidade.

Os lumes no noso país constitúen unha problemática histórica, como histórica tamén é a falta de abordar dita problemática. Galicia arde todos os anos, e cada poucos faino de xeito catastrófico e dramático. O goberno actual, co único obxectivo de escorrer o bulto e saír o menos prexudicado posible, optou por botarlle toda a culpa dos lumes aos "terroristas incendiarios" e a circunstancias concretas e anómalas imposibles de controlar, como a temperatura e a falta de humidade que facía nunhas determinadas datas.

Trátase dun xeito vulgar e insultante de evitar abordar múltiples tarefas urxentes que contribúen á existencia da problemática dos lumes. Podemos nomear o despoboamento do rural, a deficiente ordenación territorial, a invasión de especies non autóctonas e de combustión rápida e explosiva, precarización dos servizos contra o lume.



Somos conscientes da multifactorialidade existente detrás dos lumes dende a prevención, a extinción, a ordenación do territorio ou a política agraria.

A expansión do eucalipto e especies alóctonas para o seu uso na industria papeleira entre outros, a falta dunha política de prevención, a falta de ordenación do territorio ou a precarización dos dispositivos de loita contra os incendios son algunhas das claves para entender a situación que se viviu en Galicia.

Estas eivas nos servizos de emerxencias e a incapacidade para facerlle fronte á situación non son o único problema: O lume en Galicia é estrutural, e como tal, non ten unha solución doada nin moito menos rápida.

Unha das causas estruturais dos incendios é un modelo de país sustentado no exterminio planificado do medio rural: o actual deseño do país o que fai é botar á xente dos entornos rurais, o que provoca unha xestión do monte menos eficiente e máis propicia aos incendios.

Pretendese que a xente abandone o rural e que outro tipo de actores invistan diñeiro. Esa é a política do goberno, con leis como a de Fomento de Iniciativas Empresariais, alcumada “Lei de Depredación de Galicia”, recentemente aprobada no Parlamento (o 19 de outubro), que fomenta a liberalización do solo, pondo o territorio ao servizo de calquera proxecto mineiro-extractivista interesado e ademais, arrogase o dereito de expropiación en base a difusos intereses xerais.

A falta de ordenación e a pésima xestión forestal converten aos montes galegos en pura gasolina. Fai falla autocrítica xa que, sen aportar solucións eficientes, isto continuará pasando ano tras ano.

A Comisión Europea destina a Galicia 39,5 millóns de euros para a adaptación ao cambio climático e prevención de riscos, incluída a xestión dos incendios forestais, durante o período 2014-2020 a través dos fondos FEDER. Supoñen,



aproximadamente, o 4,5% da cifra total dos arredor de 900 millóns destas achegas comunitarias que xestiona a CC.AA. Agora, esta comisión debería estudar se a Xunta fai unha aplicación axeitada ou non destes fondos logo.

Será vital recordar o carácter estratéxico da superficie agraria útil e o seu mantemento, especialmente das terras de elevada aptitude agrícola, escasas e carentes dunha adecuada protección na actualidade. En sintonía co anterior, avanzar na ordenación forestal e do bosque, conciliando as funcións produtivas e protectoras e conciliando os intereses individuais cos sociais. A integración das actividades agrogandeiras e forestais, sexa con dimensión produtiva ou conservativa, farase con visión territorial.

Debemos abordar con eficacia e decisión a ordenación e xestión das interfaces urbano-rurais, especialmente no tocante aos usos residenciais e de infraestruturas básicas. O éxito neste eido dependerá da axeitada combinación na aplicación da lexislación así como de medidas de fomento innovadoras que revitalicen estes espazos de transición, así como potenciar e revitalizar as CCMMVVMC.

A nova política forestal debe deixar de ser so forestal para ser unha política do monte. Baseada nunha xestión forestal con intelixencia feminista, ecoloxista.

No ditame emitido pola Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avalando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017, non se reflexaron as críticas que se nomearon en distintas ponencias.

No ditame emitido pola Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avalando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en



outubro de 2017, non muda substancialmente a problemática dos incendios forestais no noso país.

Por todo iso, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a anular a presente proposta de revisión do Plan Forestal de Galicia e a elaboración dun novo documento de base sobre planificación do monte, onde se teñan en conta factores como a diversidade de hábitats e especies, onde se potencien de verdade as CCMMVVMC, a multifuncionalidade de usos, o arborado autóctono, o mantemento dos servizos ecosistémicos que prestan os montes galegos, a sustentabilidade económica e social e a redución paulatina de eucalipto e especies alóctonas. Acabar coa atomización do dispositivo de prevención e extinción de incendios e retomar o control dos lumes ao dispositivo do SPDCIF.

Redefinir o solo urbanizable na Lei 2/2016 restrinxindo as posibilidades de recalificacións de solo rústico loitando contra a expansión urbanística cara terreos de elevada produtividade agraria, forestal ou paisaxística.

Facilitar o acceso a terra para a produción de alimento e garantir unha Superficie Agraria Útil (SAU) suficiente para as granxas galegas.

Resolución nº 36

“Dereito de acceso a enerxía a prezos razoables. O timo do prezo da enerxía eléctrica.”

O prezo da enerxía eléctrica non para de subir de maneira escandalosa e totalmente inxustificada. En paralelo os beneficios das empresas do oligopolio eléctrico medran sen parar cuadruplicando os beneficios medios das grandes eléctricas europeas, todo a costa do peto das e dos consumidores.

As accións de Ministerio de Transición Ecolóxica son un pequeno parche que terá unha incidencia mínima no custo final do recibo.

Así a anunciada supresión temporal do imposto a produción eléctrica, un novo regalo as eléctricas que nos costará aos galegos e españois mais de 1.000 M€, como moito, no seu caso, suporá unha baixada do 2% no recibo.

Non se incide sobre as verdadeiras causas de que teñamos unha das tarifas mais caras da UE, pódense resumir nestes tres elementos:

- BOE: mediante o cal os sucesivos gobernos do PSOE e sobretudo do PP desenvolveron Leis e regulamentos que só miran polo interese das grandes eléctricas cargando sobre os consumidores miles de millóns de euros de recargos, chamadas “peaxes”, moitos deles inxustificados ou inflados de maneira obscena. Verdadeiros regalos as eléctricas cheas de compañeiros de partido nos seus consellos de administración. Estes “peaxes” supoñen o 40% do recibo.
- Especulación masiva no prezo da enerxía eléctrica: o prezo da enerxía supón o 34% do recibo, levándose as peaxes o 40% e os impostos o 26% restante. O sistema de fixación de prezos da enerxía só está pensado para permitir as prácticas especulativas.

- Unha fiscalidade desproporcionada e inxusta: non pode ser que o IVE dun produto de primeira necesidade este no 21%. Ademais pagamos outro imposto, sobre o que se carga encima o IVE, o “imposto especial da electricidade” dun 5,11%, que se aplica a todos os consumidores por igual cando debería ser un imposto que premiara o aforro enerxético.

Que debería facer un goberno que defenda as maiorías sociais para acabar con esta estafa.

1.- Sacar a produción hidráulica, nuclear e eólica do Pool de poxas diarias que determinan o prezo da enerxía e obrigarlle a que sexan ofertadas mediante contratos a longo prazo con prezos estables. Crearase unha sociedade xestora deste mercado con control público.

2.- Baixar o IVE dos consumos imprescindibles para manter un fogar en condicións de habitabilidade ao 4%.

3.- Facer do Imposto Especial da Electricidade un imposto progresivo que prime o aforro enerxético. Substituiríase por un Imposto sobre o consumo de electricidade, que iría desde un gravame cero para as potencias contratadas e os consumos máis baixos e iríase incrementando en función de tramos de potencia e consumo. É o sistema maioritario en case todos os países europeos.

4.- Poñer coto mediante lexislación de defensa dos consumidores as enganosas ofertas aos consumidores para contratar ou pasarse ao mercado libre da electricidade nos fogares.

5.- Desenvolver unha auditoría exhaustiva do Déficit de Tarifa eléctrica que supón un custo para todos os consumidores de 30.000 M€ que se van abonando ano a ano no recibo. Analizar a súa lexitimidade e no seu caso esixir a súa devolución parcial ou total ás compañías eléctricas.



6.- Desenvolver as accións legais necesarias para executar a devolución polas eléctricas dos incentivos que cobraron polos teóricos custos de transición á competencia, un regalo de 3.588 M€ do goberno Aznar, unha vez comprobado que esta transición moi ao contrario de retraer os seus resultados incrementounos de maneira formidable.

7.- Toma do control da rede de distribución polo Estado. Modificaríase a Lei 24/2013 e toda a normativa desenvolta a partir da mencionada Lei para desenvolver as accións necesarias para a toma do control de xestión da rede de distribución de electricidade polo Estado, da mesma maneira que se fai co transporte. Unha vez tomado o control realizaríase unha exhaustiva auditoría de custos para determinar a remuneración xusta a este servizo.

8.- Derrogar toda a lexislación que penaliza e dificulta o autoconsumo particular e comunitario.

9.- Esixir a separación real das actividades de produción, distribución e comercialización de electricidade con empresas claramente diferenciadas en capital e estrutura, tal e como marcan as directivas europeas. Desta maneira incrementaríase de forma real a competitividade entre empresas, combatendo o oligopolio eléctrico, reducindo a concentración do mercado en moi poucos grupos, o que seguro redundaría nunha redución de prezos.

10.- Eliminar a obriga das empresas Comercializadoras de participar no Mercado Diario, para adquirir a totalidade da enerxía dos seus clientes.

11.- Derrogar o Artigo 9.3 do Real Decreto 2019/1997 e todas aquelas disposicións regulamentarias, que obstaculizan a Contratación Bilateral física, instando o Operador do Sistema Rede Eléctrica de España S.A.U. e ao Operador do Mercado Ibérico de Electricidade OMIE a presentar propostas de modificación de Procedementos de Operación e Regras de Funcionamento do mercado que faciliten a participación da Contratación Bilateral física. Isto



facilitaría a presenza en igualdade de oportunidades a comercializadoras alleas aos tres grandes grupos.

12.- Reversión ao público de concesións de centrais hidráulicas caducadas.

13.- Prohibición das portas xiratorias.

Desenvolver todas estas iniciativas levará tempo, pero hai dúas que poderían ser implementadas de maneira inmediata ou a curto prazo e que si suporían un moi importante aforro para todos os fogares de Galicia e España.

Polo tanto para dar resposta a esta situación inaceptable **o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno Central que retire a produción hidráulica, nuclear e eólica do Pool de poxas diarias que determinan o prezo da enerxía e obrigar a que sexan ofertadas mediante contratos a longo prazo con prezos estables. Crearase unha sociedade xestora deste mercado con control público. Rebaixe o IVE dos consumos eléctricos imprescindibles para manter un fogar en condicións de habitabilidade ao 4%.**

Resolución nº 37***“Transición ecolóxica”***

As directivas e normativas da UE, moitas delas xa trasladadas a lexislación española, sobre Transición Enerxética xeran incertidumes sobre o futuro das centrais térmicas de carbón de As Pontes e Meirama.

A isto súmase a escalada, que se prevé sega a crecer, das poxas de dereitos de CO2 que complica en gran medida a súa competitividade.

Estas ameazas teñen que ser convertidas en oportunidades, como xa se está a facer en moitas rexións de Alemaña, Francia ou Gran Bretaña, e por elo a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado teñen que intervir de maneira urxente para desenvolver as medidas e dotar os orzamentos para garantir o desenvolvemento futuro, económico, industrial e social dos concellos afectados e as súas comarcas. Non é asumible deixar o futuro destes concellos ao albur dunhas decisións non controlables das empresas eléctricas que xestionan as centrais, compañías controladas por fondos de inversión internacionais que só se rexen pola regra do maior beneficio.

Un informe da OIT di que por cada emprego que se perda pola transición enerxética crearanse 4 de maior calidade. A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado teñen que poñerse a traballar dende xa para que unha parte importante deses empregos podan crearse nos Concellos afectados en Galicia, é dicir As Pontes e Cerceda. Temos que liderar os plans urxentes para paliar os efectos da transición enerxética para os que haberá importantes fondos estatais e europeos. Pensemos dende xa no futuro de As Pontes e Meirama-Cerceda.



Os chamados contratos da transición enerxética xa levan tempo sendo aplicados en Francia, Alemaña e Gran Bretaña con enorme éxito. Impliquemos neses contratos aos Concellos, entidades sociais, sindicais e empresariais para desenvolver plans estratéxicos de desenvolvemento económico e industrial dos Concellos de As Pontes e Cerceda-Meirama. Por elo solicitamos tamén na nosa PNL a recuperación dos fondos do Plan Miner paralizados polo goberno do PP no ano 2012, que estimamos en 56 M€ no caso de As Pontes e en mais de 20 M€ no de Cerceda-Meirama.

Asumir a necesidade de cambio e liderar a transición enerxética é imprescindible. Este proceso deuse de maneira exitosa en moitas rexións europeas, e tivo que ver co cambio colectivo na forma de pensar das comarcas afectadas. É necesario apostar por novos sectores económicos, que non só crean emprego local, senón que teñen un impacto directo positivo na vida da comunidade.

Hai que asumir que é necesario un cambio de rumbo na economía destes concellos e do resto do País. Necesítase un novo modelo de desenvolvemento que mellore o anterior, que sexa mais sustentable, mais participativo, mais ecolóxico, mais racional.

Hai que asesorar aos colectivos sociais, empresariais e servizos técnicos institucionais no desenvolvemento dunha folla de ruta para estas comarcas baseada na chamada terceira revolución industrial, que ten como alicerces a produción de enerxía limpa e a economía circular.

A toma de decisións participada debe de ser a guía deste proceso. Estes debates deben de servir para elaborar un diagnóstico e a partir del unha estratexia colectiva.

Trátase non só de describir o problema se non, moito mais importante, de expor unha solución, en forma de proposta de novo proxecto. Estas propostas poden ser presentadas a diferentes liñas de financiación da Unión Europea e do Estado.



Pola súa banda a Xunta de Galicia non pode poñerse de perfil a esperar acontecementos e despois poder dicir que non é responsabilidade súa o que poida suceder. Ten que ser proactiva de maneira urxente.

Tamén hai que cambiar o destino dos fondos, que non só deben dedicarse a construír infraestruturas, reenforcándoos en parte a elevar a capacitación técnica das e dos traballadores así como das empresas.

En resumo, todos os indicadores advirten que hai que actuar e que hai que actuar xa.

Para dar resposta a esta situación inaceptable presentamos esta proposta de Resolución:

O Parlamento de Galicia insta Xunta de Galicia a

Instar aos Ministerio de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a constituír de inmediato o Grupo de traballo, no que se integren ás Comunidades Autónomas, para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente e Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato Grupos de traballo nos Concellos de As Pontes e Cerceda con participación da administración autonómica e local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades, as ameazas que poden supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do mercado pola Unión Europea.

Instar aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os



Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

Ademais deberrá Instar ao Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER) que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava e Incluir nos orzamentos de 2019 e 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

Instar a Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.

Resolución nº 38

“Directrices da Paisaxe”

As Directrices de paisaxe son, segundo o artigo 10 da Lei 7/2008, determinacións fundamentadas no Catálogo das paisaxes que establecen para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística.

A lei tamén establece que os obxectivos de calidade paisaxística deben expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e ao grao de compromiso na protección da paisaxe, polo que a determinación destes obxectivos debe partir dun proceso de participación pública.

O proceso de participación pública para a elaboración das Directrices de paisaxe tivo lugar entre febreiro e abril de 2016.

Tal e como establece a Lei 7/2008, as Directrices de paisaxe inclúen:

- Os indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e evolución das unidades de paisaxe.
- Normas e recomendacións para a integración dos obxectivos de calidade paisaxística nos plans urbanísticos e sectoriais, así como nas estratexias rexionais ou locais.

Estas determinacións impleméntanse mediante directrices de carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística.

O borrador de directrices de paisaxe, actualmente en tramitación, inclúe:

1. Directrices xerais para a consideración da paisaxe no planeamento urbanístico, noutros instrumentos de ordenación ou xestión do territorio (instrumentos de ordenación e xestión de espazos naturais, de ordenación e xestión forestal e



procedementos de reestruturación parcelaria) e directrices para a integración paisaxística das construcións en solo rústico.

2. Directrices para elementos presentes en distintos tipos de paisaxe: infraestruturas enerxéticas e viarias, parques eólicos, bancais, peches, valados, sebes, elementos do patrimonio cultural materiais e inmateriais, polígonos industriais, sendas, Camiños de Santiago, viarios históricos e tradicionais, miradoiros e puntos de observación.

3. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de cada Grande Área Paisaxística e das diferentes unidades de paisaxe.

4. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de AEIP e AEAP.

O Consello da Xunta aprobou o 12 de decembro de 2016 o inicio do trámite de avaliación ambiental das Directrices de paisaxe.

Feijóo anunciou naquel momento que as Directrices serían aprobadas en 2017 facendo fincapé en que as Directrices de paisaxe son un deber legal, tal e como figura na Lei de protección de paisaxe de Galicia, e un deber colectivo da sociedade, xa que fai falta diagnosticar os obxectivos de calidade e garantir unha mellor xestión e protección.

Case dous anos despois as Directrices da Paisaxe seguen sen aprobarse, segue sen aprobarse a Avaliación Ambiental, mentres si avanza, por exemplo, os proxectos de instalación de parques eólicos polo país, que se proxectan sen os condicionantes cos que deberían de contar no caso de que fosen unha realidade ditas Directrices.

No Pleno do 10 de xullo de 2018, interpelada por este grupo, a recente ex-conselleira Beatriz Mato asegurou que se aprobarían en setembro.

Como é evidente volveu a incumprir a súa promesa.



Namentres tramítanse ata 21 parques eólicos, moitos deles en lugares de interese paisaxístico, e que se consolidarán administrativamente antes da aprobación das Directrices, evitando así o seu cumprimento e adaptación.

Estamos convencidos de que non é simple incompetencia e desleixo do Goberno galego.

É, unha vez máis, a intención deliberada de beneficiar determinados intereses empresariais.

Para moitos destes proxectos as Directrices xa chegan tarde.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposta de resolución:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a tramitar definitivamente a aprobación das Directrices da Paisaxe de xeito inmediato.

Resolución nº 40

“Memoria Histórica Democrática”

Hoxe máis que nunca cómpre lembrar a historia das perseguidas e dos perseguidos por motivos políticos, de recoñecer os sufrimentos e, sobre todas as cousas, reparar a memoria das vítimas. Aquí non existiu guerra civil entre faccións da nosa sociedade, senón un golpe armado e militar triunfante que -no noso país, e coas xentes non afíns ideoloxicamente- xeraría un amplo número de tipoloxías represivas e que, a maiores e sempre mediante o terror, implanta unha leva obrigatoria de miles de galegos a loitar no bando dos militares franquistas fóra do noso territorio. Outros e outras foron cruelmente represaliados/as, torturados/as, violadas, asasinados, e unha boa parte viuse obrigada ao exilio.

Queremos lembrar, ademais, que a Guerra do 36, e a represión en paralelo, foi responsabilidade única e exclusiva dos xenerais e demais militares que se ergueron contra a legalidade democrática e constitucional da República.

O cadro “A derradeira lección do mestre” simboliza a cruel e sanguinaria represión na guerra do 36. Castelao representou nel a Alexandre Bóveda como símbolo de todas as vítimas dos militares sublevados

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar un cambio radical da súa política en materia de Memoria Histórica Democrática. E logo de abrir un debate social participativo, con dotación de fondos públicos, podamos:

Demandar a anulación dos consellos de guerra e demais asasinatos xudiciais cometidos pola ditadura franquista, que non foron xuízos contra persoas senón contra un pobo.



Crear un “Centro da Memoria Histórica Democrática de Galicia”, proceder a exhumación e recuperación da dignidade das vítimas en colaboración permanente coas asociacións implicadas. Así como instar ao Estado a realizar as accións administrativas ou civís que procedan para a extinción dos títulos de propiedade tanto das Torres de Meirás como o numeroso patrimonio espoliado para a súa inmediata incorporación ao patrimonio público.

Instamos a Xunta de Galicia ademais, a recoñecer a verdadeira simboloxía do cadro “a derradeira lección do mestres” que non é outro que representar a brutal represión franquista, homenaxear as vítimas representadas na figura de Alexandre Bóveda.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 10:10:48



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38511
Data envío: 10/10/2018 10:27:21.863

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento para o ***"Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. Presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia"***, presenta as seguintes **Propostas de Resolución**:

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38511
Data envío: 10/10/2018 10:27:21.863

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 1

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha un programa de Segunda oportunidade para a mocidade que non estuda nin traballa, para que o abandono escolar non lles peche as portas do mercado laboral”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Proposta de Resolución nº 2

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar defendendo unha política de rebaixas fiscais selectivas que sitúe a Galicia no grupo de Comunidades Autónomas cos impostos máis baixos”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 3

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a seguir traballando ante o novo Goberno central para conseguir a transferencia da titularidade da AP-9 para a Comunidade Autónoma garantindo o mantemento dos actuais compromisos na gratuidade das peaxes de Rande e A Barcala e a execución, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, das obras comprometidas na autoestrada: as ampliacións na área metropolitana da Coruña (Alfonso Molina e Vial 18), o Enlace Orbital en Santiago, a remodelación do nó de Bombeiros en Pontevedra e a integración urbana na Avenida de Bos Aires en Vigo. En canto non se acada este obxectivo, a demandar a continuidade da Comisión sobre a AP-9 creada entre Xunta e Ministerio de Fomento en febreiro do ano pasado como marco estable no que abordar os asuntos de interese para a Comunidade exixindo a supresión da peaxe de Redondela e as obras de compensación comprometidas para Chapela”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 4

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a desenvolver durante este próximo ano os traballos para a sinatura dun Pacto Galego contra a Violencia Machista que se basee no ditame que deberá elaborar a ponencia constituída no seo da Comisión non permanente para a igualdade de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres desta cámara. Namentres non se asina o devandito Pacto, insta á Xunta continuar a mellora do sistema de atención a todas as vítimas de violencia machista: por unha banda reforzando as Oficinas de Atención a Vítima nos xulgados e a provisión de asistencia xurídica así como habilitando unha ‘quenda de oficio’ de atención psicolóxica; e por outra banda implementando novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 5

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do goberno de España a convocatoria dunha Conferencia de Presidentes en cumprimento do compromiso acadado na VI Conferencia de presidentes celebrada o 17 de xaneiro de 2017 de celebrar anualmente a conferencia e a solicitar que nela se retomen as negociacións encamiñadas a deseñar un novo modelo de financiamento autonómico e local a partir do informe técnico xa realizado polos expertos designados polas distintas administracións autonómicas así como a defender nesas negociacións a postura fixada polos acordos acadados neste Parlamento no pasado ano”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 6

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

“O Parlamento de Galicia reafirma a súa defensa do modelo de Estado social, democrático e de Dereito recoñecido pola Constitución Española de 1978, así como do modelo territorial descentralizado desenvolvido a través dela e, nese sentido, insta á Xunta de Galicia a defender que as eventuais reformas que se poidan efectuar na organización do poder entre niveis de goberno en España fagan énfase nos aspectos cooperativos mediante o impulso e adaptación á realidade española das institucións propias dos sistemas políticos descentralizados, particularmente un Senado que potencie o seu papel de Cámara de representación territorial. Nese sentido insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Senado para solicitarlle a inmediata reactivación dos traballos da ponencia constituída no seu seo para abordar a súa reforma e a conclusión dos seus traballos”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 7

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a desenvolver un Plan estratéxico de hospitalización a domicilio, unha Estratexia para os pacientes crónicos e un rexistro

para as enfermidades raras ao tempo que continúa a mellora e ampliación das infraestruturas sanitarias, en particular co impulso dun novo Hospital Público da Coruña, coa total renovación do actual e unha ampliación da súa superficie total dun 50 % previa posta a disposición dos terreos por parte do Concello”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 8

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar as políticas de prevención no eido da saúde pública cunha reforma da Lei sobre consumo de alcohol en menores

e coa posta en marcha dun Programa Galego de Detección precoz do cancro de cérvix uterino”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 9

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a seguir as recomendacións recollidas no Ditame da comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da

política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, dando cumprimento de xeito inmediato ás recomendacións número 23 (reforzando a multifuncionalidade do noso monte mediante o plan de actuacións de mellora das zonas de pastoreo extensivo en terreos forestais); 45 (intensificando a cooperación cos concellos para deseñar os plans das franxas secundarias de xestión de biomasa); 71 (desenvolvendo novos mecanismos de mobilización de terras produtivas de Galicia, tanto mediante arrendamentos ou cesións de usos como transmisións da titularidade das terras así como mellorando o coñecemento da propiedade rústica de Galicia, establecendo convenios cos organismos dependentes da Administración do Estado con competencias na materia) e 103 (implantando unha rede de vixilancia forestal como desenvolvemento das últimas tecnoloxías na extinción de incendios).”

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 10

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a preparación do Xacobeo 2021, estimulando a creación de emprego de calidade, promovendo a renovación dos equipamentos de hostalería e deseñando programas que fagan partícipe a toda a sociedade para que repercusión de todas as medidas chegue aos diferentes sectores produtivos e as disciplinas artísticas, fortalecendo a marca do país e fomentando a súa proxección internacional. Neste sentido, ínstase a Xunta a recadar a participación e achegas dos grupos parlamentarios”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 11

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a proseguir nas políticas de reforzo e de estabilidade do sistema educativo galego apostando pola convivencia, a atención á diversidade, a excelencia e a igualdade; polo ensino de linguas estranxeiras; pola consolidación do uso real das novas tecnoloxías e polo desenvolvemento de competencias STEM por parte do alumnado; ao tempo que se reivindica o modelo galego como útil para o resto das Comunidades Autónomas e se apela por recuperar a negociación dun Pacto de Estado pola Educación”.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38511
Data envío: 10/10/2018 10:27:21.863

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 12

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a desenvolver e potenciar as ensinanzas de FP co reto de ofrecer uns ciclos modernos e innovadores, que respondan de xeito máis acaído ás necesidades socio-laborais da Comunidade Autónoma de Galicia; afondando no desenvolvemento do Campus FP como centro de referencia”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 13

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover a conciliación e corresponsabilidade, tanto no sector público tomando as medidas oportunas para continuar avanzando no aumento do número empregados e empregadas públicas acollidos á flexibilidade horaria e ao teletraballo e adoptando novos criterios que fagan máis accesible a conciliación, como no sector privado apoiando economicamente ás empresas que implanten plans de igualdade, conciliación e corresponsabilidade e promovendo nelas a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero”.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38511
Data envío: 10/10/2018 10:27:21.863

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 14

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a elaborar e acordar coas entidades locais e a Administración Xeral do Estado unha Estratexia de actuación para garantir o abastecemento de auga á poboación en calidade e suficiente cantidade, incluso en períodos de seca e outras situacións excepcionais. En particular, pola especial importancia e vulnerabilidade do sistema de abastecemento da área de Vigo, e en consecuencia se insta á Xunta de Galicia a solicitar perante do Goberno de España a declaración deste sistema de abastecemento como de Interese Xeral do Estado en Galicia”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 15

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a apostar pola sostibilidade ambiental coa elaboración dunha nova Lei de Residuos e dunha Estratexia de redución dos residuos plásticos así como coa rebaixa nun 10 % do canon de SOGAMA para aqueles municipios que certifiquen maior compromiso coa redución e separación dos residuos e sempre e cando repercutan esa redución no recibo que pagan os veciños”.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38511
Data envío: 10/10/2018 10:27:21.863

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38511
Data envío: 10/10/2018 10:27:21.863

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 16

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear unha xanela única para realizar simultaneamente no tempo, dentro do posible, as convocatorias das liñas de axudas en materia de rehabilitación co obxectivo de facilitar aos cidadáns o acceso ás mesmas”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 17

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para dotar dunha posición relevante tanto ao produtor local e as economías rurais, favorecendo a existencia e permanencia de canles curtas e mercados locais específicos para a produción de proximidade e que permitan o control do produtor sobre o seu produto”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº18

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver unha liña de acción en materia de comercialización e valorización dos produtos do mar que dea continuidade e relanzamento ás medidas xa implementadas, de forma que se poida afianzar a competitividade e sostibilidade da nosa estrutura produtiva da cadea mar-industria. En particular, e para o período 2018-2020 promoverase esta liña mediante accións de apoio á transformación e comercialización entre as que se conterán, entre outras, unha campaña de consumo de produtos do mar entre os máis novos, unha promoción da dixitalización das vendas e o impulso, previo acordo co sector, do Plan Estratéxico do Conxelado”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a comezar a deseñar o proxecto “Legado Artístico de Galicia”, co obxectivo de lograr a máxima protección, conservación e dispoñibilidade da obra e arquivo dos artistas galegos, tanto históricos coma contemporáneos, que desexen formar parte do acervo en custodia pública a través dalgunha das modalidades dispoñibles”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº20

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a, no marco da segunda fase do Plan de Transporte Público de Galicia, priorizar a atención ao noso rural con medidas como a implantación dunha área de transporte única que permita estender a toda Galicia os beneficios da Tarxeta TMG e da Tarxeta Xente Nova ou a oferta de servizos axeitados a cada zona evitando que circulen autobuses baleiros ao tempo que se atenda o maior territorio posible aproveitando os beneficios que ofrecen modalidades como os transportes a demanda e de uso compartido”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº21

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza para que proceda a programación e creación de novas unidades xudiciais que permitan no 2019 poñer en marcha en Galicia os novos xulgados que de xeito consensuado propoña a Comisión Mixta Xunta-Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en atención ao binomio de necesidades obxectivas e estruturais de carga de traballo e o número de unidades asignadas á Comunidade Autónoma”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº22

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que continúe mellorando as condicións de traballo dos empregados públicos e, nesta liña, implante na Administración galega un sistema de carreira profesional que permita ao funcionariado autonómico progresar de maneira individualizada ao longo da súa vida profesional como recoñecemento aos seus coñecementos, formación, experiencia, implicación e compromiso cos servizos públicos.”

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº23

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a desenvolver, no eido do persoal sanitario, as Ofertas Públicas de Emprego anuais e a carreira profesional ao tempo que toma medidas para implantar contratos máis estables para pediatras e médicos de familia”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº24

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a afondar no diálogo social para mellorar a calidade do emprego, en particular reforzando a inclusión de cláusulas sociais na contratación pública, o impulso das políticas activas de emprego e novas medidas para a inserción laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social no sector empresarial de Galicia”.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38511
Data envío: 10/10/2018 10:27:21.863

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº25

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a manter unha política de rigor e solvencia orzamentaria e financeira, utilizando os mecanismos de teito de gasto e regra de gasto para avanzar na redución do nivel de endebedamento”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº26

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar, xunto coas universidades galegas, unha estratexia de fomento dos grados duais, coa pretensión de mellorar a rápida integración no mercado laboral dos egresados universitarios e afrontar a posta en marcha, a modo de recoñecemento ao esforzo, mérito e superación, a denominada “Bolsa Concepción Arenal” á excelencia”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº27

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar a política de atención ás persoas maiores e dependentes a través da licitación no primeiro trimestre de 2019 das sete residencias nas grandes cidades galegas, a ampliación do Bono Autonomía en residencia ata chegar ao 100% das solicitudes e continuar incrementando o numero de horas do Sistema de Axuda no Fogar, ao tempo que reitera a súa demanda ante o goberno central para que achegue a porcentaxe de fondos que lle corresponden no financiamento do sistema de atención á dependencia”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº28

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a manter o programa de inspección de pontes e outras obras de paso para o seu correcto mantemento ampliándoo aos noiros das estradas revisando a súa estabilidade. No mesmo sentido, solicitará ao resto de administracións titulares de estradas en Galicia que activen programas equivalentes”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº29

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a planificar diversas medidas e actividades que propicien a creación de actitudes positivas cara á lingua propia de Galicia en todos os ámbitos da sociedade galega, en especial entre a mocidade; impulsando a transmisión do galego aos fillos a través das Escolas de Nais e Pais e buscando o recoñecemento daquelas iniciativas dixitais que se publiquen integramente en galego ”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº30

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a avanzar no seu compromiso coa revitalización demográfica adoptando medidas como a elaboración dunha Lei de Impulso Demográfico, a creación dunha Oficina integral de asesoramento e seguimento ao retornado e solicitando ao Goberno de España que tome as medidas necesarias para reducir os trámites e axilizar a concesión dos permisos de residencia e traballos dos cónxuxes e descendentes, sen nacionalidade española, dos galegos retornados, favorecendo a súa integración familiar e persoal”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 31

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que, unha vez que equiparou a tributación sobre os carburantes da automoción no conxunto das Comunidades Autónomas, non incremente a fiscalidade do diésel, tendo en conta o especial impacto negativo que a medida anunciada tería entre a sociedade galega, xa que o 85 por cento do combustible de automoción que se consume na comunidade é deste tipo, así como entre a industria de automoción, que xera o 12 por cento do emprego industrial existente e unha facturación que se achega aos 8.700 millóns de euros”.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38511
Data envío: 10/10/2018 10:27:21.863

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 32

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar dos concellos que adopten as medidas necesarias para queden exentos do pago do Imposto sobre Bens Inmóveis os centros sanitarios de titularidade pública e bonificada ao 95% o pagamento dos centros de investigación de organismos públicos e os de ensinanza universitaria, así como dos inmóveis nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 33

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que, ao tempo que avanza no cumprimento do compromiso de que o AVE que conectará Galicia con Madrid estea funcionando en probas no ano 2019, continúe coa tramitación das melloras das conexións ferroviarias internas: Ourense-Lugo, saída sur de Vigo-conexión con Portugal, Ourense-Vigo, Variante de Ourense, A Coruña-Ferrol e Ferrol-Ribadeo”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 34

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a consensuar e coordinar coa Federación Galega de Municipios e Provincias, e coa Administración Xeral do Estado as actuacións encamiñadas a facilitar ás familias de vítimas da guerra civil e da represión franquista, a localización, exhumación e traslado, se procede, dos restos mortais dos seus familiares”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 35

“O Parlamento de Galicia condena o abuso das prerrogativas parlamentarias da inviolabilidade e inmunidade por calquera dos membros da cámara, e insta a todos os deputados e deputadas a facer unha utilización prudente das mesmas, en atención a súa condición de garantía da actividade parlamentaria, e nunca dende unha concepción de privilexio persoal”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 36

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a seguir promovendo, en colaboración coa FEGAMP, o cumprimento da Lei 10/2017 de 19 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia por parte dos concellos, dadas as responsabilidades que ostentan na garantía da seguridade dos espectáculos públicos, co obxectivo de minimizar a incidencia de accidentes como o acontecido no festival do Marisquiño en Vigo”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 37

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter o nivel de calidade asistencial na poboación asignada a POVISA e protexer os postos de traballo existentes no marco das obrigas pactadas no convenio asinado entre o SERGAS e o hospital”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 38

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado que impulse a aprobación de normativa básica reguladora da actividade dos grupos de interese e da protección das persoas denunciante de corrupción”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 39

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a impulsar a cultura galega nas súas distintas manifestacións e a través da colaboración cos distintos sectores e

industrias culturais para propiciar que chegue a todos os cidadáns e a todo o territorio galego; ao tempo que se completa o proxecto da Cidade da Cultura de Galicia como referente cultural, tecnolóxico e emprendedor, ademais de como espazo natural, arquitectónico e paisaxístico para os cidadáns e visitantes”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”.

Proposta de Resolución nº 40

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a avanzar na redefinición da relación porto-vila/porto-cidade co impulso das labores do grupo de traballo creado coa FEGAMP e destinando os mesmos a avanzar no uso dos espazos de continuidade entre os portos e as vilas onde se asentán, de cara a favorecer a súa integración e

aproveitamento para o tecido urbano, así como a dar un novo pulo aos plans de delimitación de espazos e usos portuarios”.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 10:26:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta as seguintes **Propostas de resolución**, para que sexan tratadas polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 1

Polo dereito de autodeterminación do pobo galego e a creación dunha ponencia para un novo marco político para Galiza

O Parlamento, recoñecendo Galiza como nación, entende que tamén lle deben ser recoñecidos os dereitos que como tal lle corresponden, en especial o dereito democrático de autodeterminación. En todo o caso, constatando que o actual marco autonómico non serve para resolver os máis importantes problemas políticos, sociais, culturais e económicos do noso país nin para desenvolver todas as súas potencialidades, o Parlamento acorda por resolución constituír unha ponencia en que avanzar para un novo marco político que garanta o dereito inalienábel da nación galega a decidir libremente o seu futuro; un novo marco político que permita blindar os dereitos sociais e liberdades públicas así como garantir as ferramentas políticas e económicas necesarias para lograr o desenvolvemento do país e o benestar do noso pobo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 2

Por unha axenda galega diante do Goberno do Estado

O Parlamento considera imprescindible dotar a Galiza de máis instrumentos para desenvolver as nosas potencialidades e capacidades, e que Galiza saia da irrelevancia política; para tal fin, insta á Xunta de Galiza a solicitar a convocatoria da Comisión mixta de transferencia de competencias e reclamar, ao Goberno español, o desenvolvemento do Título II, Capítulo I, artigo 27 e seguintes do Estatuto de Autonomía de 1981, a comezar pola dotación dos recursos e medios que permitan aplicar de maneira real e efectiva a Lei 8/2007, do 3 de xuño, de Policía de Galiza, así como a transferencia das competencias en materia de tránsito e seguranza pública, portos e aeroportos, salvamento marítimo, ferrocarril, costas, marco galego de relacións laborais e xestión do réxime económico da Seguridade Social. Así mesmo, insta a Xunta de Galiza a reclamar do Goberno español, que se comprometa na actual lexislatura, con prazos concretos e orzamentos, a implementar unha Axenda galega que reverta as discriminacións co noso país para avanzar nun marco democrático con garantías de dereitos e liberdades individuais e colectivas no que se inclúan, como mínimo, as seguintes demandas: transferencia da AP9, saída de ENCE da Ría de Pontevedra, devolución do Pazo de Meirás, pago da débeda en materia de dependencia, creación da Tarifa Eléctrica Galega, un modelo de financiamento xusto e modernización do ferrocarril.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 3

Na defensa dos dereitos lingüísticos do pobo galego

O Parlamento asume con preocupación as conclusións dos informes da Academia Galega e o Consello da Cultura Galega que alertan da creba na transmisión interxeracional da lingua propia de Galiza e advirten das consecuencias que está a ter a aplicación do decreto 79/2010 ao converter o ensino nun axente desgaleguizador. Por este motivo, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a derrogar o decreto 79/2010 e a desenvolver un novo que garanta, como mínimo, o 50% da docencia en lingua galega en Primaria, Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional así como, no mínimo, un terzo do horario lectivo semanal en Infantil, tal e como recolle o Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade en 2004. Así mesmo, a Xunta de Galiza ampliará este marco normativo todo o que for necesario para garantir a oficialidade real e efectiva do galego en todos os planos, en tanto que lingua minorizada, e os dereitos lingüísticos do conxunto da sociedade galega prestando especial atención á infancia e a mocidade.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 4

Un sistema de financiamento xusto para Galiza

O Parlamento de Galiza acorda iniciar un proceso de negociación bilateral co goberno central conducente a superar o actual sistema de financiamento, por inxusto e insuficiente, para blindar os servizos públicos esenciais, desenvolver as capacidades do noso país e atender as súas necesidades sociais. A través dun modelo de concerto económico establecerase unha nova relación financeira co Estado español baseada na autonomía e capacidade normativa propia de Galiza, que poderá fixar e regular dentro do seu territorio un réxime tributario propio por medio dunha Facenda galega encargada da exacción, xestión, liquidación, inspección, revisión e recadación dos tributos que integren o sistema tributario galego, baseado en criterios de xustiza e redistribución social. Neste novo marco establecerase un novo sistema de financiamento xusto para os concellos galegos, que teña en conta criterios demográficos e de dispersión da poboación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 5

Outra política fiscal para redistribuír a riqueza e poñer fin á desigualdade social

O Parlamento galego acorda, por resolución, demandar da Xunta de Galiza unha mudanza urxente da súa política fiscal por ter contribuído á cronificación da pobreza e ao aumento da desigualdade social. O Goberno galego demandará do central a corrección na recentralización dos impostos, a comezar por rexeitar a intromisión competencial nos tributos aos carburantes. En canto a nosa nación non conte con capacidade normativa propia, demandarase do Estado un aumento de competencias fiscais e revisaranse aqueles elementos de xestión galega buscando unha maior progresividade mediante o incremento do tipo das rendas máis altas e a avaliación dos impostos existentes para adecualos aos principios de igualdade, progresividade e estímulo á sostibilidade. Neste sentido, impulsaranse outros novos como impostos sobre as grandes superficies, as vivendas baleiras e as bebidas azucaradas. Finalmente, incorporaranse maiores desgravacións no tramo galego da renda e cumpriranse aquelas contempladas na lexislación galega e que o goberno da Xunta de Galiza incumpre, como as reducións a familias de especial consideración como as monoparentais.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 6

Banca Pública Galega para un sistema financeiro forte

O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a actuar diante do nivel de concentración bancaria, superior á media europea e estatal, que presenta o sistema financeiro galego e tomar medidas para evitar a exclusión financeira das persoas e axentes económicos e a perda de reinvestimento do aforro galego no país. Para garantir unha banca ética no seu funcionamento e corrixir as consecuencias da oligopolización e da perda de poder financeiro propio, impulsará a creación dunha Banca Pública Galega que sexa motor financeiro do tecido produtivo e alternativa ao modelo especulativo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 7

Tarifa Eléctrica Galega e política enerxética ao servizo do pobo

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a, diante da escalada do prezo da electricidade e das políticas centralistas que penalizan o noso país por producir no canto de beneficialo, demandar do goberno central as seguintes medidas urxentes: reducir o IVE da electricidade ao 4%, esixir que sexa o Estado quen asuma os custos dos suplementos territoriais en caso de non prosperaren os recursos políticos e legais ao respecto, demandar unha racionalización da fiscalidade da factura eléctrica e unha reforma da lei do sector eléctrico que permita a aplicación dunha Tarifa Eléctrica Galega que beneficie as persoas consumidoras e o tecido económico galego. Finalmente, a Xunta de Galiza apostará por un novo modelo enerxético baseado nos principios de soberanía, sustentabilidade e participación pública que acelerará o cumprimento dos obxectivos internacionais e a redución do consumo enerxético e o impacto medioambiental.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 8

Pola dignificación e a divulgación integral da obra de Castelao

O Parlamento acorda por resolución, con motivo da exposición *Castelao Maxistral*, instar á Xunta de Galiza a emprender todas as xestións oportunas para a adquisición do cadro *A derradeira leición do mestre* así como a súa casa natal no Concello de Rianxo. Ademais, insta o Goberno galego a divulgar o coñecemento da multifacética obra de Castelao e o seu pensamento a través do sistema educativo, os medios de comunicación públicos e plataformas dixitais sen censura, ocultación nin manipulación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 9

Pola memoria histórica democrática galega e a recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público

Diante das manobras que está a realizar a familia Franco para dificultar a recuperación do Pazo de Meirás, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a se dirixir ao goberno do estado para que de maneira urxente inicie accións legais encamiñadas á reintegración ao patrimonio público deste ben espoliado pola familia Franco, e, en consecuencia, inste como medida cautelar a anotación preventiva da demanda no Rexistro da Propiedade. Asemade, o Parlamento acorda expresar o apoio ás persoas, 19 de Meirás, que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo para reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, 19 persoas para as que a familia Franco acusa de delitos de violación de morada co agravante de violencia e intimidación, contra o honor, odio e danos, polos que poderían ser condenados ao un máximo de 247 anos de prisión e por volta de 500.000 euros.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 10

Cumprimento e ampliación dos compromisos contra a violencia machista

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a priorizar a loita contra a violencia machista incrementando a contía específica incluída nos Orzamentos para 2019 de forma que acade o 1% do total e permita acelerar a execución dos acordos parlamentares, nomeadamente os acadados o 24 de xaneiro de 2017 no Pleno do Parlamento Galego, a respecto do Pacto galego contra a violencia machista e o impulso do cumprimento das medidas contempladas ao abeiro da lei galega de violencia nos aspectos non desenvolvidos como son a atención psicolóxica na atención primaria, a mellora da formación en todos os ámbitos ou o reforzo das políticas de atención e prevención da violencia sexual como unha forma de violencia machista.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 11

Cumprimento dos compromisos contra a desigualdade salarial e a prol dos dereitos de conciliación

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a cumprir os compromisos e a lexislación contra a desigualdade salarial e a prol dos dereitos de conciliación, a comezar pola corrección inmediata das situacións de discriminación por razón de sexo que se están a dar en servizos dependentes dela, como son a discriminación salarial das limpadoras da Xunta de Galiza en Santiago e a vulneración sistemática dos dereitos de conciliación das traballadoras do Consorcio, que teñen que recorrer sistematicamente á vía xudicial para ver recoñecidos os seus dereitos á concreción horaria ou á flexibilización. Así mesmo, demándase a reversión dos recortes aplicados polos gobernos do PP en materia de recursos e medios destinados a promover a igualdade, a comezar polo compromiso de incrementar 8.000 prazas en escolas infantís públicas durante os próximos tres anos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 12

Recuperar a xestión pública dos servizos esenciais

O Parlamento galego acorda, por resolución, a realización dunha auditoría de todas as privatizacións realizadas de cara a avaliar a progresiva perda de servizos públicos e propios da última década e planificar nos próximos cinco anos a recuperación para a xestión pública directa de todos os servizos da Xunta de Galiza que na actualidade estean en xestión privada. Así mesmo, instase á Xunta de Galiza a desistir de poñer en marcha novos servizos de xestión privada. No caso de que puidera existir algunha circunstancia excepcional para a xustificación dalgún tipo de convenio, someterase a valoración e aprobación por parte do Parlamento galego.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 13

Na defensa das pensións públicas

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a incrementar a contía do “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas”, de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma e demandar do Goberno español o incremento das pensións non contributivas até a contía equivalente ao SMI.

Así mesmo, o Parlamento acorda instar o Goberno galego a demandar a derogación das reformas laborais, e proceder á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais, que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital: recoñecer o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos, establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de dez anos da súa vida laboral, establecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio, establecer a actualización anual en base ao IPC, eliminar as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial; así como reclamar para Galiza a xestión da Seguridade Social, como xa contempla o Estatuto de autonomía, e demandar que as empresas, con centro de traballo en Galiza paguen os impostos e as cotizacións sociais en Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 14

Pola atención das persoas dependentes

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para demandar o pago dos máis de 186 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do RD-L 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade e do financiamento acordado do 50% dos gastos de atención á dependencia. Así tamén, insta á Xunta a poñer en marcha de xeito inmediato un plan de atención as persoas en listas de espera tanto para unha avaliación, como para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei de Dependencia, coa dotación orzamentaria e de recursos materiais e humanos preciso, que contemple o dimensionamento do cadro de persoal da Consellaría de Política Social co número preciso de profesionais para eliminar a demora que existe no rexistro de solicitudes de dependencia e na realización das avaliacións e da PIA; a realizar todas as accións precisas para garantir unha rede pública cos recursos que as persoas en situación de dependencia precisan, e garantir a equidade no acceso, nomeadamente residencias, axuda no fogar e centros de día, así como a reverter todos os copagos introducidos nos recursos da dependencia.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 15

Salario público de inserción laboral e social

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a reformular a Risga para construír un sistema de protección social galego inclusivo, garantista, que sirva para xerar as estruturas básicas da igualdade social; que sexa garantida e informada como dereito cidadá e non como subsidio condicionado, suficiente e digna, accesible e eficaz, individualizada e respectuosa, efectiva e sostíbel; en suma un paso decidido para instaurar un salario público de inserción laboral e social, dirixido a todas aquelas persoas desempregadas e sen recursos e mesmo aquelas outras en situación de exclusión social que permita o establecemento dun sistema rexido polo principio do dereito das cidadás e dos cidadáns a ter recursos económicos de subsistencia, cuxo importe será o equivalente ao SMI.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 16

Un Plan de Mellora de Atención Primaria

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha un Plan de Mellora de Atención Primaria dotado dos recursos económicos, técnicos e humanos que sexan precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial, dimensionar os cadros de persoal co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial; a atender sen máis dilación as demandas das e dos profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada, PAC; devolverlle a súa capacidade organizativa e de xestión e a recuperación de xerencias directas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 17

Na defensa dos dereitos do persoal Sergas

O Parlamento de Galiza insta á Consellaría de Sanidade a rematar coa deplorable política laboral que leva anos practicando, consecuencia da cal temos un sistema sanitario infradotado de persoal e cunha importante parte en situación de precariedade e temporalidade. Para acadar este obxectivo acometerá as seguintes actuacións: realizar de inmediato un análise rigoroso das necesidades reais de persoal no Sergas, e dos dispositivos que son precisos atender e cubrir, convocar absolutamente todas as prazas vacantes, de todas as categorías, existentes no Sergas, realizar unha oferta laboral de contratación de calidade, destinada tanto a fidelizar as e os profesionais que están nas listas de contratación como a atraer as e os profesionais que están actualmente traballando fóra de Galiza, aumentar as prazas de formación na Universidade de Medicina, demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR, que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais; proceder á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais, conxelados desde o ano 2010.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 18

Pola mellora da sanidade pública na área de Vigo

O Parlamento de Galiza manifesta o desacordo coas decisións tomadas pola Xunta de Galiza que apostou por condicionar a área Sanitaria de Vigo reducindo as camas, servizos e prestacións do hospital Álvaro Cunqueiro e tendo infrautilizadas outras infraestruturas como o hospital Meixoeiro, para seguir mantendo un concerto multimillonario con Povisa. Unha empresa que de forma reincidente practica a chantaxe a Galiza utilizando como reféns a doentes e persoal para aumentar os seus beneficios.

Para rematar con esta situación, instase á Xunta de Galiza a poñer en marcha todas as actuacións precisas para que a totalidade da poboación da Área Sanitaria de Vigo poida ter asistencia hospitalaria na sanidade pública incluíndo o paso do Hospital Povisa ao Sergas, no caso de que a asistencia sanitaria da poboación adscrita e os postos de traballo non estean garantidos. E diante da presentación de precurso de acredores, proceder a realizar unha auditoría das contas e da xestión realizadas por Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas para esclarecer as contas pouco claras, conflitos de intereses, portas xiratorias, a ausencia de delimitación da atención dos pacientes públicos e privados (denunciada polo Consello de Contas); garantir a atención das 139.000 persoas asignadas ao hospital e a estabilidade dos 1.400 traballadores necesarios para a súa atención, sen que supoña acceder á chantaxe da empresa.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 19

Pola supresión da taxa de reposición

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a esixir do Goberno español a eliminación da taxa de reposición como norma de carácter básico, xa que a mesma invade as competencias da Xunta de Galiza. Unha vez anulada a fórmula de cómputo da taxa de reposición, proceder a negociar nas mesas sectoriais plans de emprego para recuperar todas as prazas vacantes do Sistema Público da Xunta de Galiza. A taxa de reposición a incluír nos orzamentos do ano 2019 será do 100% de todas as prazas vacantes desde o inicio da aplicación do 10%.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 20

Restitución dos dereitos no emprego público

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a restituír, durante o presente exercicio as pagas extraordinarias e complementarias que foron suprimidas no período 2012-2016 a traballadoras e traballadores do sector público. Así mesmo, insta á Xunta de Galiza a derrogar a Lei 1/2012 restituíndo os dereitos recortados e a vixencia na súa totalidade do Convenio Único de Persoal Laboral, e os artigos da Lei 2/2015 de emprego público de Galiza que consolidan os citados recortes.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 21

Por un sistema universitario público e de calidade

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a incrementar até os 450 millóns de euros os orzamentos do Sistema Universitario Galego para 2019 e a abrir un proceso de diálogo coas universidades para abordar a renovación do Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego garantindo recursos suficientes que permitan, entre outras cuestións, mellorar as condicións laborais do persoal docente e investigador. Así mesmo, insta a que no proxecto de orzamentos para 2019 se triplique a contía destinada a bolsas de axuda ao estudo, primando os criterios económicos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 22

Pola incorporación de Galiza á CPLP e o desenvolvemento da Lei Paz Andrade

O Parlamento insta á Xunta a adoptar as medidas que sexan necesarias, antes de finalizar a presente lexislatura, para impulsar a solicitude de admisión de Galiza como membro na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa. Así mesmo, insta o Goberno galego a desenvolver de maneira real e efectiva a Lei Paz Andrade para o aproveitamento da lingua e cultura portuguesas convocando prazas docentes de portugués na vindeira Oferta Pública de Emprego dirixida ao ensino e a dotar de orzamento nas contas para 2019 a aplicación desta lei.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 23

Por unha política cultural galega

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a aprobar, co consenso dos axentes culturais e unha dotación orzamentaria concreta e suficiente, a Estratexia da Cultura Galega 2021. Así mesmo, insta o Goberno galego a impulsar unha Lei galega de artes escénicas e introducir, no ámbito audiovisual, as medidas que sexan precisas para que as salas de cinema comercial distribúan unha cota mínima de filmes galegos e en lingua galega.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 24

Polo impulso á I+D+i

O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a dar un impulso orzamentario e de reorganización das áreas de innovación que comecen a reversión da parálise da última década. Para o financiamento destes fins elevarase ao 2,5% sobre o PIB a previsión contemplada no Plan Estratéxico 2015-2020. Así mesmo, levaranse a cabo tres grandes liñas de actuación: a) unha reformulación da GAIN nun novo organismo con maior vinculación co sistema educativo, de forma especial o universitario b) un Plan específico de consolidación da carreira investigadora que aglutine os programas vixentes, capte novas liñas investigadoras e inclúa un programa específico de contratación desde a propia administración galega encamiñado ao retorno e fixación de talento investigador c) establececeranse un sistema de avaliación dos programas financiados con participación externa do sector que contemple mecanismos de penalización das entidades perceptoras de fondos públicos que incumpran os compromisos para os que lle foron destinados recursos e incentivos aos que superen as súas previsións e obxectivos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 25

Na defensa dos intereses agrograndeiros galegos diante da reforma da PAC

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a defender como aspectos máis relevantes da reforma da PAC a recuperación de instrumentos de regulación de mercado eficaces, financiados con cargo ao orzamento comunitario; que as axudas directas se vinculen ao mantemento da actividade agraria, aínda que se desvinculen dunha produción concreta (e sobre todo dos volumes de produción); que o apoio á renda dos produtores estableza unha axuda única para toda a UE por unidade de traballo, introducindo de modo adicional unha modulación en función do tamaño das explotacións e outros criterios (características da zona, apoio a sistemas produtivos menos dependentes de inputs externos,...). Así mesmo, o orzamento para a PAC deberá manterse nos seus niveis actuais en termos reais, e para asignar os recursos FEADER, no caso das rexións que como Galiza manteñen unha posición periférica en termos económicos e unha elevada dependencia relativa da actividade agraria, estas terán unha consideración específica, no caso concreto do leite a posible obrigatoriedade dos contratos por escrito deberá ir acompañada de medidas efectivas que equilibren o poder de negociación entre produtores lácteos e primeiros compradores.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 26

Sector lácteo con futuro para unha Galiza con futuro

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a demandar do Goberno do Estado a adopción urxente de medidas que garantan que as granxas galegas perciban unha remuneración xusta polo leite que cubra os custes de produción. Igualmente a reorientar a súa actitude en relación co sector lácteo coa finalidade de liderar as decisións respecto do sector tanto en Galiza como no Estado para o cal establecerá unha estreita colaboración con todos os implicados a través da constitución dunha Comisión de Seguimento, formada por tódolos operadores da cadea, para analizar a evolución dos acordos adoptados para o sector e realizar propostas ao respecto. Mesmamente, a reorientar a súa actitude en relación co Bantegal dotándoo dun orzamento suficiente que supere a inanición do mesmo e que o converta no instrumento estrela para mudar a tendencia á intensificación das explotacións, dependencia de insumos esóxenos, peche de unidades por escasa ou negativa rendibilidade, e dotar así de base territorial suficiente que abarate custes de produción e dea características de especial calidade aos produtos lácteos galegos reforzando e dando prestixio á súa presenza estatal e internacional.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 27

Plan Integral plurianual de desenvolvemento rural

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a elaborar, orzamentar e poñer en práctica, un Plan Integral Plurianual de Desenvolvemento Rural que active a economía do rural orientándoa a producir, en cantidades cada vez máis significativas, nun proceso progresivo, alimentos de calidade, potenciando o mercado destruído, incentivando o peche dos ciclos produtivos, poñendo terra agraria a disposición dos mozos/as que se queiran incorporar, dinamizando e prestixiando a actividade agrícola e gandeira de produción alimentaria, coa meta non só de frear a caída demográfica, senón mesmamente de investir o proceso fixando poboación nova. Incentivar o cooperativismo e as microempresas que poñan en valor o minifundismo patente superando as súas carencias e dando valor social e económico ás potencialidades dos nosos microclimas, dos nosos solos agrícolas e á sabedoría ancestral dos nosos campesiños dando así servizo e utilidade á sociedade rural, hoxe en forzado declive demográfico e económico con fondas fracturas culturais de relación e estrutura; recuperando así, neste maltreito sector primario, a presenza e o protagonismo perdido a respecto da estrutura social do seu país de referencia: Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 28

Plan de activación económica para impulso do desenvolvemento industrial e o peche de ciclos produtivos no país

O Parlamento de Galiza acorda, por resolución, demandar da Xunta de Galiza que, diante da perda constante de poboación da última década, a incapacidade de fixar poboación en idade laboral, a temporalidade, precarización e terciarización do mercado laboral así como da cronificación da pobreza, poña en marcha un Plan de activación económica. Por medio deste Plan impulsarase o desenvolvemento industrial, apostando tanto por políticas activas para modernizar os nosos sectores produtivos como por captar novos ámbitos, avanzando ao tempo nunha transformación do modelo produtivo actual a un máis intenso en actividades de maior valor engadido e coñecemento, cuxos incentivos e resultados estean ligados á fixación de emprego e o reinvestimento. Así mesmo, serán eixos para a súa aplicación tanto a priorización do peche de ciclos produtivos no país como a aposta pola participación pública naqueles sectores estratéxicos para a economía como forma de impulsar un desenvolvemento autocentrado que aproveite as potencialidades do noso país.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 29

Polo cumprimento dos compromisos co sector naval

O Parlamento de Galiza acorda, por resolución, demandar do Goberno galego o cumprimento dos seus compromisos co naval galego, a comezar polo desenvolvemento da Lei 4/2010 de fomento do sector naval de Galiza, aprobada por unanimidade no Parlamento Galego, mais sistematicamente vulnerada pola Xunta de Galiza; así como fixar nos vindeiros orzamentos unha contía económica específica e suficiente para os compromisos dos centros de centros de reparación de Vigo e Ferrol. Así mesmo, demándase da Xunta de Galiza a posta en marcha das actuacións necesarias para garantir dotación de carga de traballo, con acceso real a todo tipo de construción naval, desenvolvendo un impulso específico das posibilidades que ofrece o Complexo Integral do Naval cos estaleiros de Fene e Ferrol. Así mesmo, a Xunta de Galiza implicarse na resolución do conflito das auxiliares do naval da ría de Ferrol e oporase a calquera tipo de reestruturación de Navantia que implique a redución da capacidade de produción e dos cadros de persoal; e dun xeito específico á amortización de postos de traballo como resultado de posíbeis xubilacións ou baixas incentivadas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 30

Futuro digno para as comarcas carboeiras galegas

O Parlamento galego acorda, por resolución, demandar da Xunta de Galiza o impulso dunha Estratexia Galega para a Transición Enerxética. Ao abeiro desta, a Xunta de Galiza comprometerá unha partida orzamentaria específica nos próximos orzamentos para promover actuacións de reindustrialización e dar un novo impulso ás comarcas carboeiras galegas que axude a paliar as consecuencias da última década de desinvestimentos. Así mesmo, demandará do goberno central o recoñecemento e compensación da débeda histórica adquirida polos incumprimentos de compromisos dos anteriores plans mineiros. A maiores, a Xunta promoverá diante do goberno central a participación da representación legal dos cadros de persoal das Pontes e de Meirama nas negociacións de ámbito estatal así como a participación en pé de igualdade de Galiza tanto no Plan da Minaría 2013-2018 como en todos aqueles programas e axudas de adaptación enerxética.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 31

En defensa da pesca artesanal

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a modificar a política pesqueira que está levando ao progresivo desmantelamento da pesca artesanal galega e proceder a un cambio de modelo que blinde os dereitos deste sector.

Perante a inminente reforma do Regulamento relativo aos Fondos Europeos do Mar e da Pesca, FEMP, dirixirse á Comisión Europea e á Comisión de Pesca do Parlamento Europeo en demanda da inclusión de cuestións prioritarias para o sector en Galiza como son: o mantemento dos fondos existentes; que teña prioridade o aspecto social, ao igual que o económico e o medio ambiental; definición de pesca costeira artesanal baseada non só nos metros, senón no uso de artes de pesca sustentábeis, na distancia a costa, na pesca de produto fresco, na propiedade da embarcación de tipo familiar ou micro empresa, na tradición pesqueira; consideración de diferenza entre acuicultura intensiva de acuicultura extensiva, incluíndo nesta última ao marisqueo a pé e a flote, así como a mitilicultura. Do mesmo xeito, exercendo as competencias en augas interiores recoñecidas no Estatuto de Autonomía, procederá a definir un espazo galego de libre decisión en materia marítima e pesqueira, no que non acatará as decisións da UE e do Estado español de establecer TACs e cotas de pesca nas nosas augas interiores para as artes e embarcacións artesanais.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 32

Polo saneamento integral e a rexeneración das rías galegas

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a presentar, no prazo de tres meses, un Plan para o saneamento, a rexeneración e o desenvolvemento da actividade produtiva tradicional nas rías galegas, fixando as medidas, prazos e recursos económicos necesarios para a recuperación integral das rías galegas no prazo máximo de tres anos. Asemade, o parlamento insta ao Goberno galego a demandar do Estado a derogación da prórroga de ENCE para garantir a recuperación, rexeneración e restauración dos terreos ocupados pola fábrica nas marismas de Lourizán, de acordo co establecido nas DOT e no POL. E a esixir do Goberno do Estado a declaración do final da concesión de ELNOSA e o impulso do desmantelamento e descontaminación dos terreos e posterior recuperación para uso público.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 12:56
Nº Rexistro: 38519
Data envío: 10/10/2018 12:56:50.951

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, atendendo ao acordo da Mesa de 10 de outubro de 2018 sobre a cualificación das propostas de resolución en relación co debate de política xeral de 2018, **reformula** a proposta de resolución indicada no punto A do Acordo (Proposta 33) quedando redactada como segue:

Proposta de resolución nº 33

Na defensa ecolóxica de Galiza e contra a megaminería

O Parlamento de Galiza amósase contrario á implantación de proxectos megamineiros que están a impulsar empresas multinacionais para a explotación dos nosos recursos polas graves consecuencias medioambientais e no tecido socio–produtivo que este tipo de actividades conlevan. Por todo isto, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a non autorizar proxectos megamineiros como o presentado pola empresa San Rafael nos concellos de Touro e O Pino nº 2946, polos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade deste tipo de proxectos coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coa riqueza da produción agraria e a pesqueira e marisqueira da ría de Arousa.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 12:56
Nº Rexistro: 38519



Data envío: 10/10/2018 12:56:50.951

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2018 12:56:25



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 34

Por un sistema avanzado e sustentábel de tratamento dos bioresiduos e dos residuos industriais

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dar cumprimento á normativa europea, estatal e galega sobre biorresiduos e, neste sentido, desenvolver os cambios legais necesarios para establecer, con carácter obrigatorio, a recollida separada dos biorresiduos para destinalos á compostaxe ou á dixestión anaerobia, en particular a fracción vexetal, os biorresiduos de grandes xeradores e os biorresiduos xerados nos fogares. Así mesmo, o Parlamento insta á Xunta a garantir que o tratamento de biorresiduos recollidos separadamente se realice a través de compostaxe doméstica ou comunitaria, ou en instalacións específicas. En consecuencia, deberase proceder á revisión do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galiza e á reformulación do Plan SOGAMA.

Asemade, o Parlamento galego insta ao Goberno galego a modificar a normativa de xestión de residuos industriais para que as instalacións de xestión e tratamento deste tipo de residuos sexan ubicadas en parques industriais específicos e acondicionados para tal actividade.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 35

Polo control por parte de Galiza da AP9

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a crear unha comisión de estudo, coa participación das universidades galegas, para o rescate da concesión da autoestrada AP9 e a xestión pública desde Galiza desta infraestrutura. No entanto, insta ao goberno do Estado a acabar coa estafa das peaxes, co trato de favor á concesionaria así como ao levantamento do veto á transferencia da autoestrada.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 36

Pola modernización do ferrocarril e a creación do servizo galego de cercanías

O Parlamento galego acorda instar ao goberno da Xunta de Galiza a desenvolver unha estratexia de modernización das infraestruturas e de potenciación do transportes por ferrocarril, tanto para persoas como para mercadorías. En consonancia con esta aposta estratéxica, o Goberno galego demandará ao Goberno do Estado: a creación do servizo de tren de cercanías e a súa transferencia a Galiza; a modernización e mellora do transporte de mercadorías por ferrocarril; a modernización e mellora da rede ferroviaria galega: saída sur de Vigo e conexión coa fronteira portuguesa, liña Coruña-Ferrol, liña Ferrol-Ribadeo, conexións de Lugo con Ourense, Coruña e Santiago, liña Ourense-Santiago.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 37

Por unha nova política de vivenda que garanta o acceso da poboación a este ben básico e combata a especulación sobre a venda e o alugueiro

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a demandar do goberno central a aprobación dunha nova lei de vivenda que recolla as seguintes demandas: dación en pagamento retroactiva; Regulación e potenciación do aluguer, co obxecto de conseguir uns prezos accesíbeis e estábeis; Moratoria non desafiuzamentos e cumprimento das recomendacións do Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU para evitar desafiuzamentos sen alternativa a persoas con poucos recursos; Promoción da vivenda social, co obxecto de que as administracións poidan utilizar pisos baleiros da banca para acoller a persoas e familias vulnerábeis; Subministracións Básicas Garantidas, impedindo o corte da luz, auga e gas a familias vulnerábeis.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 38

Unha CRTVG de todas as galegas e galegos

O Parlamento acorda por resolución crear unha ponencia para abordar a reforma da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza e impulsar a elección da Dirección Xeral da CRTVG e o Consello de Administración a través dun concurso público e de méritos. Así mesmo, a Cámara amosa o seu apoio ás demandas do cadro de persoal da Corporación expresadas nos ‘Venres Negros’ e insta a dirección da radio e televisión públicas de Galiza a crear, de maneira inmediata, o Estatuto profesional e o Consello de informativos como instrumentos de participación das/os profesionais e de garantía de independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 39

Contra a involución democrática e a persecución de dereitos e liberdades no Estado español

O Parlamento galego acorda como resolución manifestar a súa preocupación pola involución e a deriva antidemocrática do Estado español, que é a expresión dunha profunda crise institucional, política e democrática que pon en evidencia o fracaso do réxime do 78 e da súa Constitución. Neste sentido, o Parlamento galego manifesta o seu rexeitamento e condena da corrupción xeneralizada, da falta de independencia e o talante reaccionario e machista do estamento xudicial, da utilización da Fiscalía como terminal do goberno, da utilización da Lei Mordaza e do Código Penal para perseguir a discrepancia política e as liberdades e dereitos fundamentais, do encarceramento preventivo de cargos públicos por defender pacificamente as súas ideas, e da negación de dereitos colectivos esenciais como o dereito de autodeterminación dos pobos. O Parlamento galego acorda como resolución denunciar a persistencia no Estado español dunha institución herdeira do franquismo, arcaica, machista, corrupta, antidemocrática e negadora da realidade plurinacional do Estado como a monarquía, e a existencia dun estado de excepción democrático que se substantia na inviolabilidade da figura do monarca reclamando que se investigue a orixe do patrimonio da Casa Real e as denuncias formuladas sobre actuacións ilícitas do Rei Emérito.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 40

Sobre a celebración do centenario da Declaración Nazonalista de Lugo (1918)

O Parlamento galego acorda como resolución instar a todas as institucións galegas a desenvolver unha programación especial arredor da celebración, o 18 de novembro, do Centenario do Manifesto Nazonalista de Lugo (1918) en canto acto fundacional do proceso/proxecto histórico, o nacionalismo galego, de afirmación da identidade nacional de Galiza e de defensa dos seus intereses; un proceso cheo de xenerosidade e de amor á patria no que participaron milleiros de persoas e que deu como resultado grandes avances en materia social, cultural, económica, institucional e política. Asemade, o Parlamento galego acorda celebrar un acto institucional e facer unha declaración pública arredor do significado desta efeméride.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:27
Nº Rexistro: 38512
Data envío: 10/10/2018 10:27:31.362

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2018 10:26:47


María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2018 10:26:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2018 10:26:58

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2018 10:26:59

Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2018 10:27:01

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2018 10:27:09



A Mesa da Cámara, na súa reunión do 11 de outubro de 2018, tendo en conta o disposto no artigo 141*bis* do RPG e os criterios de cualificación establecidos pola a Mesa da Cámara do 18 de setembro de 2018 logo da audiencia da Xunta de Portavoces en virtude dos cales os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta, adoptou o acordo seguinte:

1.º) Tomar coñecemento das propostas de transacción e das peticións de votación separada seguintes:

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 10 de outubro de 2018, examinou as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2018.

Tendo en conta o disposto no artigo 141*bis* do Regulamento da Cámara e os criterios de cualificación establecidos pola a Mesa da Cámara o 18 de setembro de 2018, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, en virtude dos cales os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución, referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta, e logo de rematado o prazo concedido ao Grupo Parlamentario de En Marea para reformular as propostas de resolución números 2 e 39 e ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para reformular a proposta de resolución número 33, co obxecto de axeitalas ao disposto nos citados precepto regulamentario e criterios, estes grupos parlamentarios presentaron reformuladas as ditas propostas de resolución.

A) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 38512): 40 propostas de resolución presentadas

Admítense a trámite as 40 propostas de resolución, unha vez reformulada a proposta de resolución número 33 (doc. núm. 38519).

B) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 38504): 40 propostas de resolución presentadas

Admítense a trámite as 40 propostas de resolución.

C) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario de En Marea (doc. núm. 38505): 40 propostas de resolución presentadas

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. de En Marea
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL SAIDA 11 OUT. 2018 Núm. 11737
--

a) Admítense a trámite as propostas de resolución 1 a 38 e 40, unha vez reformulada a proposta de resolución número 2 (doc. núm. 38518).

b) En relación coa número 39, concedéuselle ao grupo parlamentario un prazo que rematou ás 12.45 horas para que procedese á reformulación da proposta dado que a súa parte resolutiva está enunciada en termos xerais, polo que non semella acorde co seu título: “Explosión material pirotécnico Paramos-Tui”, que ten carácter local.

No escrito de reformulación (doc. núm. 38518), presentou a redacción seguinte:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a indemnizar ás persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico en Paramos-Tui, que perderon as súas vivendas, habituais ou segunda residencia, polo importe íntegro do valor da súa reconstrución e incluír as deducións fiscais autonómicas comprometidas do proxecto de Lei de orzamentos xerais da Xunta de Galicia para 2019.

Resulta evidente que se trata dunha proposta de índole local ao afectar a unha localización xeográfica concreta: Paramos-Tui, motivo polo que non se adecúa ao disposto no art. 141bis.4 do RPG e aos criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 18 de setembro de 2018 logo da audiencia da Xunta de Portavoces, no sentido de que as propostas de resolución deben referirse ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta, criterios que lles foron comunicados a todos os grupos parlamentarios para o seu coñecemento o 20 de setembro de 2018 (doc. núm. 11102).

Xa que logo, a Mesa acorda:

Non admitir a trámite a proposta orixinaria número 39 nin a súa reformulación, polo motivo regulamentario antes indicado.


c) Fanse de oficio as correccións técnicas que se indican a continuación na proposta de resolución número 15:

Onde di: “...acorda dirixirse ao Parlamento Europeo” e “...insta ao Goberno do Estado...”, debe dicir: “...acorda dirixirse á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Parlamento Europeo...” e “... insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado...”, respectivamente.

D) **Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia (doc. núm. 38511): 40 propostas de resolución presentadas**

a) Admítense a trámite as 40 propostas de resolución.

b) Fanse de oficio as correccións técnicas que se indican a continuación nas propostas de resolución seguintes:



-Proposta de resolución núm. 15: onde di: "...elaboración dunha nova Lei..." debe dicir: "...dun proxecto de Lei..."

-Proposta de resolución núm. 30: onde di: "...elaboración dunha Lei..." debe dicir: "...dun proxecto de Lei..."

II. ACORDO SOBRE AS PROPOSTAS DE TRANSACCIÓN E PETICIÓNS DE VOTACIÓN SEPARADA DE PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 11 de outubro de 2018, logo de examinadas as propostas de transacción e as peticións de votación separada de propostas de resolución, tendo en conta os citados criterios, adoptou o seguinte acordo:


1.º) Tomar coñecemento das propostas de transacción e das peticións de votación separada seguintes:

a) Propostas de resolución transaccionadas:

1. 38537 (corrección de erros 38567).- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. do Bloque Nacionalista Galego e o G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a Proposta de resolución nº 34 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
2. 38538.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. do Bloque Nacionalista Galego e o G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a Proposta de resolución nº 37 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
3. 38540.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de resolución nº 25 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
4. 38541.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. Popular de Galicia sobre a Proposta de resolución nº 26 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
5. 38542.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. Popular de Galicia sobre a Proposta de resolución nº 27 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
6. 38543.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. Popular de Galicia sobre a Proposta de resolución nº 36 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

11 OUT. 2018

7. 38544.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. Popular de Galicia sobre a Proposta de resolución nº 40 do G.P. dos Socialistas de Galicia. N.º 11737
8. 38545.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. Popular de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 29 do G.P. de En Marea.
9. 38546.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. Popular de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 32 do G.P. de En Marea.
10. 38547.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 6 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
11. 38548.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 8 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
12. 38549.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 14 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
13. 38550.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 23 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
14. 38551.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 38 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
15. 38552.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 39 do G.P. dos Socialistas de Galicia, coa incorporación da corrección técnica consistente en iniciar o texto resolutivo nestes termos: "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a: ..."
16. 38553.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 1 do G.P. de En Marea.
17. 38554.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 26 do G.P. de En Marea.



18. 38555.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 34 do G.P. de En Marea.

19. 38556.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e G.P. de En Marea sobre a Proposta de resolución nº 36 do G.P. de En Marea, coa corrección técnica consistente en suprimir a frase que antecede ao “Parlamento de Galicia insta...”

20. 38557.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. Popular de Galicia e do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a Proposta de resolución nº 4 do G.P. Popular de Galicia e nº 36 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

21. 38558.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. Popular de Galicia e do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a Proposta de resolución nº 5 do G.P. Popular de Galicia.

22. 38559.- Proposta de resolución resultante da transacción entre o G.P. Popular de Galicia e do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a Proposta de resolución nº 6 do G.P. Popular de Galicia.

23. 38565 (rexistrada as 9:30 hs. do 11 de outubro de 2018). No escrito co número de rexistro 38565 os portavoces dos grupos parlamentarios Popular de Galicia e dos Socialistas de Galicia advirten un erro no documento 38560 e se solicita que se substitúa por unha proposta de resolución resultante da transacción entre os citados grupos verbo da proposta número 20 do G.P. Popular de Galicia. Porén, a Mesa, logo de analizado o seu contido e contrastado co contido da formulada no documento 38560, considera que non é unha corrección de erros senón unha nova proposta presentada fóra do prazo establecido nos criterios de ordenación aprobados pola Mesa, oída a Xunta de Portavoces, do 18 de setembro de 2018.

Logo da petición de reconsideración formulada polos citados grupos parlamentarios e reunida a Xunta de Portavoces o 11 de outubro de 2018, a Mesa admite a reconsideración e, consecuentemente, admite a trámite o documento 38565.

c) Solicitudes de agrupación-votación separada das propostas de resolución:

c.1) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego:

1. Proposta de resolución núm.: 8
2. Propostas de resolución núm.: 2 e 4
3. Propostas de resolución núm.: 22 e 25
4. Propostas de resolución núm.: 1, 5, 13 e 39
5. Propostas de resolución núm.: 6, 7, 9, 12, 18, 19, 30, 31, 32, 33, 35, 38 e 40.
6. Propostas de resolución núm.: 3, 10, 11, 14, 15, 16, 17, 20, 21, 23, 24, 26, 27, 28, 29 e 36.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL SAÍDA 11 OUT. 2018 Núm. <u>11737</u>
--

c.2) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia:

1. Proposta de resolución núm.: 16
2. Proposta de resolución núm.: 34
3. Propostas de resolución núm.: 3, 7 e 29
4. Propostas de resolución núm.: 1, 2, 4, 5, 9, 10, 11, 12, 13, 15, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 24, 28, 30, 31, 32, 33, 35 e 37.

c.3) Grupo Parlamentario de En Marea:

1. Proposta de resolución núm.: 2
2. Proposta de resolución núm.: 4
3. Proposta de resolución núm.: 40
4. Propostas de resolución núm.: 5 e 35
5. Propostas de resolución núm.: 19, 25 e 38
6. Propostas de resolución núm.: 3, 9, 10, 11, 33 e 37
7. Propostas de resolución núm.: 6, 7, 8, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 20, 21, 22, 23, 24, 27, 28, 30 e 31.

c.4) Grupo Parlamentario Popular de Galicia:

1. Proposta de resolución núm.: 7
2. Proposta de resolución núm.: 28
3. Proposta de resolución núm.: 34
4. Proposta de resolución núm.: 37
5. Propostas de resolución núm.: 3, 8, 27 e 33
6. Propostas de resolución núm.: 13, 14, 16 e 38
7. Propostas de resolución núm.: 1, 9, 10, 15, 17, 18, 21, 30 e 40
8. Propostas de resolución núm.: 2, 11, 12, 19, 22, 23, 24, 25, 26, 29, 31, 32, 35, 36 e 39.

2.º) As propostas de transacción implican o decaemento das propostas de resolución sobre as que se transacciona polo que estas non se someterán a votación.

3.º) Someterase a votación a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.

O que se comunica para o coñecemento dos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 11/10/2018 10:58:42

Proposta de transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista de Galicia e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da Proposta de resolución número 34 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a revisar o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia e a replantexar o sistema de xestión de SOGAMA, dando así cumprimento á normativa europea, estatal e galega sobre biorresiduos e, neste senso, desenvolver os cambios legais necesarios para establecer a recollida separada dos biorresiduos para destinalos á compostaxe ou á dixestión anaerobia, en particular a fracción vexetal, os biorresiduos de grandes xeradores e os biorresiduos xerados nos fogares, coa garantía de que o tratamento dos biorresiduos recollidos separadamente se realice a través de compostaxe doméstica, comunitaria ou en instalacións específicas. Así mesmo, a elaborar e aprobar, antes do remate do seguinte período de sesións, unha nova normativa relativa á xestión de Residuos Industriais de Galicia en canto a proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos e/ou en solos preto de zonas residenciais, de maneira que estas instalacións se localicen en polígonos industriais e sempre a unha distancia inferior a 5.000 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 2.000 metros da vivenda máis próxima.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:19:35

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2018 21:23:03

Proposta de transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista de Galicia e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da Proposta de resolución número 37 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a demandar do goberno central a aprobación dunha nova lei de vivenda que recolla as seguintes demandas: dación en pagamento opcional para o desafiuzado; Regulación e potenciación do aluguer, co obxecto de conseguir uns prezos accesíbeis e estábeis; Moratoria non desafiuzamentos e cumprimento das recomendacións do Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU para evitar desafiuzamentos sen alternativa a persoas con poucos recursos; Promoción da vivenda social incluíndo, entre outras medidas, a negociación da administración coa banca para a disposición de pisos baleiros da súa propiedade para acoller a persoas e familias vulnerábeis; Subministracións Básicas Garantidas, impedindo o corte da luz, auga e gas a familias vulnerábeis.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:20:10

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2018 21:23:15

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 25 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar medidas de protección sobre o medio ambiente, levando a cabo as seguintes actuacións:

1. Aprobar antes de que remate o seguinte período de sesións os plans de xestión dos parques naturais e parque nacional e rematar antes de que finalice a lexislatura os plans de xestión para todos os hábitats da Rede Natura 2000
2. Incluír dentro da loita contra o cambio climático criterios ambientais nos procedementos de contratación pública da Xunta de Galicia.
3. Continuar realizando campañas de sensibilización sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do consumo de macro a microplásticos e das medidas tendentes cara a súa redución.
4. Impulsar as modificacións normativas pertinentes aos efectos de poder establecer unha distancia mínima das vivendas e dos núcleos de poboación á que se poidan instalar, en solo rústico, as plantas de tratamento de residuos”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 21:46:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:51:20

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 26 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, no ámbito da xustiza e exercendo as súas competencias:

- 1) Tomar medidas para que as novas oficinas Xudicial e Fiscal estean implantadas nos xulgados das 7 grandes cidades galegas e en todos os órganos cabeceira de partido xudicial.
- 2) Garantir a funcionalidade da sede xudicial electrónica a través de plataformas dixitais actualizadas e eficaces.
- 3) Acelerar a execución do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015.
- 4) Cumprir o Decreto 124/2014, do 11 de setembro, respecto do número de oficinas e da ratio ideal por fiscalía.
- 5) Impulsar os cambios normativos necesarios para permitir o desenvolvemento dos procedementos ante as Forzas e Corpos de Seguridade e dos procesos xudiciais en lingua galega, conforme recomenda o IV Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 21:46:29



Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:51:30

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 27 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a impulsar e abrir novos obxectivos na súa política de vivenda comprometéndose a:

- 1) Ampliar progresivamente o peso do parque de vivenda pública, mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas, singularmente naqueles concellos cunha maior demanda non atendida, co obxecto de duplicar o parque de vivenda actual a cinco anos vista, e apostando preferentemente polo réxime de aluguer.
- 2) Crear programas específicos dirixidos a colectivos singulares, en particular colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, desafiuzamentos, persoas maiores e mozos e mozas que pretendan acceder á vivenda en aluguer, con especial atención ás provenientes de rehabilitacións en cascos históricos, con axudas de ata un 40% en función dos ingresos anuais e o carácter da área na que se sitúe a vivenda”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 21:46:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:51:53

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 36 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar e incidir, dentro das medidas contempladas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, aquelas que permitan:

- Mellorar a accesibilidade aos servizos, coa consolidación dunha rede integral de CIM en todo o territorio, atención especializada ás vítimas e plans específicos que favorezan a prevención da violencia no rural galego, cun estudio previo da realidade específica desta poboación.
- Poñer en práctica as medidas número 3 e 183 do Pacto, no que se menciona a posta en marcha de medidas dentro do ámbito educativo para a prevención, e detección das violencias sexuais, incidindo na educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos.
- Atallar a revitimización e falta de credibilidade social das vítimas mediante a posta en marcha de campañas que focalicen o rexeitamento ó maltratador e á necesaria formación e desexada especialización de todas as persoas implicadas na atención ás vítimas de violencia.

Aprobar medidas no ámbito xudicial e de Igualdade, tales como facer accesible a información as mulleres vítimas de violencia sobre o itinerario e procedemento mais seguros no seu recorrido xudicial; habilitar espazos independentes para evitar o cruce entre vítimas e agresores na medida en que a estrutura do edificio o posibilita; facilitar unha maior formación específica e periódica aos traballadores dependentes da Xunta de Galicia; así como a demandar ao Goberno do Estado a comarcalización dos servizos do Imelga (especialmente as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial, de xeito consensuado coa Comisión Mixta que existe co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”.



Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 21:46:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:52:08

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 40 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a opoñerse a calquera proceso de recentralización de funcións ou competencias daquelas Comunidades Autónomas que exercen o autogoberno de acordo ao principio de lealdade constitucional á Administración xeral do Estado, ao mesmo tempo que leve a cabo todas as actuacións políticas posibles, para acadar o máximo nas cotas de autogoberno para Galicia en concordancia co establecido na Constitución española”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 21:46:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:52:32

Resolución Resultante da transacción elaborada polo Grupo PPdG a Resolución nº 29 do Grupo Parlamentar de En Marea.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Proceder á convocatoria dunha mesa de traballo coas Deputacións, FEGAMP, Concellos e entidades de Protección Animal para facer un seguimento da aplicación da Lei e propoñer medidas que a fagan realmente efectiva.
- Desenvolver campañas activas de comunicación e información, ou o apoio ás que poderían desenvolver as asociacións e protectoras, para promover a adopción e bo trato aos animais. Implicando de maneira efectiva aos medios públicos de Galicia.
- Poñer en marcha de inmediato un estudo sobre as infraestruturas de protección animal existentes en Galicia e a súa situación de mantemento e saturación.
- Adquirir o compromiso real e efectivo de que cumprírase o precepto de sacrificio cero que marca a Lei dentro dos prazos previstos”.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 21:48:30

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 21:52:46

**Resolución Resultante da transacción elaborada polo Grupo PPdG a
Resolución nº 32 do Grupo Parlamentar de En Marea.**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á elaboración dun Mapa de Solos oficial que clasifique os solos en función da súa aptitude e que inclúa un Catálogo de Solos de Alta Produtividade Agropecuaria en todo o territorio, antes do ano 2020, na liña das recomendacións do Ditame da Comisión parlamentaria creada a raíz dos incendios forestais do mes de outubro do 2017”.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 21:48:38

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 21:53:02

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. En Marea verbo da Proposta de Resolución número 6 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

-Crear unha comisión independente de carácter técnico, especializado e pluridisciplinar onde estean presentes, polo menos, representantes das tres universidades galegas, da Real Academia Galega, do Consello da Cultura Galega e do Instituto da Lingua Galega, co fin de poñer en marcha as accións seguintes:

1) Realizar un estudo exhaustivo das consecuencias da aplicación do Decreto 79/2010 e a súa relación coa diminución do uso do galego nas idades máis temperás.

2) Elaborar e presentar en sede parlamentaria, un informe sobre o grado de cumprimento do Plan xeral de normalización lingüística, detallando por sectores a situación real da lingua galega no seu uso como lingua oficial, co fin de adoptar as medidas necesarias para reaccionar fronte á situación de involución e deterioro que está a vivir.

- Derrogar o Decreto 79/2010 e abrir un periodo de debate con todas as forzas políticas, movementos sociais e institucións relacionadas coa lingua galega para aprobar un novo decreto que devolva o consenso en torno á lingua galega”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 21:46:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:56:09

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. En Marea verbo da Proposta de Resolución número 8 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un conxunto de medidas que acrecenten a política de recursos humanos da Consellería de Sanidade, co obxectivo de mellorar a calidade asistencial e as condicións laborais dos e das profesionais do sistema público de saúde, e reducir as listas de espera. A tal efecto, desenvolveranse de maneira específica as seguintes medidas:

1) Solicitar ás xerencias das EOXI (Estrutura Organizativa de Xestión Integrada) un informe específico da situación de recursos humanos especificado por cada servizo, que contemple a situación laboral do persoal, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, e inclúa unha valoración da necesidade ou non da incorporación de novos profesionais ao sistema. Dito informe especificará por separado as necesidades en material de persoal dos Puntos de Atención Continuada, así coma as dos centros de saúde de Atención Primaria de cada área.

2) Atender ás recomendacións sinaladas no informe apuntado no punto anterior, e elaborar un plan de contratación que subsane as eivas detectadas no menor tempo posible.

3) Formular, durante o primeiro semestre de 2019, un plan estratéxico de estabilidade e contratación no Sergas cos obxectivos de acadar en 2022 a) o 5 % de eventualidade, e b) un volume próximo ás 5.000 novas prazas estatutarias sobre as existentes na actualidade e para tal fin:

a) Elaborarase un informe do volume preciso de eventualidade no sistema actual, distribuído por EOXI.

b) Diseñará as medidas e liñas básicas de accións para achegarse ao obxectivo marcado.

c) Planificará as convocatorias públicas de emprego para os vindeiros tres anos.

d) Acordará cos representantes dos traballadores un pacto de contratación que incorpore de maneira estable o cadro de persoal estatutario a todos/as aqueles/as profesionais que teñan encadeado contratos eventuais de maneira regular no Sergas por un volume igual ou superior aos 300 días durante dous anos.

4) Axilizar o proceso de negociación cos representantes das persoas traballadoras sobre as condicións laborais dos/as profesionais dos PAC, co fin de chegar a un acordo á maior brevidade posible.

5) Acordar co Goberno de España a facilitar e axilizar os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios e facultade de medicina da USC para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 21:49:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:57:03

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. En Marea verbo da Proposta de Resolución número 14 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as seguintes actuacións para a mellora do sistema educativo:

- 1) Abrir un proceso de participación democrática e debate no que se inclúan todos os sectores e axentes participantes no sistema educativo, tal que estimule consensos e acordos e facilite vías diversas e plurais de participación do conxunto da sociedade galega e, en especial, dos sectores da comunidade educativa, axentes sociais e expertos máis implicados coa educación, coa finalidade de dispoñer dunha lei galega de educación.
- 2) Revisar e adecuar ás necesidades reais o mapa escolar de Galicia.
- 3) Revisar o modelo de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente e cos parámetros de calidade axeitados, implantando un modelo sostible e coa participación necesaria da Administración local, e primando a modalidade de xestión directa.
- 4) Desenvolver un plan de actuación de mantemento e adecuación dos edificios escolares que, tendo en conta a antigüidade e o uso, estableza un calendario de actuacións axeitado.
- 5) Aproveitar con maior eficiencia o servizo de transporte escolar, e facelo accesible ao alumnado do rural que desexe cursar ensino post obrigatorio e non dispoña dun servizo regular de transporte”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 21:47:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:58:06

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. En Marea verbo da Proposta de Resolución número 23 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar o investimento en materia de cooperación internacional durante o ano 2019 de tal maneira que este supoña o 0,2 % do orzamento da Xunta de Galicia; así como a elaborar un informe trimestral a respecto da implementación do Plan de acollida para persoas refuxiadas da nosa comunidade, que será presentado no Parlamento de Galicia e publicado na páxina web da Xunta de Galicia”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 21:47:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:58:40

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. En Marea verbo da Proposta de Resolución número 38 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas de cara a acadar máis emprego, e máis seguro e estable, na nosa comunidade:

1) Potenciar a posta en marcha da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral co fin de diminuír o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais; así como a incrementar o orzamento dedicado a tal fin, como mínimo ata os niveis de 2011.

2) Impulsar o Diálogo Social, tal que, no prazo máximo de seis meses, se establezan medidas cara á mellora das condicións de traballo no sector público e o aumento da estabilidade laboral, tanto directamente como a través da inclusión de cláusulas sociais na contratación publica.

3) Establecer unha estratexia de loita contra o desemprego que dea prioridade ás persoas paradas de longa duración e ao desemprego xuvenil, que debe contar, cando menos, coas seguintes premisas:

a) Impulsar a transformación de contratos temporais en contratos indefinidos. c) Dirixir a formación a aquelas actividades claves no modelo produtivo.

d) Impulsar, coa participación dos interlocutores sociais e en colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, un Plan de control contra os abusos laborais en Galicia.

e) Vincular os incentivos a unha taxa de estabilidade e ó seu mantemento, fomentando determinadas modalidades de contratación.

f) Fortalecer o Servicio Público de Emprego establecendo medidas de planificación para a mellora da empregabilidade e potenciando a intermediación.

g) Incrementar o número de sedes territoriais dos servizos de mediación, arbitraje e conciliación no eido laboral, elevando o número total ata once.

h) Implantar e ampliar os pactos territoriais de emprego, que actúan nos mercados locais potenciando o emprego en rehabilitación de espazos urbanos, de vivenda e mellora e mantemento de infraestruturas, acordando estes programas cos gobernos locais”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 21:48:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:59:04

Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. En Marea verbo da Proposta de Resolución número 39 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a recuperación da centralidade do Pacto de Toledo e o diálogo cos interlocutores sociais, rematando coas medidas restritivas postas en vigor nos últimos anos desde o Goberno estatal, e promovendo que o aumento das pensións se realice en función da variación do IPC e que sexa regulada por unha Lei”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 21:48:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:59:34

Resolución Resultante da transacción elaborada polo Grupo dos Socialistas de Galicia a Resolución nº 1 do Grupo Parlamentar de En Marea.

O Parlamento galego asume a defensa do sistema público de pensións e os intereses das persoas pensionistas deste País e, polo tanto, insta á Xunta a trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de:

1. Derrogar a Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social.
2. Adoptar as medidas precisas para acadar un acordo social e político sobre un índice de revalorización das pensións tal que garanta o poder adquisitivo para o futuro e introducindo mecanismos de mellora dos ingresos do sistema, blindando as pensións como unha prestación social fundamental.
3. Defender a devolución das sancións a emigrantes retornadas e a homologación das súas pensións de incapacidade.
4. Personarse perante o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos para denunciar a discriminación por razón de nacionalidade que levou a cabo o Goberno de Noruega en materia de pensións cos mariñeiros do colectivo Long Hope.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:44:19

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 21:59:47

Resolución Resultante da transacción elaborada polo Grupo dos Socialistas de Galicia a Resolución nº 26 do Grupo Parlamentar de En Marea.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, convocando para iso ás organizacións LGTBI galegas e ás demais administracións, promovendo unha normativa legal de identidade de xénero para Galicia, concibida sobre o principio de respecto á súa libre manifestación. Defendendo ademais a atención sanitaria de proximidade para as persoas trans, así como impulsar protocolos sanitarios de atención ós pacientes trans, que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo, facilitándose tamén o acceso a procedementos de recoñecemento legal de cambio de xénero rápidos, accesibles e transparentes.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:44:47

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 22:00:26

Resolución Resultante da transacción elaborada polo Grupo dos Socialistas de Galicia a Resolución nº 34 do Grupo Parlamentar de En Marea.

Incrementar sustancialmente o parque público de vivenda en aluguer, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de promoción pública en alugueiro, incluíndo a rehabilitación das vivendas do IGVS que se atopen en mal estado e o desenvolvemento das posibilidades de incorporar ao patrimonio público de edificios e vivendas xa construídas de titularidade privada.

Establecer un sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública máis áxil e xusto, axustando a criterios obxectivos de necesidade e modificando con eses obxectivos os Decretos 253/2007 de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o decreto 1/2010, polo que se regula o Rexistro único de demandantes de vivenda de Galiza.

Demande do Goberno do Estado a negociación cesión das vivendas propiedade da SAREB en Galiza , nas zonas onde sexan necesarias para atender as necesidades de vivenda, para que se incorporen a dito Parque público de aluguer, que será xestionado polo IGVS e, no seu caso, polos concellos respectivos mediante o oportuno convenio.

Incrementar os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda e a mellorar os niveis de execución orzamentarios das partidas correspondentes á función de Vivenda.

Fomentar o programas de Vivendas Baleiras a un maior número de concellos, **mellorando á vez as medidas de incentivo ós propietarios para a posta a disposición das súas vivendas.** Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.

Esixa ao Goberno español a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o art. 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada,co fin de permitir a imposición efectiva de recargos no IBI ou

tasas transitorias sobre as vivendas desocupadas das entidades financeiras e froito dos desafiuzamento así como dos grandes propietarios, naqueles concellos que así o acorden

Demande do Goberno español a iniciativa lexislativa para a modificación da Lei de Arrendamentos Urbanos que mellore a estabilidade dos contratos, limite o incremento dos prezos entre contrato e contrato, e limite as fianzas.

Desenvolva dun novo programa para prevención dos desafiuzamentos que sexa eficaz, que incremente a coordinación e conexión co sector do traballo social e, en última instancia que garanta o realoxo.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:45:12

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 22:00:52

Resolución Resultante da transacción elaborada polo Grupo dos Socialistas de Galicia a Resolución nº 36 do Grupo Parlamentar de En Marea.

Polo tanto para dar resposta a esta situación inaceptable o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno Central, que no marco da súa reforma do mercado eléctrico, considere retirar a produción hidráulica, nuclear e eólica do Pool de poxas diarias que determinan o prezo da enerxía e obrigarlle a que sexan ofertadas mediante contratos a longo prazo con prezos estables. Crearase unha sociedade xestora deste mercado con control público. Rebaixe o IVE dos consumos eléctricos imprescindibles para manter un fogar en condicións de habitabilidade ao 4%.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 21:45:37

Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 22:01:15

Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia verbo das Propostas de Resolución número 4 do G.P. Popular de Galicia e 36 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia, en base ao acordo da sesión do 24 de xaneiro de 2017, polo que se demandaba promover un Pacto galego contra a violencia de xénero, no marco da Comisión non permanente para a igualdade, insta a finalizar os seus traballos antes de que finalice o vixente período de sesións.

Ademais o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar e incidir, dentro das medidas contempladas no pacto de Estado contra a violencia de xénero, aquelas que permitan:

- 1.- Mellorar a accesibilidade aos servizos, coa consolidación dunha rede integral de CIM en todo o territorio, atención especializada ás vítimas e plans específicos que favorezan a prevención da violencia no rural galego, cun estudio previo da realidade específica desta poboación.
- 2.- Poñer en práctica as medidas número 3 e 183 do Pacto, no que se menciona a posta en marcha de medidas dentro do ámbito educativo para a prevención, e detección das violencias sexuais, incidindo na educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos.
- 3.- Atallar a revitimización e falta de credibilidade social das vítimas mediante a posta en marcha de campañas que focalicen o rexeitamento ó maltratador e á necesaria formación e desexada especialización de todas as persoas implicadas na atención ás vítimas de violencia.
- 4.- Aprobar medidas no ámbito xudicial e de Igualdade, tales como reforzar as Oficinas de Atención a Vítima nos xulgados e a provisión de asistencia xurídica así como habilitando unha “quenda de oficio” de atención psicolóxica, facer accesible a información as mulleres vítimas de violencia sobre o itinerario e procedemento mais seguros no seu recorrido xudicial; habilitar espazos independentes para evitar o cruce entre vítimas e agresores na medida en que a estrutura do edificio o posibilite.

5.- Impulsar o cumprimento das medidas contempladas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero tales como facilitar unha maior formación específica e periódica aos traballadores dependentes da Xunta de Galicia.

6.- Implementar novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero e protexa en xeral os menores da violencia machista.

7.- Demandar ao Goberno do Estado a comarcalización dos servizos do Imelga (especialmente as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial, de xeito consensuado coa Comisión Mixta que existe co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 22:01:33

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 22:03:52

Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 5 do G.P. Popular de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do goberno de España a convocatoria dunha Conferencia de Presidentes, tendo en conta o calendario electoral, en cumprimento do compromiso acadado na VI Conferencia de presidentes celebrada o 17 de xaneiro de 2017 de celebrar anualmente a conferencia e a solicitar que nela se retomen as negociacións encamiñadas a deseñar un novo modelo de financiamento autonómico e local a partir do informe técnico xa realizado polos expertos designados polas distintas administracións autonómicas así como a defender nesas negociacións a postura fixada polos acordos acadados neste Parlamento no pasado ano”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 22:01:48

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 22:04:00

Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 6 do G.P. Popular de Galicia.

“O Parlamento de Galicia reafirma a súa defensa do modelo de Estado social, democrático e de Dereito recoñecido pola Constitución Española de 1978, así como do modelo territorial descentralizado desenvolvido a través dela e, nese sentido, insta á Xunta de Galicia a defender que as eventuais reformas que se poidan efectuar na organización do poder entre niveis de goberno en España fagan énfase nos aspectos cooperativos mediante o impulso e adaptación á realidade española das institucións propias dos sistemas políticos descentralizados, particularmente un Senado que potencie o seu papel de Cámara de representación territorial. Nese sentido insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Senado para solicitarlle a inmediata reactivación dos traballos da ponencia constituída no seu seo para abordar a súa reforma e a conclusión dos seus traballos e ao Congreso para impulsar e rematar os traballos da Comisión para a Avaliación e a Modernización do Estado Autonómico”.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2018 22:01:54

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2018 22:04:07

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través dos seus Portavoces, advertido erro no documento con número de rexistro 38560, solicitan se substitúa o texto que figura en dito documento polo que segue a continuación:

“Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 20 do G.P. Popular de Galicia.

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a, no marco da segunda fase do Plan de Transporte Público de Galicia, priorizar a atención ao noso rural garantindo en todo caso a atención ás zonas máis dispersas en colaboración con concellos e diputacións con medidas como a implantación dunha área de transporte única que permita estender a toda Galicia os beneficios da Tarxeta TMG e da Tarxeta Xente Nova ou a oferta de servizos axeitados a cada zona evitando que circulen autobuses baleiros ao tempo que se atenda o maior territorio posible aproveitando os beneficios que ofrecen modalidades como os transportes a demanda e de uso compartido garantindo, no caso de transporte a demanda, un funcionamento dos distintos sistemas de demanda acaído ao perfil e necesidades dos usuarios”.”

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/10/2018 09:21:02

Pedro Puy Fraga na data 11/10/2018 09:22:33